ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Håkan Olof
Casares Berg

Tese de doutoramento

# Catro ensaios de economía da lingua e da cultura

Santiago de Compostela, 2021

**Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

# CATRO ENSAIOS DE ECONOMÍA DA LINGUA E DA CULTURA

Håkan Olof Casares Berg

**ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN DESENVOLVEMENTO REXIONAL E INTEGRACIÓN ECONÓMICA**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2021

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE**

D./Dna. **Håkan Olof Casares Berg**

Título da tese: **Catro ensaios de economía da lingua e da cultura**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Santiago de Compostela**, **17 de Novembro de 2021**.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE**

D./Dna. **Alberto Meijide Vecino**

En condición de: **Director/a**

Título da tese: **Catro ensaios de economía da lingua e da cultura**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Håkan Olof Casares Berg, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **31 de Maio de 2022**

**Sinatura electrónica**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE**

D./Dna. **Melchor Fernández Fernández**

En condición de: **Titor/a**

Título da tese: **Catro ensaios de economía da lingua e da cultura**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Håkan Olof Casares Berg, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **31 de Maio de 2022**

**Sinatura electrónica**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# AGRADECEMENTOS

Ao director D. Alberte Meixide Vecino pola confianza, a axuda, os consellos e as ensinanzas que me ofreceu antes e durante o proceso que deu como resultado esta tese.

A Dª. Diana Fernández Méndez, por todo o seu tempo, o asesoramento e a capacidade para explicarme con sinxeleza fenómenos complexos.

Ao Consello da Cultura Galega e aos seus directivos pola confianza depositada. Ás miñas compañeiras do Observatorio da Cultura Galega, Dª Purificación Carballo Pérez e Dª. Maricha Díaz-Fierros Tabernero polo súa colaboración e lealdade.

A D. Jorge Eiras Barca por axudarme a sistematizar a información. Ao director da miña primeira tese doutoral, D. Anxo Lorenzo Suárez, por guiarme no proceso de converterme nun investigador e a D. Henrique Monteagudo Romero por iniciarme no estudo da lingua e da cultura e polo seu xeneroso apoio á miña carreira profesional.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CONTIDOS

AGRADECEMENTOS ..... 1
CONTIDOS ..... 3
RESUMO, OBXECTIVOS E INTRODUCIÓN GLOBAL DA TESE ..... 5
1 EVOLUCIÓN DO SISTEMA PRODUTIVO DA CULTURA EN GALICIA ..... 9
1.1 Introdución ..... 9
1.2 A cultura galega no sistema de contas ..... 17
1.3 Consumo de produtos e servizos culturais dos fogares galegos ..... 24
1.4 Empresas culturais ..... 26
1.5 Gasto público en cultura ..... 29
1.6 Emprego cultural ..... 29
1.7 Relación entre as principais variables económicas da cultura e destas con macroindicadores ..... 33
1.8 Conclusións ..... 41
2 HÁBITOS CULTURAIS EN GALICIA ..... 45
2.1 Introdución ..... 45
2.2 Materiais e métodos ..... 52
2.3 Resultados ..... 56
2.3.1 Hábitos culturais en 2014 ..... 56
2.3.2 Evolución dos hábitos culturais entre 2006 e 2014 ..... 68
2.3.3 Os factores determinantes dos hábitos culturais ..... 76
2.4 Conclusións ..... 83
3. ESTIMACIÓN DO IMPACTO ECONÓMICO DA COOFICIALIDADE DO ASTURIANO E DO GALEGO-ASTURIANO ..... 87
3.1 Introdución ..... 87
3.2 O valor das linguas desde unha perspectiva macroeconómica ..... 88
3.3 Algúns datos parciais sobre a dimensión económica das linguas minoritarias en Asturias ..... 91
3.4 Valoración económica das linguas en Asturias ..... 94
3.4.1 O modelo input-output de demanda ..... 95
3.4.2 Efectos multiplicadores ..... 97
3.4.3 A lingua nas táboas input-output: aspectos previos ..... 98
3.5 Impacto económico da oficialidade do asturiano e do galego-asturiano ..... 102
3.6 Conclusións ..... 108
4 INFLUENCIA DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NOS SALARIOS EN GALICIA ..... 111
4.1 Introdución ..... 111
4.2 Metodoloxía ..... 116
4.3 Aplicación da ecuación de Mincer ao coñecemento das linguas en Galicia ..... 117
4.4. Resultados ..... 118
4.5 Discusión ..... 123
4.6 Conclusións ..... 123
CONCLUSIÓNS GLOBAIS DA TESE ..... 125
BIBLIOGRAFÍA ..... 129

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# RESUMO, OBXECTIVOS E INTRODUCIÓN GLOBAL DA TESE

Este traballo elaborouse para describir fenómenos sociais a partir da análise de variables económicas que afectan á lingua e á cultura. Dentro da epistemoloxía da lingua e da cultura, as ciencias económicas foron gañando un protagonismo crecente motivado polo enfoque empírico que estas áreas do coñecemento experimentaron ao longo das últimas décadas. Tanto a lingua como a cultura foron tradicionalmente obxectos de estudo que espertaron un grande interese dende unha perspectiva humanista do saber, pero menor dende as ciencias sociais. A economía da lingua e a economía da cultura configuráronse como áreas da academia, con un corpo de estudos específicos, cunha literatura científica certamente prolixa e unha gran cantidade de enfoques que resultan de utilidade para comprender o funcionamento duns obxectos practicamente ominipresentes na vida das persoas.

Os fundamentos da economía da lingua son interdisciplinarios e van desde a economía ata a análise de políticas, a socioloxía da linguaxe, a sociolingüística e as ciencias da educación (Grin, 2003). A relación entre lingua e economía ten dúas direccións. As variables económicas afectan á lingua e as variables lingüísticas afectan a economía. A economía da lingua ten unha relevancia importante na avaliación das políticas públicas e na toma de decisións e no desenvolvemento de métodos económicos de medición do valor das linguas. Outra das liñas de investigación con maior produción de traballos nesta área é a que estuda a relación dos salarios dos traballadores e as competencias lingüísticas.

A economía da cultura é unha disciplina que se ocupa do estudo do valor económico da cultura, e de forma máis xenérica, da relación entre a economía e as manifestacións culturais. Dentro deste marco, delimitouse o ámbito cultural a unha serie de actividades económicas, servizos e produtos utilizando clasificacións estándar para tratar de visualizar o ámbito como un sector, sequera transversal, da economía e permitir a súa comparabilidade. Á marxe do valor social e político do ámbito cultural, as súas definicións e delimitacións compoñen un elemento central no concepto de economía da cultura. O sector das industrias culturais ofrece produtos e servizos orientados á oferta, cunha influencia evidente nas economías, así como unha demanda crecente destes bens por parte dos consumidores. Ao mesmo tempo, a creatividade, e nun sentido amplo, a cultura, ofrece ideas e bens, tanxibles e intanxibles, que serven de base para transformacións noutros sectores económicos (Casares Berg, 2009b). Entre a literatura específica desta área do coñecemento destacan os que tratan de medir a achega das actividades culturais á economía e o estudo das hábitos de consumo relacionados coas artes e a cultura.

A perspectiva xeográfica deste traballo é eminentemente galega, dado que os fenómenos que se pretenden investigar ben son galegos, ben están relacionados coa lingua e coa cultura galegas. O obxectivo principal é, xa que logo, ofrecer unha panorámica do significado da economía da lingua e da cultura en clave rexional e aplicar unha metodoloxía propia das ciencias económicas a fenómenos culturais e lingüísticos galegos.

Dado que o obxecto de estudo é canto menos dobre (lingua e cultura) e os enfoques que ofrecen tanto a economía da lingua como a economía da cultura son múltiples, decidiuse escribir unha tese que recollese unha combinación de posibilidades. Así, elaboráronse catro ensaios interrelacionados, pero diferentes, que pretenden dar conta de dous fenómenos culturais e dous lingüísticos, cada un co seu corpo teórico, metodoloxía, hipóteses e resultados propios.

O primeiro capítulo, *Evolución do sistema produtivo da cultura en Galicia¸* ten por obxectivo delimitar a efectos de análise económica o ámbito cultural de Galicia e tratar de explicar a súa evolución nos últimos 20 anos. O ensaio ofrece unha panorámica do traballo dos principais organismos normativos, especialmente da UNESCO, para delimitar un campo de difícil definición como a cultura, para dotalo dun marco estatístico comparable. O Marco de Estatísticas Culturais (UNESCO, 2009) é unha ferramenta deseñada co obxectivo de organizar estatísticas que fan posible unha mellor medición da dimensión económica da cultura. O acoutamento do ámbito para poder determinar as actividades económicas que o compoñen, dende a perspectiva máis universal ata a propia de Galicia, é unha das achegas principais do capítulo. Unha vez delimitado o ámbito e revisada a literatura sobre a dimensión económica da cultura en Galicia, procédese a analizar o sistema produtivo da cultura no sistema de contas e a través de dimensións como o emprego, a actividade das empresas, o comportamento dos consumidores ou o gasto público. Compáranse os principais indicadores económicos da cultura en Galicia entre eles e con indicadores de tipo macroeconómico, para a partir dunha análise de correlacións durante unha serie histórica relativamente pequena, tratar de analizar como inciden unhas variables noutras.

A hipótese principal deste capítulo é que as actividades económicas da cultura en Galicia se atopan nunha fase de retroceso dende a crise de 2008 da que non se recuperaron en disonancia co ciclo económico. Asemade, tamén se cre que as actividades que compoñen a cultura non se comportan dunha maneira monolítica e que coexisten actividades que se atopan nunha situación de crise estrutural con outras que se comportan de maneira máis cíclica e mesmo con actividades que crecen dunha maneira máis importante que o conxunto da cultura e que o conxunto da economía, gañando peso dentro do ámbito cultural. As razóns destas diferenzas de comportamento teñen que ver cun descenso da demanda pública e privada dalgúns produtos concretos, e as consecuencias, ademais dun descenso na capacidade para xerar ingresos nas empresas, implicarían unha destrución de emprego.

No segundo capítulo, *Hábitos culturais en Galicia,* o obxectivo é analizar como é a relación da poboación galega coa oferta cultural en Galicia e que variables inciden nun maior ou menor consumo de cultura. Na introdución, constátase como unha gran cantidade da literatura científica que analiza as variables que inciden nas prácticas culturais e no consumo de produtos e servizos culturais destaca a gran influencia da educación. Tamén se ten atopado unha relación importante coa renda, pero probablemente inferior en conxunto. Outras variables que inflúen dunha maneira ou outra son o sexo e a idade. Na revisión da bibliografía especificamente galega tamén se constata, que ademais das variables citadas, existe unha influencia importante do hábitat de residencia dos consumidores. Tamén se observa a incidencia dalgunhas actividades culturais particulares que son especialmente populares en Galicia, como a asistencia a espectáculos musicais como orquestras e verbenas. Para estudar a situación galega procedeuse a analizar o módulo de Ocio e Hábitos Culturais da Enquisa Estrutural a Fogares que elabora Instituto Galego de Estatística (IGE), unha operación que recolle datos de máis de 23.000 individuos. A perspectiva é sincrónica e diacrónica. Na primeira o énfase ponse nas variables explicativas dun maior ou menor consumo, na segunda, dos cambios de tendencia tratando á vez de explicar cales das variables independentes poden influír máis.

As hipóteses máis destacables deste ensaio son que a educación e a renda terán unha influencia similar á doutras realidades comparables coa galega, é dicir, a participación cultural aumentará linealmente co nivel educativo e estará tamén influída pola renda dispoñible das persoas. A idade determinará maior interese por unhas practicas culturais ou outras, sen ter necesariamente unha tendencia xeral obvia. O hábitat debería funcionar como un indicador de importante influencia no custo de oportunidade, ao ser presumiblemente menor a oferta de

servizos culturais en áreas menos poboadas. En canto á evolución dos hábitos, os cambios non terían que mudar moi ostensiblemente, pero deberían de obedecer tanto a cambios de gustos ou modas, como a evolución de indicadores sociais, como á mellora dos niveis educativos, a renda e o incremento da oferta.

O terceiro capítulo, *Estimación do impacto económico da cooficialidade do asturiano e do galego-asturiano,* ten por obxectivo medir o efecto económico dunha medida de política lingüística como a aprobación dun status legal novo para unha lingua minoritaria no territorio no que se aplica o novo marco normativo. A pertinencia deste traballo, por non estar directamente relacionado con Galicia, merece ser explicada. Este ensaio enmárcase nun proxecto maior que ten por obxectivo medir o valor económico da lingua galega. Trátase dunha investigación impulsada polo Consello da Cultura Galega e que conta coa colaboración dos profesores D. Alberte Meijide Vecino e Dª. Diana Fernández Méndez. Neste capítulo utilízase unha metodoloxía que inspira ese proxecto de maior calado baseada nas táboas input-output da contabilidade rexional. De feito, no marco comparativo que se establece para poder estimar o impacto dun incremento da demanda de produtos e servizos relacionados coa lingua, utilízanse traballos que miden o valor das linguas noutras comunidades autónomas de España, pero non de Galicia, precisamente por carecer deste dato. Así, despois de destacar algúns aspectos sobre a medición económica das actividades e produtos relacionados coa lingua, descríbese o valor que esta ten en España, Euskadi e na Comunidade Valenciana. A partir da mesma metodoloxía, calcúlase o valor de todas as actividades relacionadas coas linguas en Asturias e estímase o impacto que un aumento da demanda producido por un cambio de status legal da lingua podería ter, baseándose en escenarios tomados das outras realidades que mediron o efecto das linguas minoritarias nos seus territorios.

A hipótese principal é que o aumento da demanda é cuantificable a través desta metodoloxía o que permite observar os efectos directos e indirectos no conxunto da economía rexional, tanto en termos de VEB como de emprego. A hipótese secundaria é que a intensidade do shock de demanda é difícil de predicir, polo que é preciso facer simulacións a partir de estimacións de cal podería supor o incremento da demanda pública e privada tendo en conta a situación noutras comunidades autónomas de España.

O último capítulo titúlase *Influencia das competencias lingüísticas nos salarios en Galicia.* O obxectivo deste traballo é determinar como retribúe o mercado de traballo galego a competencia en linguas estranxeiras e tamén en galego. Trátase dunha área de aplicación da economía da lingua cunha grande aceptación que a partir da ecuación de Mincer entende que o coñecemento de linguas é parte do capital humano dos individuos. O ensaio describe algúns dos traballos máis destacados que ofrece a bibliografía. Así, recóllense exemplos onde se detectaron diferenzas nos ingresos entre persoas pertencentes a diferentes comunidades lingüísticas e tamén situacións onde se pode determinar o valor da competencia en linguas estranxeiras. Préstase especial atención ás diferenzas na remuneración dos traballadores pola competencia en linguas estranxeiras en situacións homologables a Galicia e tamén aos mais escasos traballos onde se ten cuantificado a prima salarial polo coñecemento de linguas minoritarias. Un obxectivo secundario é replicar os múltiples estudos que mediron competencias lingüísticas en diferentes países e situacións.

As hipóteses principais deste traballo son dúas. A primeira é que o coñecemento de linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés, terá unha influencia positiva nos salarios dos galegos permanecendo o resto de variables que serven para medir o capital humano constantes. A segunda hipótese é que a prima salarial por competencias lingüísticas en galego debería existir e debería ser dunha intensidade similar á detectada noutras comunidades lingüísticas onde coexisten dúas linguas cun status legal de cooficialidade.

Por último, existen unha serie de motivacións persoais e profesionais que levaron a facer toda esta investigación. O Consello da Cultura Galega encargoume a responsabilidade de coordinar o Observatorio da Cultura Galega dende 2007. Os presidentes da entidade, primeiro D. Ramón Villares Paz e despois Dª. Rosario Álvarez Blanco entenderon a importancia do estudo da lingua e da cultura dende unha perspectiva empírica e o gran baleiro que existía de produción estatística nestas áreas. O resultado é unha unidade administrativa independente que produce periodicamente estudos, monografías e estatísticas e que hoxe é unha referencia de utilidade para a planificación de políticas públicas, para o estudo da lingua e da cultura galegas e tamén para o deseño de estratexias empresariais nun ámbito que presentaba unha gran escaseza de información. Dende o principio a dimensión económica da cultura cobrou unha importancia moi destacable na produción do Observatorio da Cultura Galega, tal e como demostran as máis de corenta publicacións, entre documentos de traballo, informes e monografías, que recollen a análise de polo menos algún tipo de indicador económico. A maioría cítanse nunha ou outra parte desta tese doutoral. Todo isto resultou moi motivante para interesarme cada vez máis pola análise económica da lingua e da cultura, polo que parecía pertinente contribuír con esta modesta achega académica a uns campos de estudo que con seguridade gozarán cada vez dunha maior atención e interese en Galicia.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# 1 EVOLUCIÓN DO SISTEMA PRODUTIVO DA CULTURA EN GALICIA

## 1.1 INTRODUCIÓN

Algúns países, principalmente aqueles que lideran a produción estatística en xeral, elaboran estudos sobre indicadores culturais dende hai tempo (Canadá, Nova Zelandia, Reino Unido...) (Casares Berg, 2008a). Dende a década de 1970 a UNESCO empeza a elaborar unha serie de recomendacións que pretenden converterse nunha guía para a creación de estándares relativos á descrición e diagnóstico das realidades culturais integrados no proxecto *Framework for Cultural Statistics*. A partir da publicación do *Informe Mundial da Cultura* (UNESCO, 2001) reavívase o debate sobre os indicadores culturais e créanse unha serie de liñas de guía novas. As indicacións da UNESCO e os debates xurdidos no Congreso Internacional de Estatísticas Culturais organizado polo Instituto de Estatísticas da UNESCO en Canadá teñen un transfondo eminentemente funcional, dando conta das estruturas e actividades segundo áreas da cultura. Outras propostas con tradición, como as elaboradas en Canadá, teñen enfoques máis dinámicos, tentando dar conta de dimensións sociais e económicas que interaccionan coa produción cultural. Desde a década de 1990 a maioría dos países con tradición estatística foron incorporando a realización de estatísticas culturais dentro da actividade dos seus gobernos (Casares Berg, 2008b). Nalgúns casos a iniciativa partía das oficinas estatísticas, pero maioritariamente foron os departamentos de cultura os que promoveron a compilación e produción de datos que permitisen coñecer mellor a evolución do sector cultural. En boa parte destes países estableceuse unha unidade específica para a elaboración de estatísticas culturais.

A revisión do marco de estatísticas culturais (MEC) da UNESCO (UNESCO, 2009) define a cultura dun modo moi amplo como o conxunto de características distintivas, espirituais, materiais e afectivas que caracterizan unha sociedade ou grupo social. A partir da *Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural* (UNESCO, 2010), a cultura engloba tamén os modos de vida, os dereitos fundamentais do ser humano, os sistemas de valores, crenzas e tradicións. Recoñécese que non sempre é posible medir estas crenzas e valores en forma directa, pero si medir as prácticas e comportamentos asociados. O Marco de Estatísticas Culturais da UNESCO define a cultura a través da identificación e medición dos comportamentos e as prácticas produto das crenzas e valores dunha sociedade ou grupo social.

O MEC é unha ferramenta deseñada co obxectivo de organizar estatísticas culturais a nivel nacional e internacional. Na versión de 2009, o documento recolle que se trata dunha ferramenta que permite medir un amplo espectro de expresións culturais independentemente de súa modalidade económica de produción.

A actualización deste marco supón que, de feito, a maior dispoñibilidade de estatísticas económicas e o acceso a diversos sistemas internacionais de clasificación fan posible unha mellor medición da dimensión económica da cultura. Esta achega está motivada en parte pola crecente atención aos fenómenos económicos dentro do estudo da cultura e en parte porque este enfoque facilita a medición.

En xeral, preténdese un enfoque social e económico, definindo os dominios culturais dende esta dupla perspectiva. Ademais, pese a que se di que a análise deses dominios non é

exclusivamente económica, a maioría dos estándares utilizados na elaboración da súa definición son de natureza económica. Pártese dun enfoque baseado na comprensión do mecanismo de creación e transmisión da cultura, atendendo en especial á produción e á distribución. Trátase de comprender como a cultura se insire no proceso económico para poder observar as transaccións económicas que implican, dado que estas últimas son factibles de medirse.

Os dominios culturais que se propoñen no MEC son os que se presentan na Táboa 1.1.

**Táboa 1.1. Dominios culturais do Marco de Estatísticas Culturais da UNESCO**

| |
|---|
| A: Patrimonio Cultural e Natural |
| B: Presentacións artísticas e Celebracións |
| C: Artes Visuais e Artesanías |
| D: Libros e Prensa |
| E: Medios Audiovisuais e interactivos |
| F: Deseño e Servizos Creativos |

Fonte: UNESCO

A isto engádese dominios transversais dado o seu papel esencial no ciclo cultural respecto da produción e transmisión da cultura (Táboa 1.2).

**Táboa 1.2. Dominios transversais do Marco de Estatísticas Culturais da UNESCO**

| |
|---|
| Patrimonio Cultural Inmaterial |
| Educación e capacitación |
| Arquivística e preservación |
| Equipamento e materiais de apoio |

Fonte: UNESCO

Completan a lista de actividades propostas polo MEC os dominios "relacionados", que inclúen o turismo e deportes e recreación.

O marco baséase no modelo de *ciclo cultural* que axuda a entender a relación que existe entre os distintos procesos culturais. O ciclo ilustra a totalidade das prácticas, actividades e recursos para transformar as ideas en bens e servicios culturais para que poidan chegar aos consumidores. Neste enfoque, a cultura enténdese como o produto dun conxunto de procesos relacionados. Trátase dunha achega que pretende dar conta tamén das actividades alleas á economía, pero outorgando un peso central á mesma. Constitúen cinco etapas visualizadas de maneira cíclica, sen unha relación xerárquica, para destacar a noción de que as relacións poden ser complexas e se dan, preferentemente, como partes dunha rede. Son as seguintes:

- Creación: a orixe das ideas e contidos, así como a manufactura de produtos orixinais.
- Produción: da conta das formas culturais reproducibles así como a infraestrutura e os procesos utilizados na fabricación.
- Difusión: pon ao alcance de consumidores e exhibidores os produtos culturais reproducibles.
- Exhibición/Recepción/Transmisión: se refire ao lugar onde se produce o consumo en vivo ou mediado.
- Consumo/Participación: da conta da actividade das audiencias e a participación cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O MEC recoñece tres actores fundamentais no referente ao financiamento da cultura. En primeiro lugar estarían as institucións públicas o gobernamentais que comprenden o financiamento público de forma directa, a través de subsidios e subvencións, ou indirecta a través de exencións tributarias. En segundo lugar, as fontes privadas do mercado que se

encargan do financiamento privado a partir do gasto das familias e do consumo das empresas e en terceiro lugar os donantes ou organizacións sen ánimo de lucro.

Dende a UNESCO se xustifica esta visión economicista da cultura por varias razóns. En primeiro lugar, o aumento da riqueza e dos ingresos dispoñibles levou a un aumento do gasto en actividades e produtos culturais. Isto significa que a cultura se converteu nunha parte esencial do ciclo económico. Nalgúns países, sobre todo nos desenvoltos, a industria cultural adquiriu unha importancia maior, polo menos en termos de emprego, que moitas industrias tradicionais. En terceiro lugar, un enfoque pragmático como o do MEC, que ademais busca ofrecer unha comprabilidade internacional, promove a utilización das clasificacións internacionais de actividades, produtos, servizos e ocupacións que evidentemente serven para medir a actividade económica.

Dentro da Unión Europea creouse en 1997 un Grupo de Orientación Específico (LEG) sobre estatísticas culturais para crear un sistema coherente e comparable entre os estados membros. O resultado principal foi a publicación dos *Cultural Statistics in Europe Pocketbook* (EUROSTAT, 2007, 2011). Posteriormente constituíuse o grupo de traballo de cultura da rede do sistema de estatístico europeo *ESSnet-Culture* (EUROSTAT, 2012). Nel advírtese dunha ausencia dun sistema europeo de estatísticas culturais, o que dificulta a comparación dos datos producidos polos estados.

En España, o Ministerio de Cultura y Deporte elabora o Anuario de Estadísticas Culturales, claramente influído polo marco descrito, aínda que moi condicionado pola explotación de datos específicos do Plan Estadístico Nacional do Instituto Nacional de Estadística e por estudos diversos do propio Ministerio (Ministerio de Cultura y Deporte, 2005 e sucesivos)

En Galicia, gran parte dos traballos sobre a dimensión económica da cultura foron publicados polo Consello da Cultura Galega e elaborados polo Observatorio da Cultura Galega. O ámbito cultural delimitouse a partir das recomendacións da UNESCO, de EUROSTAT e do Ministerio de Cultura y Deporte do Goberno de España.

A seguir preséntase unha relación dos principais traballos elaborados polo Observatorio da Cultura Galega cunha dimensión económica. O Anuario de estatísticas culturais 2006 (Casares Berg, 2008b) fornece datos sobre empresas culturais, gasto público en cultura, emprego cultural e consumo cultural. Trátase dun traballo que compilaba por primeira vez unha gran cantidade de datos e estatísticas sobre o sector cultural en Galicia. O obxectivo central era fornecer unha base de coñecemento cuantitativo sobre a situación do sector cultural en Galicia, de maneira que permitise dispor dun panorama xeral sobre o sector cultural anualmente, coñecer a evolución das principais variables e posibilitar a comparabilidade territorial (especialmente cos datos referidos ao conxunto de España ou doutras comunidades autónomas). Seguindo as recomendacións da UNESCO, Ministerio de Cultura y Deporte e LEG, o anuario estaba organizado en bloques: un recolle as dimensións transversais que se analizan de forma agregada (gasto público en cultura, emprego cultural, educación, etc.); e outro coincide coas áreas dos subsectores culturais (patrimonio, arquivos, artes visuais, etc.). De xeito similar, o Anuario de estatísticas culturais 2007 (Casares Berg, 2008c), ofrece tamén datos sobre empresas culturais, gasto público en cultura, emprego cultural e consumo cultural. Trátase dunha evolución do anuario anterior, pero mantendo basicamente a mesma estrutura.

Unha descrición xeral da achega á economía galega das actividades culturais recóllese en *O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica* (Casares Berg, 2010) que aborda a evolución dos principais indicadores económicos da cultura en Galicia. Naquel traballo indicábase que a maioría dos países da UE fixeran medicións da importancia económica da cultura, variando o peso do sector no PIB de cada país entre cotas superiores ao 5% (Dinamarca, Reino Unido e Suecia) a cotas inferiores ao 1% (Lituania). En Galicia as

estimacións permitían nesa época supoñer que a contribución ao PIB rexional fose aproximadamente dun 2% en 2003. Dicíase que o peso da cultura na economía tendía a crecer con taxas importantes, que no conxunto de España rolda o 6% anual. É dicir, o sector cultural semellaba naquela época un sector máis dinámico que o conxunto da economía. Tamén se indicaba que outro factor fundamental para comprender a dimensión do ámbito cultural ten que ver coa forza laboral. Destacábase unha variación importante nas distintas economías europeas, pero en calquera caso supoñendo proporcións importantes do mercado laboral. No caso de Galicia o sector empregaba unhas 23.300 persoas en 2007, maiormente no sector privado, o cal supuña un 2% dos traballadores naquel momento, unha proporción semellante á que ocupaban os empregados no sector da banca e os seguros ou no sector téxtil. O emprego cultural tiña ademais un comportamento mellor que o total do emprego. Outro dos factores que tamén se entendían determinantes para comprender a dimensión económica da cultura ten que ver co gasto cultural dos consumidores. En 2007, representaba máis de 800 millóns de euros no conxunto de Galicia, case o triplo do que gastaron en cultura as administracións locais (incluíndo as deputacións provinciais) e a Xunta de Galicia no mesmo período.

Un dos resultados destacables daquel estudo foi a delimitación da actividades empresariais que compoñen o sector cultural. Era a primeira vez que se facía en Galicia unha definición clara, recollendo a actividade de todas as empresas que se dedican, dun xeito ou doutro, á produción e distribución de bens culturais. No traballo dicíase que aquilo debería ter unha incidencia positiva, polo menos para crear certa conciencia entre os actores implicados de atoparse nun sector produtivo definido e medible.

O traballo reflectía un bo comportamento na xeración de ingresos e de valor engadido bruto por parte das empresas culturais con taxas superiores ás da media da empresa galega. Os resultados destes parámetros reflicten un paralelismo propiciado polo movemento cíclico da economía no período 2001-2007, saíndo reforzadas as empresas da cultura en canto á xeración de valor engadido bruto nos últimos anos de estudo. Tamén se constataba unha evolución favorable da rendibilidade económica no período de referencia. No caso da rendibilidade financeira, producíase tamén un achegamento á media da empresa galega ao longo do período analizado. Xa naquel momento se chamaba a atención sobre que o sistema produtivo se atopaba atomizado, formado basicamente por microempresas que xeraban arredor do 2,5% do emprego en Galicia. A mostra de empresas amosaba un crecemento do emprego en todos os anos analizados. Produciuse tamén nese período unha mellora na produtividade do traballo con parámetros parellos aos da empresa galega.

Concretamente se dicía:

> Dentro do sector cultural atopamos un peso relativo importante da edición e, en menor medida, das actividades de cinematografía e vídeo. A diferenza máis importante entre estes dous subsectores da produción de bens e servizos culturais está en que a edición obtén, con diferenza, unhas evolucións moito máis positivas na maioría dos parámetros. O momento de transformación que vive esta industria obriga a prestarlle especial atención, xa que resulta previsible que aquelas empresas cunha visión máis tradicional do negocio teñan certas dificultades no futuro, non tanto pola súa evolución, como polas incertezas que a dixitalización e contidos e a súa copia proxectan.
>
> Nese senso, tamén deberá prestárselle atención á creación artística e cultural, cun peso moi pequeno no conxunto do sistema produtivo, pero cunhas evolucións que permiten crer que aínda existe un nicho de mercado importante. Podemos facer unha valoración ambivalente sobre o tamaño das empresas culturais. Por unha banda, as empresas pequenas e as microempresas teñen unha serie de vantaxes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> recoñecidas relativas á flexibilidade, a rapidez na toma de decisións e a capacidade de adaptación ao mercado. Parece, xa que logo, que exista certa relación entre a volatilidade de moitos dos produtos ofertados e o tamaño das empresas da cultura. Pola contra, é ben sabida a dificultade que estas iniciativas teñen para obter financiamento, incidindo negativamente na súa capacidade de expansión en todos os ámbitos. Algo semellante podemos dicir da distribución xeográfica do sistema produtivo. Sabemos que na economía creativa a localización de actividade en ámbitos urbanos permite xerar riqueza no ámbito local, malia que a comercialización dos seus produtos non o sexa. En relación con isto o sector tende a que se cree un mercado dinámico a través de relacións empresariais a nivel local.
>
> Por último, aínda que resulta unha achega intanxible, os beneficios sociais da cultura tenden a fomentar a cohesión de grupos e rexións tradicionalmente desfavorecidos, beneficiándose da creatividade o desenvolvemento a través da localización de talento, os rendementos locais de industrias con mercados máis amplos, a xeración de atractivos turísticos e a integración social. Todo isto vén a ter como corolario que existe un potencial importante para que Santiago, A Coruña e Vigo se convertan en cidades creativas.

En Observatorio da Cultura (2014a) achéganse datos sobre a actividade económica das empresas culturais en Galicia e de determinados agregados económicos como o volume de negocio, valor da produción, valor engadido bruto a prezos de mercado, remuneración dos asalariados, consumos intermedios e excedentes de explotación a partir das contas económicas de Galicia. Destacábase que nos anos inmediatamente posteriores á crise de 2009 o número de empresas culturais apenas mudaba en Galicia mentres baixaba no conxunto de España e se constataba o crecemento das actividades de deseño, creación artística e de espectáculos nas que Galicia era a quinta comunidade autónoma. No referente ao tamaño, o 99,6% das empresas culturais galegas eran PEMES en 2014. No referente á produción, as actividades económicas relacionadas coa cultura achegaron o 2,58% do valor engadido bruto en 2013, uns 1.321 millóns de euros. A produción, os consumos intermedios e o excedente bruto de explotación baixaba entre 2011 e 2012. A evolución dalgúns indicadores económicos amosaba unha recuperación maior da actividade cultural en 2010 e un resultado peor en 2011 que o conxunto da economía.

Na revisión da análise do sistema produtivo da cultura (Observatorio da Cultura Galega, 2016a) descríbense os principais indicadores do sector produtivo da cultura galega analizada na Conta Satélite da Cultura de Galicia elaborada polo Instituto Galego de Estatística, unha operación estatística que proporciona un sistema de medición económica do sector cultural que á súa vez permite estimar o impacto da cultura sobre o conxunto da economía galega, á vez que amosa a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais. Nas conclusións se dicía o seguinte:

> A cultura xera o 2 % do PIB galego, concretamente 1.103 millóns de €. A cultura é, ademais, un sector intensivo en traballo xa que xera 30.828 empregos, o cal supón o 3 % da forza laboral galega. Un 80 % son traballadores por conta allea e o restante son autónomos. As actividades relacionadas coas artes visuais achegan o 35,1 % do Valor Engadido Bruto (VEB). Seguen en orde de importancia a edición de libros e da prensa, que achega o 26,8 % do VEB cultural. A continuación sitúanse o audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), co 16,8 % do VEB; as actividades de explotación do patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas, co 9,3 %; e, finalmente, as artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo), co 7,8 %. O 4,2 % restante inclúense no sector "interdisciplinar".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Dentro da cadea de produción, a fase de creación e produción é a que ocupa un lugar máis destacado, cun 70,6 % do valor engadido xerado. Esta é eminentemente creativa e está baseada principalmente no coñecemento e na creatividade. Tamén é a que ocupa maior número de persoas, concretamente 19.946, o cal supón un 64,7 % do total. Segundo a Estadística de Empresas Culturales do Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Galicia conta con 5.747 empresas culturais. O 58,2 % destas non tiña ningún asalariado. O 99,5 % son PEMEs con menos de 50 traballadores. Segundo a explotación que facilita o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil do IGE, no ano 2015 creáronse 99 empresas culturais, destacando as de 'Edición' e as de 'Actividades de creación, artísticas e de espectáculos'. No referente ao sector exterior, as empresas culturais galegas exportaron algo máis de 4,8 millóns de euros en 2015.

Observatorio da Cultura Galega (2014c e 2016b) aborda a evolución do gasto das familias en consumo cultural. O consumo global en bens e servizos culturais diminuíra de xeito significativo tanto no conxunto de España coma en Galicia entre 2006 e 2012. Este descenso do gasto era proporcionalmente inferior en Galicia á media do estado. No conxunto de España o gasto en bens e servizos culturais diminuíra un 13,3% entre 2006 e 2012, mentres que en Galicia neste mesmo período diminuíra nun 8,9%. A tendencia coincidía en ambos casos, xa que o ano 2008 era o que marca o tope de gasto total e a partir deste ano a cifra investida polos fogares en bens e servizos culturais comezaba a diminuír ata 2012. Sen embargo, a poboación galega gastara máis de 635 millóns de euros en cultura en 2015, un incremento dun 15,9% con respecto ao ano anterior, unha recuperación do consumo cultural por primeira vez dende o inicio da crise de 2008. Galicia foi a comunidade autónoma onde máis se incrementou o gasto total en bens e servizos culturais. Malia este incremento tan importante, en Galicia cada fogar gastara en bens e servizos culturais uns 63,7 euros menos que a media estatal. En canto á evolución dos prezos, a baixada de prezos máis importante naquel momento era para os equipos e soportes audiovisuais, fotográficos e informáticos. A confianza dos consumidores tamén semellaba incidir positivamente, xa que existía a percepción da situación económica mellorara nos últimos anos. De feito, máis do 70% dos galegos dicía poder permitirse "saír a cear, á cafetería, ao cine e ao teatro", cando en 2010 esa porcentaxe roldaba o 40%.

O Gasto público en cultura analizase en Observatorio da Cultura (2014d) onde se achegan datos sobre orzamentos e gasto liquidado en cultura. Naquel documento se constata como despois da crise de 2008 os orzamentos de cultura sufrían unhas diminucións superiores ao total dos orzamentos da administración autonómica e moi por enriba dos doutras áreas destinadas á produción de bens públicos de carácter preferente. Tanto a nivel autonómico como estatal experimentárase entre 2009 e 2011 unha caída do gasto, cunha diferenza neses tres anos de 73,5 millóns de euros menos. Segundo o destino do gasto, a maior contía corresponde á promoción e difusión cultural, así como á política lingüística, mentres dende a perspectiva natureza económica do gasto, os investimentos en infraestruturas culturais absorbían un 56,7%, moi por encima da media estatal. Para a administración local o gasto total liquidado en Galicia ascendía a 129 millóns de euros, cifra que supuña un 5,3% da cantidade global de todos os concellos de máis de 5.000 habitantes. Por natureza do gasto, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, o gasto maioritario atribuíaselle ao capítulo de gastos correntes e por destino do gasto, o capítulo no que se gastara máis fora no de promoción cultural. Nas deputacións provincias, o gasto liquidado en cultura ascendera a 44 millóns de euros en 2011, cifra algo inferior á do ano anterior e fora destinado principalmente a promoción cultural igual ca nos concellos.

A dimensión do emprego cultural tamén foi materia de análise en Observatorio da Cultura Galega (2015, 2016c, 2019a). Descríbese dende distintas perspectivas a evolución do emprego,

afiliacións á Seguridade Social, paro e contratos rexistrados. En 2014, un 2,9% do emprego total en España correspondíase co ámbito cultural e en Galicia estaba 2 décimas por debaixo. A tendencia amosaba unha taxa de creación de emprego cultural superior que o conxunto da economía galega. As afiliacións á Seguridade Social no ámbito das empresas culturais amosaban unha lixeira tendencia á alza en 2014. As actividades de creación, artísticas e de espectáculos eran as que experimentaban a maior suba. Na análise por anos, a proporción de empregados en empresas culturais amosábase bastante estable con respecto ao total de afiliados. A evolución global dende 2011 a 2015 era positiva. A tendencia mostraba unha taxa de creación de emprego maior no ámbito cultural que no conxunto de actividades económicas. Máis recentemente, o número de empregadas e empregados culturais en Galicia situábase no ano 2018 en 35.000 persoas, 1.400 menos que en 2017, segundo unha explotación do Ministerio de Cultura y Deporte a partir de datos da Encuesta de Población Activa (EPA). No conxunto estatal, en cambio, aumentaba en 3.100, ata chegar ás 690.300 persoas. Entre 2014 e 2018 o emprego cultural experimentara un incremento dun 5,4% en Galicia, sensiblemente inferior ao total de España e cunha evolución máis irregular. En contraste cos datos da EPA, as afiliacións á Seguridade Social no ámbito das empresas culturais amosaban unha lixeira tendencia á alza en 2018. As actividades de creación, artísticas e de espectáculos eran as que experimentaban a maior suba. Cómpre salientar que nos últimos cinco anos anteriores a 2018 as afiliacións medraran un pouco máis no conxunto das actividades culturais que no total de Galicia. Máis da metade do total de afiliadas e afiliados eran da provincia da Coruña.

Noutro tipo de traballos tense afondado sobre algún aspecto particular do mercado laboral, como en *A situación das traballadoras dos sectores audiovisual e das artes escénicas de Galicia* (Observatorio da Cultura Galega, 2019b) no que se analiza datos sobre as situación das persoas afiliadas á Seguridade Social nas artes escénicas e no eido audiovisual relativos á estabilidade laboral, tempo traballado, salarios e bases de cotización.

Tamén se teñen observado as evolucións doutros actores económicos como poden ser as entidades sen ánimo de lucro (Observatorio da Cultura Galega, 2014b), de gran relevancia no ámbito cultural. Neste traballo destácase que no momento da publicación do traballo había un total de 570 fundacións en Galicia, das que un 27,5% eran culturais e 31.716 asociacións, das que un 31,2% eran culturais. As actividades asociativas en Galicia ocupaban naquel momento a 6.837 asalariados, un 0,75% do total do emprego. A evolución debuxaba unha tendencia á baixa, algo peor que o conxunto do emprego. Dende o punto de vista da demanda, a totalidade das institucións sen fins de lucro ao servizo das familias achegaban un 1,2% do PIB galego, o que supuña máis de 650 millóns de euros en 2012.

Tamén se describiron actividades nas que a cultura xoga un papel máis tanxencial, pero de gran relevancia económica, como o turismo cultural (Casares Berg, 2009). Neste informe se analizaba o gasto de turistas nacionais e internacionais que chegaban a Galicia e realizaban actividades culturais, ou que viñan principalmente por motivos culturais. Tamén se analizaba o emprego no sector do turismo e unha estimación do que podería supor no turismo cultural. Destacábase o interese crecente naquel momento no desenvolvemento da relación entre cultura e turismo, tanto como recurso e potencial de desenvolvemento local e rexional, como acicate da conservación e posta en valor do patrimonio e catalizador para a sustentabilidade. O patrimonio e a ampla oferta cultural que ofrece Galicia supuña que tres cuartas partes dos turistas estranxeiros que visitaban Galicia no momento de facer aquel estudo realizaban algún tipo de actividade cultural durante a súa estancia. Dicíase tamén que o turista cultural que vén a Galicia ten unha media da estadía sensiblemente maior que a do conxunto de turistas, ademais de que tende a realizar máis gasto. En relación con isto, un cálculo aproximado do peso do turismo cultural no conxunto da economía galega, a partir das fontes que había naquel momento

indicaban que os impactos directos e indirectos do turismo cultural sumaban 1424 millóns de euros, o cal supuña un 2,5% do PIB rexional, un dato que, comparado coas achegas doutros sectores económicos, resulta transcendental para a economía galega. Asemade, en Observatorio da Cultura Galega (2015e), dicíase que o turismo cultural e o seu desenvolvemento viñan a ser a resulta da evolución do turismo en xeral e a necesidade de diversificación na oferta turística e da súa desestacionalización por mor do cambio nas preferencias da demanda. En 2012 para o 52% dos turistas estranxeiros e o 12% dos españois a cultura foi un dos motivos principais polo que se achegaron a Galicia. O gasto que realizaron estes visitantes situouse en máis de 731 millóns de euros naquel ano de referencia. Por comunidades autónomas, Galicia ocupaba o sexto lugar segundo o número de turistas culturais españois recibidos. É destacable o feito de que o gasto medio do turista internacional que chegaba a Galicia e realizaba actividades culturais superaba á media estatal a partir de 2009.

En traballos de tipo sectorial, tamén se teñen introducido indicadores económicos. No *Informe sobre a regulación e a organización e funcionamento das fundacións culturais de interese galego* (Observatorio da Cultura, 2011), inclúese información sobre o réxime de financiamento destas entidades culturais. *Os arquivos e a protección do patrimonio documental* (Observatorio da Cultura, 2013a) inclúe datos sobre emprego e a actividade de empresas relacionadas con este ámbito. *O libro en cifras* (Observatorio da Cultura Galega, 2013c) inclúe datos sobre o ámbito empresarial e laboral do sector editorial. *A música en vivo* (Observatorio da Cultura Galega, 2013d) recolle datos sobre a recadación da actividade musical en Galicia e sobre o gasto por espectador en concertos de música clásica e popular. Observatorio da Cultura Galega (2013e, 2015a, 2017b) recollen datos da recadación do cine en Galicia e do gasto da poboación en cine. En adición, en Observatorio da Cultura Galega (2020a) analízanse as subvencións concedidas pola Axencia Galega das Industrias Culturais para a produción e coprodución cinematográficas galegas. Pola súa banda, *Perspectiva estatística dos museos e colección*s *museográfic*as (Observatorio da Cultura Galega, 2013f) inclúe datos sobre contratos e afiliacións á Seguridade Social neste sector.

Pola súa banda, Observatorio da Cultura Galega (2014b, 2016d) inclúe información sobre a evolución do gasto das bibliotecas, así como o perfil de financiamento destes equipamentos culturais. *O libro e a edición en Galicia* (Observatorio da Cultura Galega, 2015b) recolle datos de actividade empresarial e mercado laboral das empresas de edición de libros, xornais e outras actividades editoriais, das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de edición e artes gráficas e datos do comercio exterior e intracomunitario de produtos editoriais. *A música clásica e popular en Galicia* (Observatorio da Cultura Galega, 2015c) describe datos sobre a recadación da actividade musical en Galicia e sobre o gasto por espectador en concertos de música clásica e popular. *Panorama estatístico das artes escénicas galegas* (Observatorio da Cultura Galega, 2015d) inclúe datos sobre a recadación da actividade musical en Galicia e sobre o gasto por espectador nas artes escénicas (teatro, danza). Analízase tamén o número de contratos, afiliacións á Seguridade Social neste ámbito e o impacto económico das artes escénicas. Pola súa parte, Observatorio da Cultura Galega (2016e, 2017a) ofrecen datos sobre a recadación da actividade musical en Galicia e sobre o gasto por espectador en concertos de música clásica e popular.

Mais recentemente, tamén se analizou o impacto que a crise da COVID-19 tivo sobre o ámbito cultural, particularmente na súa dimensión económica. Así, *O sector do libro galego perante a crise da COVID-19* (Observatorio da Cultura Galega, 2020b). Recolle datos sobre a situación do sector do libro en Galicia antes da chegada da crise provocada polo coronavirus, entre os que destaca a recadación das editoriais, o gasto en libros da poboación galega e o gasto público das administración na promoción editorial. *O sector da música popular en Galicia*

*perante a crise da COVID-19* (Observatorio da Cultura Galega, 2020b) describe a recadación dos concertos, o gasto en espectáculos da poboación galega e o gasto público das administración na promoción da música popular. *Conxuntura laboral do mes de marzo de 2020 nas principais ramas de actividade cultural* (Observatorio da Cultura Galega, 2020c) analiza como afectou o peche da actividade comercial e dos equipamentos culturais ao emprego cultural, a través das afiliacións á Seguridade Social. Pola súa parte, *Conxuntura estatística de ámbito cultural. Xuño de 2020*. (Observatorio da Cultura Galega, 2020d) describe a situación das empresas e traballadores/as culturais en Galicia e a súa evolución temporal. Inclúe información sobre creación de empresas, creación de emprego, os ERTES, a contabilidade trimestral, así como a confianza do consumidor e a evolución do IPC. *Barómetro da Cultura Galega I (Xullo 2020)* (Observatorio da Cultura Galega, 2020e) describe a situación económica das empresas culturais galegas dende que empezou a crise sanitaria do coronavirus así como as previsións para o futuro. Por último, *Conxuntura estatística de ámbito cultural. Outubro de 2020*. (Observatorio da Cultura Galega, 2020f). Describe a situación das empresas e traballadores/as culturais en Galicia e a súa evolución temporal. Inclúe información sobre creación de empresas, creación de emprego, contabilidade trimestral, así como a confianza do consumidor e a evolución do IPC.

### 1.2 A CULTURA GALEGA NO SISTEMA DE CONTAS

Un traballo de síntese elaborado polo Instituto Galego de Estatística é a Conta Satélite da Cultura 2011 (CSC) (IGE, 2016). Na metodoloxía dese traballo descríbense as actividades que conforman o agregado:

> A delimitación do sector da cultura non é un tema trivial; de feito, non existe un consenso internacional estrito sobre as actividades que se deben incluír na análise da cultura. O punto de partida, e principal referencia, á hora de elaborar a Conta Satélite da Cultura de Galicia foi o informe final do Leadership Group on Cultural Statistics (LEG). O LEG foi un grupo de traballo formado por expertos no ámbito da cultura que tiña por obxecto construír, a escala europea, un sistema de información coherente e comparable que contribuíse a un mellor coñecemento das relacións entre a cultura e o desenvolvemento socioeconómico. O proxecto do LEG tomaba como referencia, a súa vez, un traballo previo da UNESCO no cal se propuña unha clasificación de categorías que debían considerarse á hora de producir estatísticas culturais, e que o LEG adoptou na súa meirande parte. En 2009 Eurostat e os ministros de Cultura da Unión Europea impulsaron a creación dun novo grupo de traballo, o ESSnetCulture, co obxectivo de relanzar a cooperación entre os Estados membros en materia de cultura e revisar o marco europeo elaborado polo LEG, adaptándoo aos cambios metodolóxicos e sociodemográficos experimentados nas últimas décadas. No ámbito estatal, contamos coa experiencia do Ministerio de Cultura e Deporte, o cal elabora, en colaboración co Instituto Nacional de Estatística, unha Conta Satélite da Cultura española con resultados que se remontan ao ano 2000. A nivel autonómico destacan as experiencias dos institutos estatísticos de Cataluña e Andalucía. Todas estas contas satélite adoptan como referencia as propostas de Eurostat (primeiro a través do LEG e logo do ESSnet-Culture), adaptando as súas clasificacións ás condicións específicas das súas rexións.
>
> No caso galego, tivéronse en conta todas estas referencias metodolóxicas e adaptouse a delimitación do sector proposta por Eurostat ás especificidades do sector cultural galego e á dispoñibilidade de fontes de información. Nesta labor contouse co asesoramento do Observatorio da Cultura Galega, en particular no caso dalgunhas actividades cuxa inclusión no eido da cultura xeraba dúbidas. Ademais,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> tratouse de garantir na medida do posible a comparabilidade coa conta española, o que permite contextualizar o sector da cultura galego no conxunto de España.

A dispoñibilidade de fontes permitiu ofrecer unha delimitación moi precisa, mesmo daqueles epígrafes da CNAE 2009 dos que se contabilizou unha parte, por entender que non todas as fases dunha actividade son culturais. Concretamente:

> Na elaboración desta operación emprégase, fundamentalmente, a información do Marco Input-Output de Galicia. Os resultados obtidos nesta operación compleméntanse cunha variada gama de fontes secundarias, entre as que destacan as enquisas industriais e de servizos do Instituto Nacional de Estadística (INE), as liquidacións orzamentarias das administracións públicas, e as enquisas elaboradas no seo do propio IGE para completar a información do Sistema de Contas Económicas.

Segundo a CSC, a cultura representa en Galicia o 2% do PIB e o 3% do emprego, 30.828 postos de traballo. Nesta operación mídese o impacto do agregado de actividades culturais no conxunto da economía. As principais magnitudes son as que se presentan na Táboa 1.3.

**Táboa 1.3. As magnitudes da cultura en Galicia e peso destas na economía galega**

| | Valor (miles de euros) | Peso (%) |
|---|---|---|
| **Conta de produción da cultura** | | |
| Produción | 2.127.447 | 1,9% |
| Consumos intermedios | 1.023.528 | 1,7% |
| Valor Engadido Bruto (VEB) | 1.103.919 | 2,0% |
| **Conta de explotación da cultura** | | |
| Remuneración de asalariados | 668.629 | 2,5% |
| Outros impostos sobre a produción netos de subvencións | -24.185 | -39,5% |
| Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta | 459.475 | 1,8% |
| **Postos de traballo equivalentes a tempo completo** | | |
| Totais | 30.828 | 3,0% |
| Asalariados | 24.661 | 2,9% |
| Non asalariados | 6.167 | 3,5% |
| Gasto en consumo final das Administracións Públicas en cultura | 367.627 | 3,0% |
| Gasto en consumo final dos fogares en cultura | 1.002.728 | 2,9% |

Nota: No caso do VEB, a porcentaxe refírese ao peso do VEB das industrias culturais, non no VEB total da economía, senón no PIB de Galicia.
Fonte: IGE

Por sectores da cultura tal e como se recollen na CSC, o que máis achega á produción é o chamado de artes visuais, que inclúe actividades de deseño, fotografía, creación artística e de fabricación e comercio de bens relacionados con elas así como algunhas fases da arquitectura e da publicidade. A segunda en importancia é o sector do libro e da prensa e en terceiro lugar atópase o audiovisual e o multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada). A cuarta é o sector das actividades de patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas. A quinta compóñeno as artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais, e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo). Segundo a CSC, nas ramas 90 e 91 da CNAE-2009 inclúese unha parte importante do gasto que as Administracións Públicas Central, Autonómica e Local realizan na cultura galega. De non incluílas na análise, deixaríase fóra unha parte importante das actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia.

A continuación (Táboa 1.4) amósase a distribución do sector en base á achega que fan á conta de produción da Conta Satélite da Cultura.

**Táboa 1.4. Achega á conta de produción dos sectores culturais**

| | |
|---|---|
| Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas | 9,3% |
| Libros e prensa | 26,8% |
| Artes visuais | 35,1% |
| Artes escénicas | 7,8% |
| Audiovisual e multimedia | 16,8% |
| Interdisciplinar | 4,2% |

Fonte: IGE

Na CSC tamén se describe a distribución da cultura por fases, é dicir, a situación que ocupan dentro da cadea de produción. Son as cinco seguintes:

- Na fase de creación e produción inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas, as actividades encamiñadas a definir o produto ou servizo cultural. Nesta fase obtense o que podería denominarse "ben ou servizo primario", susceptible de ser reproducido para o seu consumo.
- A fase de fabricación abrangue as actividades destinadas a reproducir en serie bens culturais primarios.
- A difusión, distribución e comercialización inclúe as actividades necesarias para que o produto resultante das fases anteriores chegue ao usuario ou ao consumidor. Este bloque comprende aos intermediarios responsables da comercialización e distribución dos produtos culturais (comerciantes polo xunto e a retallo e outras formas de difusión da cultura, coma o cine e a televisión).
- As actividades de promoción e regulación abranguen parte do labor das administracións públicas.
- As actividades auxiliares son as que complementan as fases de creación e produción, por medio das cales se obteñen produtos que son empregados como consumos intermedios ou bens de capital nestas. Nesta fase tamén se inclúen actividades auxiliares á difusión e distribución de bens e servizos culturais, por medio das cales se obteñen produtos destinados ao consumidor final, pero exclúense as actividades auxiliares á fase de fabricación.

A continuación, na Táboa 1.5, amósanse as achegas das distintas fases da cultura.

**Táboa 1.5. Achegas ao VEB das distintas fases da cultura**

| | Valor (miles de euros) | Achega á conta de produción ou ao emprego (%) |
|---|---|---|
| Creación e produción | 779.899 | 70,6% |
| Fabricación | 120.090 | 10,9% |
| Difusión, distribución e comercialización | 139.611 | 12,6% |
| Promoción e regulación | 46.315 | 4,2% |
| Actividades auxiliares | 18.004 | 1,6% |

Fonte: IGE

Tal e como se pode comprobar, a produción e a creación supoñen o 70% do valor engadido bruto da cultura.

Para poder actualizar estes datos, tal e como establece a metodoloxía da CSC, utilizase a continuación a achega das *ramas características* do sector cultural. Esa análise recolle os agregados das ramas da CNAE-2009 da contabilidade galega que se poden ver na Táboa 1.6.

**Táboa 1.6. Ramas características da cultura**

| |
|---|
| 18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados |
| 58 Edición |
| 59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical |
| 60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión |
| 73 Publicidade |
| 90-93 Actividades artísticas, recreativas e de entretemento |

Fonte: IGE

Segundo este cálculo, a cultura achegou no último ano de referencia (2017) o 2,4% do PIB e o 2,7% do emprego. O máis relevante con respecto da evolución, é que dende 2011 a cultura creceu dunha maneira máis feble que o conxunto da economía de Galicia, polo que perdeu peso na súa achega a estes dous indicadores básicos (Táboa 1.7).

**Táboa 1.7. Achega das ramas características do sector cultural ao PIB e ao emprego**

| | 2011 | 2017 |
|---|---|---|
| % o PIB | 2,7% | 2,4% |
| % do emprego | 3,0% | 2,7% |

Fonte: IGE

A evolución da cultura nas contas económicas, seguindo a metodoloxía das ramas características da cultura, concretamente o agregado da conta de produción a prezos básicos de todas as ramas, ten a evolución en contraste co total que se presenta na Gráfica 1.1.

**Gráfica 1.1. Evolución da conta de produción das ramas características da cultura e do total (miles de €)**




Fonte: IGE

Ata 2005 non se ofrecen datos da rama "R73 Publicidade e estudos de mercado", de aí que se aprecie un chanzo nese ano no agregado. O máis destacado da evolución é que as taxas de decrecemento a partir de 2008 son maiores ata o punto máis baixo, que ademais se sitúa en 2014, un ano despois que o conxunto de actividades. A contracción do conxunto foi dun 11,9% entre 2008 e 2013 e dun 22,2% entre 2008 e 2014 para as ramas características da cultura. A recuperación do total da produción foi de 12,1% dende 2013 e para a cultura, polo efecto negativo de 2013, dun 7,7%.

A continuación, na Gráfica 1.2, amosamos a evolución do Valor Engadido Bruto.

**Gráfica 1.2. Evolución do VEB das ramas características da cultura e do total (miles de €)**




Fonte: IGE

Na gráfica 1.2 obsérvase unha evolución parella ata o inicio da recuperación de 2013, data a partir da cal o sector cultural vai perdendo peso no conxunto. Ilústrase con máis claridade na evolución da achega das ramas características da cultura ao VEB en termos relativos (Gráfica 1.3).

**Gráfica 1.3. Evolución da achega ao VEB das ramas características cultura**




Fonte: IGE

Para analizar con maior detalle, compre facer algunhas aclaracións. A evolución interna das actividade que compoñen o agregado das ramas características da cultura ten unha evolución moi dispar. As ramas 90-93, teñen unha evolución cíclica, semellante ao conxunto da economía, as ramas 18, 58, 59, 60 e 72 teñen unha evolución moi diferente. Experimentan un ascenso similar ao resto da actividade entre 2000 e 2008, pero a partires deste punto, inician un descenso paulatino que se frea a partir de 2013, pero con taxas de crecemento moi pobres. Pódese ver na evolución da conta de produción a prezos básicos Gráfica 1.4).

**Gráfica 1.4. Evolución da conta de produción das ramas características da cultura (miles de €)**




Fonte: IGE

A evolución do VEB presenta unha traza semellante, como se pode observar na Gráfica 1.5.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Gráfica 1.5. Evolución do VEB das ramas características da cultura (miles de €)**




Fonte: IGE

As taxas de variación do VEB entre 2008 e 2017 presentan o seguinte resultado (Táboa 1.8).

**Táboa1.8. Variación do VEB 2008-2017**

| | |
|---|---|
| R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | -31,9% |
| R58 Edición | -46,6% |
| R59-60 Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión | -10,3% |
| R73 Publicidade e estudos de mercado | -22,7% |
| R90-93M Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado | 5,7% |
| R90-93NM Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado | 15,9% |
| Cultura | -4,8% |
| Total | -0,8% |

Fonte: IGE

Tal e como se pode apreciar na táboa 1.8, as ramas da edición e das artes gráficas experimentaron unha perda considerable na súa capacidade para xerar valor engadido dende a crise de 2008. Pola contra, os agregados das ramas 90-93 tiveron un comportamento moito mellor que o conxunto da economía, que se contrae un 0,8% nos nove anos estudados. Ese incremento pode verse afectado polas diferenzas en comportamento das diferentes actividades dentro do agregado, que no conxunto das denominadas ramas características da cultura é onde hai un maior peso de actividades non culturais. As actividades que poderían distorsionar máis serían as relativas a xogos de azar e deportes.

Na Contabilidade Nacional de España podemos distinguir que sucedeu dentro desa rama ao dispoñer dun desglose maior, a saber, 90-92 Actividades de creación, artísticas e de espectáculos; actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais; xogos de azar e apostas e 93, Actividades deportivas, recreativas e de entretemento. A evolución destas dúas ramas é a que segue:

**Gráfico 1.6. Evolución de dúas ramas do agregado 90-93 e do total na contabilidade de España (miles de €)**




Fonte: INE

Así, podemos ver que o comportamento da rama 93 é moito máis positivo que o agregado 90-92. A primeira ten unha revalorización do 42,4% entre 2008 e 2017, mentres que a segunda presenta un incremento do 2,5%, 0,5 menos que o conxunto de actividades de España.

Malia non ter este desagregado para Galicia, é razoable pensar que parte da revalorización do agregado 90-93 das contas galegas estea influenciado por ese bo comportamento das actividades deportivas.

### 1.3 CONSUMO DE PRODUTOS E SERVIZOS CULTURAIS DOS FOGARES GALEGOS

No último ano de referencia (2018), os fogares galegos gastaron 632 millóns de euros en cultura, 578€ por fogar, 236€ por persoa (Táboa 1.9).

**Táboa 1.9. Principais magnitudes do gasto en cultura dos fogares galegos**

| | |
|---|---|
| Total (Millóns de euros) | 632,0 |
| Gasto medio por fogar (euros) | 578,6 |
| Gasto medio por persoa (euros) | 236,0 |

Fonte: IGE

En relación á distribución dese gasto, as principais partidas son as que se mostran na Gráfica 1.7).

**Gráfica 1.7. Principais desgloses do gasto en cultura dos fogares galegos**




Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Tal e como se pode apreciar na Gráfica 1.7, a partida principal é a relativa a telefonía móbil e os servizos relacionados con Internet.

Os cambios metodolóxicos dificultan a elaboración de series longas, pero procedemos a crear unha con aqueles servizos e bens culturais comparables ao longo das diferentes clasificacións. A evolución do consumo dos fogares en servizos e produtos culturais preséntase na Gráfica 1.8.

**Gráfico 1.8 Evolución de subgrupos de gasto en cultura dos fogares galegos (miles de euros)**




USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fonte: INE

Como se pode observar na Gráfica 1.8, as magnitudes totais describen unha evolución cíclica, pero se se desagregan por subgrupos de gasto, pódese constatar que o conxunto de equipamentos audiovisuais e asimilables xunto cos artigos de prensa e libros describen unha tendencia decrecente na totalidade do período estudado. En canto aos subgrupos que amosan un comportamento cíclico, compre destacar que son agregados con produtos non culturais.

Se desagregamos os datos relativos a deporte, cultura e xogos de azar, podemos ver a evolución para o total de España ao non contar co desglose na estatística galega (Gráfica 1.9).

**Gráfica 1.9 Evolución de subgrupos de gasto en cultura e outros servizos dos fogares españois (miles de euros)**




Fonte: INE

En relación coa evolución que observamos nas actividades deportivas nas contas nacionais de España, a demanda de produtos relacionados co deporte se incrementou de maneira importante nos fogares españois entre 2008 e 2017. Os xogos de azar presentan unha evolución máis semellante ao gasto en servizos culturais e espectáculos, pero cunha recuperación mellor a partir de 2013. Así, entre 2008 e 2017, a evolución destes agregados de gasto foi dun incremento dun 22,1%, mentres que o gasto en xogos de azar descendeu un 2,7% e os servizos culturais e espectáculos un 6,5%. Estes tamén serían indicios de que o comportamento da demanda de produtos e servizos culturais sería peor que o do agregado de produtos e servizos que ofrecen as actividades culturais, deporte e xogos de azar (ramas 90-93).

### 1.4 EMPRESAS CULTURAIS

O termo empresa cultural refírese a empresas que teñen unha actividade relacionada coa cultura dentro da clasificación CNAE-2009. A descrición da demografía de empresas culturais pode facerse dende distintas fontes. Así, existe unha Estadística de Empresas Culturales do Ministerio de Cultura y Deporte, que ofrece datos de número de empresas e algunhas outras variables. A delimitación do ámbito está baseado nas clasificacións descritas no apartado primeiro (1.1). Un indicador básico de demografía empresarial obtense desta estatística, cos resultados que se mostran na Gráfica 1.10.

**Gráfica 1.10 Evolución do número de empresas culturais en Galicia**




Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Este fonte ofrece unha serie de problemas metodolóxicos. En primeiro lugar, as diferenzas nas clasificacións que se producen durante a serie fan dificilmente comparable a evolución antes e despois de 2008. Por outra banda, este tipo de indicador é útil para medir a creación empresarial, pero non tanto para a destrución de sociedades, pois moitas permanecen activas no rexistro de empresas, pero sen actividade real. En calquera caso, percíbese como o ciclo económico iniciado en 2009 repercute negativamente no censo de empresas.

Sobre o tamaño das empresas culturais en Galicia no tocante ao estrato de asalariados, obsérvase que máis da metade non tiñan ningún asalariado, xa que son actividades de autoemprego. O 99,5 % son PEMEs (Observatorio da Cultura Galega 2016a).

Para facer unha descrición do seu comportamento nos últimos anos, procédese a facer unha explotación da base de datos do Sistema de Análises de Balances Ibéricos (SABI) das actividades que se puideron seleccionar a partir da proposta de delimitación do ámbito cultural da CSC de Galicia, coa diferenza de que non se inclúen as actividades da CNAE-2009 das que a CSC so recolle "unha parte da mesma", por estar maiormente compostas por actividades que non ofrecen produtos ou servizos culturais e non ser posible maior nivel de desglose, como son as que se presentan na Táboa 1.10.

**Táboa 1.10. Actividades económicas excluídas da análise de SABI**

| |
|---|
| Fabricación doutros produtos químicos n.c.n. |
| Fabricación de equipamentos de telecomunicacións |
| Fabricación de produtos electrónicos de consumo |
| Outro comercio a retallo de artigos novos en establecementos especializados |
| Comercio a retallo de artigos de segunda man en establecementos especializados |
| Outro comercio a retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras |
| Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos |
| Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico |
| Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n. |
| Outras actividades |
| Regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás seguranza social |

Fonte: Elaboración propia a partir da CSC

As actividades seleccionadas e os conxuntos nos que posteriormente se agrupan, que son os que conforman o sector cultural a efectos desta análise, son os que se recollen na Táboa 1.11.

**Táboa 1.11. Actividades culturais e conxuntos de actividades incluídas na análise de SABI**

| | |
|---|---|
| Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas | Artes gráficas |
| Outras actividades de impresión e artes gráficas | |
| Servicios de preimpresión e preparación de soportes | |
| Encadernación e servizos relacionados coa mesma | |
| Reprodución de soportes gravados | |
| Comercio por xunto de libros en establecementos especializados | Comercio |
| Comercio por xunto de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados | |
| Comercio por xunto de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados | |
| Edición de libros | Edición |
| Edición de xornais | |
| Edición de revistas | |
| Actividades de postprodución cinematográfica, de vídeo y de programas de televisión | Audiovisual |
| Actividades de exhibición cinematográfica | |
| Actividades de produción cinematográfica e de vídeo | |
| Actividades de producións de programas de televisión | |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | |
| Actividades de gravación de son e edición musical | |
| Actividades de radiodifusión | |
| Actividades de programación e emisión de televisión | |
| Actividades de las axencias de noticias | Publicidade e outros |
| Axencias de publicidade | |
| Servizos de representación de medios de comunicación | |
| Artes escénicas | Espectáculos |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | |
| Creación artística e literaria | |
| Xestión de salas de espectáculos | |
| Actividades de museos | Patrimonio |
| Xestión de lugares e edificios históricos | |
| Actividades de bibliotecas | |
| Actividades de arquivos | |

Fonte: Elaboración propia

Para poder describir e visualizar con un pouco de claridade agrúpanse as actividades nos sete conxuntos da Táboa 1.11, cos resultados que se presentan na Gráfica 1.11.

**Gráfica 1.11 Ingresos de explotación das principais actividades culturais (miles de euros)**




Fonte: Elaboración propia a partir de SABI

Como se observa na gráfica 1.11, o pico de ingresos das actividades culturais en Galicia prodúcese en 2007, para despois decrecer ata 2013 e debuxar unha pequena recuperación despois. Na mesma gráfica pódese apreciar que a evolución das distintas actividades é irregular. A edición, que era a actividade con máis peso no conxunto, perde ingresos regularmente dende 2007. As artes gráficas, a publicidade e outras actividades agrupadas baixo este epígrafe teñen unha evolución máis cíclica, pero sen capacidade de superar os ingresos de 2007. O comercio mantén mais estabilidade que as actividades anteriores, pero atópase nunha situación de decrecemento irregular dende 2008. O audiovisual é actividade que reflicte mellor a evolución do conxunto da economía. As actividades relacionadas cos espectáculos experimentan un crecemento sostido dende 2013 e superan os picos de facturación de 2007. As de patrimonio, pese ao seu pequeno tamaño relativo, tamén teñen unha tendencia crecente.

### 1.5 GASTO PÚBLICO EN CULTURA

Para a descrición do gasto público en cultura procedeuse a analizar a fonte Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura do Ministerio de Cultura y Deporte. Para amosar a tendencia reprodúcense aquí os datos na Gráfica 1.12.

**Gráfica 1.12 Gasto público en cultura de tres administracións (miles de euros)**




Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Cultura y Deporte e Ministerio de Hacienda

Como se pode observar na Gráfica 1.12, a tendencia do gasto público en cultura está relacionada co ciclo económico, con descensos moi importantes a partir de 2008-2010 e unha pequena recuperación a partir de 2014. Tal e como se ten constatado noutros traballos (Observatorio da Cultura Galega, 2014d, Consello da Cultura Galega, 2018) os orzamentos de cultura experimentaron uns descensos moito maiores que o conxunto dos gasto ou que o resto de partidas destinas a gasto social.

### 1.6 EMPREGO CULTURAL

En España, os datos de emprego cultural obtéñense a partir da explotación que realiza o Ministerio de Cultura y Deporte da Encuesta de Población Activa (EPA) do Instituto Nacional de Estadística, na que se ofrecen datos sobre a totalidade de persoas que desenvolven a súa actividade laboral dentro do ámbito cultural, ou ben porque teñen unha ocupación cultural, ou ben porque traballan nunha actividade económica de tipo cultural. Considérase emprego

cultural o conxunto de persoas empregadas de 16 anos en diante que desenvolven unha ocupación cultural no conxunto da economía ou calquera emprego en sectores culturais. As ocupacións culturais son aquelas actividades profesionais como: escritoras/es, artistas, arquivistas, bibliotecarias/os etc. Todas estas ocupacións son tidas en conta con independencia da actividade principal do empregador. As actividades culturais inclúen actividades de edición, de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión, así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. Nestas actividades considérase todo o emprego con independencia da ocupación (artística, técnica, administrativa ou de dirección), dado que todas elas son necesarias para o seu funcionamento. A delimitación das actividades económicas e das ocupacións que se inclúen no ámbito cultural para a explotación que se presenta está condicionada pola dispoñibilidade das desagregacións da EPA. En definitiva, esta enquisa é a que describe con maior precisión a totalidade do emprego cultural (Observatorio da Cultura Galega, 2019a).

A estrutura do emprego nas actividades culturais indica que, en comparación coa totalidade, hai maior dependencia das empresas máis pequenas e menos concentración nas grandes. O emprego cultural experimenta unha importante estacionalidade, maior que a do total do emprego. O número de autónomos nas actividades culturais supera en proporción ao total de actividades. Concretamente, en febreiro de 2020, case o 30% dos empregados da cultura eran traballadores por conta propia. Nas actividades de creación, artísticas e de espectáculos esta proporción achégase ao 65%.

A evolución do emprego é a que se presenta na Gráfica 1.13.

**Gráfica 1.13 Evolución do emprego cultural en Galicia (miles de empregados)**




Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Como se pode apreciar, o emprego cultural tamén experimenta unha evolución marcada polo ciclo económico, pero os niveis de recuperación son mais intensos que outros indicadores e en números absolutos se superan os niveis de 2009 a partir de 2016, o que indicaría que en conxunto, o emprego amosa unha evolución positiva despois do período crítico iniciado en 2009.

A achega do número de asalariados do ámbito cultural ten unha evolución moi semellante ao conxunto (Gráfica 1.14), pero gañando algo de peso na evolución, perdendo no último ano de referencia. O peso en 2008 e 2017 é moi semellante (3,2%-3,3%).

**Gráfica 1.14 Evolución do emprego cultural (empregados) e do seu peso no conxunto do emprego (en porcentaxe do total) en Galicia**




Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte a partir de EPA

Como a fonte que explota os datos da EPA non permite desagregacións sectoriais, procedeuse á análise das afiliacións á seguridade social das principais actividades culturais, cos resultados que se presentan na Gráfica 1.15.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Gráfica 1.15 Evolución do número de afiliacións á Seguridade Social nas principais actividades culturais de Galicia**




Fonte: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social

De xeito congruente con algunhas tendencias observadas na facturación empresarial, tamén se observa aquí un declive importante das actividades relacionadas coa edición e as artes gráficas, certa tendencia cíclica das actividades relacionadas co audiovisual e unha tendencia positiva das actividades de creación, artísticas e de espectáculos, que gañan moito peso relativo nas afiliacións das principais actividades culturais.

As diferenzas atopadas entre a evolución da explotación da EPA e das afiliacións á seguridade social poden deberse a que na EPA se inclúen máis actividades culturais que na análise das afiliación e moi probablemente, co feito de que a EPA recolle ademais as ocupacións culturais contratadas en actividades non culturais, que poderían ter unha evolución máis positiva que o emprego total xerado en actividades culturais.

Na Gráfica 1.16 pódese observar a evolución do emprego cultural en España segundo grupos de actividade, desglose que non é posible ofrecer para Galicia.

**Gráfica 1.16 Evolución do emprego cultural (miles de empregados) segundo grupos de actividades en España**




Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte a partir de EPA

Como se pode ver na gráfica 1.15 son precisamente as actividades incluídas baixo o epígrafe "outras", que inclúe todas aquelas actividades que non son culturais, o que mais crece no período analizado. Nas actividades culturais, amósase unha tendencia negativa nalgunhas como a edición. Malia que os resultados non son extrapolables a Galicia, ofrecen un indicio de que o crecemento global do emprego cultural proveña de ocupacións culturais dependentes de actividades non culturais

## 1.5 Relación entre as principais variables económicas da cultura e destas con macroindicadores

Unha vez descritas as principais variables de tipo macroeconómico relacionadas coa cultura en Galicia, resulta interesante poñelas en relación con indicadores económicos de carácter xeral. Achegamos a continuación (Gráfica 1.17) unha serie das magnitudes nas anualidades en que foi posible realizar unha comparación.

**Gráfica 1.17 Evolución de indicadores macroeconómicos e magnitudes da cultura (miles de euros)**




(1) Gasto dos grupos de gasto recollidos no apartado 1.3
(2) Obrigacións Recoñecidas Netas. Liquidación dos Orzamentos das Comunidades Autónomas.

Fontes: IGE, INE, Ministerio de Hacienda

Os indicadores da economía galega que se contemplan son tres: o PIB, o gasto público liquidado da comunidade autónoma e o gasto dos fogares. Como se pode apreciar, só o PIB recupera en termos absolutos os niveis máximos de 2008, nin o gasto das familias nin o gasto público logran incrementar ese indicador ao longo da serie comparable. A evolución dende 2009 é negativa ata 2013 e despois debuxa unha pequena recuperación. A evolución dos indicadores culturais é similar. Sen embargo, en termos absolutos o nivel de recuperación está moi lonxe dos niveis máximos, o que apunta a que os indicadores de cultura á marxe da evolución conxuntural, presentan unha contracción máis severa (Táboa 1.12).

**Táboa 1.12 Evolución dalgúns indicadores macroeconómicos e culturais entre 2008 e 2017**

| | |
|---|---|
| Gasto dos fogares | -3,0% |
| Gasto dos fogares en cultura | -41,5% |
| Gasto público en cultura (Xunta de Galicia) | -55,2% |
| Gasto público liquidado CA Galicia | -6,5% |
| Produto Interior Bruto a prezos de mercado | 0,7% |
| Ramas características da cultura | -14,0% |
| Ingresos de explotación das empresas culturais | -24,7% |

Fontes: IGE, INE, SABI, Ministerio de Hacienda

Como se pode apreciar na Táboa 1.12, a evolución dos indicadores sintéticos da actividade económica de Galicia, as diferenzas entre 2009 e 2017 son relativamente pequenas, en cambio, a actividade económica da cultura sufre unha contracción moi importante tanto do gasto público como do gasto das familias, o cal se reflicte necesariamente nos datos do sistema produtivo da cultura e especialmente nos ingresos das empresas.

Para poder describir esta realidade máis polo miúdo, procedeuse a realizar unha análise que mide as correlacións entre as principais variables económicas da cultura durante unha serie histórica relativamente pequena (2000-2019). Aínda que a metodoloxía máis común para a análise das correlacións temporais é a correlación de Pearson, como neste caso é unha serie temporal con poucos puntos, non é correcto asumir unha distribución normal dos datos, polo que se utilizou unha alternativa non paramétrica: a correlación de Spearman (Hauke, J., & Kossowski, T., 2011), (Rebekić, A., Lončarić, Z., Petrović, S., & Marić, S., 2015), (Xiao, C., Ye, J., Esteves, R. M., & Rong, C., 2016), (Akoglu, H., 2018). A variables analizadas son o gasto público en cultura da Xunta de Galicia, dos concellos e das deputacións provinciais, o número de empresas culturais, o total de emprego cultural, o gasto das familias de catro subconceptos (Equipos audiovisuais, fotográficos, etc.; Outros bens para o ocio, o deporte e a cultura; Servizos recreativos, deportivos e culturais; Prensa, libros e artigos de papelería) e os ingresos de explotación das 30 actividades económicas recollidas no apartado 1.4. Os resultados móstranse nas Táboas 1.13 ata 1.18.

Un primeiro achado amosa que existe unha correlación significativa entre o gasto das tres administracións estudadas entre si, salvo entre a Xunta de Galicia e os concellos (Táboa 1.13). Ditas correlacións aumentan cando o nivel de descentralización administrativa baixa, o que indica que os incrementos e descensos se fan en proporcións semellantes e en ciclos semellantes, especialmente entre os concellos e as deputacións provinciais.

Tamén se atopan correlacións importantes entre algunhas das magnitudes do gasto público e algunhas do gasto das familias, especialmente no caso dos equipos audiovisuais e fotográficos e tamén nos produtos editoriais (prensa, libros, etc.), o que indica tamén que as contraccións e expansións de gasto se producen con certa harmonía tanto no sector privado como no público.

**Táboa 1.13 Correlacións das variables analizadas coas variables de gasto público**

| | Gasto da Xunta de Galicia | Gasto dos concellos | Gasto das deputacións provinciais |
|---|---|---|---|
| **Variables de gasto público** | | | |
| Gasto da Xunta de Galicia | 1,00 | 0,20 | 0,51 |
| Gasto dos concellos | 0,20 | 1 | 0,78 |
| **Variables de gasto das familias** | | | |
| Equipos audiovisuais, fotográficos, etc. | 0,90 | 0,46 | 0,68 |
| Outros bens para o ocio, o deporte e a cultura | 0,40 | 0,45 | 0,45 |
| Servizos recreativos, deportivos e culturais | 0,15 | -0,13 | 0,02 |
| Prensa, libros e artigos de papelería | 0,76 | 0,23 | 0,59 |
| **Variables de ingresos de explotación** | | | |
| Artes gráficas, etc. | 0,29 | 0,56 | 0,52 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Outras actividades de impresión | 0,57 | 0,11 | 0,41 |
| Servizos de preimpresión, etc. | 0,75 | 0,38 | 0,64 |
| Encadernación, etc. | 0,81 | 0,38 | 0,68 |
| Reprodución de soportes gravados | 0,73 | 0,03 | 0,42 |
| Comercio polo miúdo de libros, etc. | 0,55 | 0,80 | 0,79 |
| Comercio polo miúdo de xornais, etc. | 0,49 | 0,58 | 0,59 |
| Comercio polo miúdo de gravacións de música, etc. | 0,30 | -0,14 | 0,11 |
| Edición de libros | 0,85 | 0,45 | 0,74 |
| Edición de xornais | 0,57 | -0,23 | 0,15 |
| Edición de revistas | 0,65 | 0,66 | 0,67 |
| Actividades de postprodución, etc. | 0,19 | 0,11 | 0,38 |
| Actividades de exhibición cinematográfica | 0,55 | 0,74 | 0,69 |
| Actividades de produción cinematográfica e de vídeo | -0,36 | 0,13 | -0,14 |
| Actividades de produción de programas de televisión | 0,59 | 0,03 | 0,29 |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | 0,43 | -0,30 | -0,06 |
| Actividades de gravación de son e edición musical | 0,35 | -0,04 | -0,08 |
| Actividades de radiodifusión | 0,85 | 0,22 | 0,63 |
| Actividades de programación e emisión de televisión | 0,49 | -0,22 | 0,21 |
| Actividades das axencias de noticias | 0,55 | 0,39 | 0,50 |
| Axencias de publicidade | 0,49 | 0,18 | 0,46 |
| Servizos de representación de medios de comunicación | 0,21 | 0,55 | 0,30 |
| Artes escénicas | 0,37 | 0,53 | 0,46 |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | -0,03 | 0,61 | 0,24 |
| Creación artística e literaria | 0,52 | -0,09 | 0,25 |
| Xestión de salas de espectáculos | 0,55 | 0,64 | 0,64 |
| Actividades de museos | 0,20 | -0,04 | 0,14 |
| Xestión de lugares e edificios históricos | 0,69 | 0,59 | 0,66 |
| Actividades de bibliotecas | 0,54 | 0,51 | 0,60 |
| Actividades de arquivos | 0,58 | -0,08 | 0,37 |

Fonte: Elaboración propia

Dende un punto de vista empresarial, tamén existen relacións directas significativas entre os ingresos de explotación de moitas das ramas de actividade cultural coas variables de gasto público, especialmente co gasto de carácter autonómico. Obsérvase unha correlación importante entre os ingresos das actividades de impresión e sobre todo de edición e de comercio de libros co gasto público. As actividades relacionadas cos espectáculos, como as artes escénicas e as actividades creativas, tamén amosan correlacións importantes cos indicadores de gasto público, pero de menor intensidade que as que presentaban a maioría de actividades relacionadas coa edición e o libro. Atópase menos correlación entre as magnitudes de gasto publico con algunhas actividades do audiovisual, como en xeral as actividades relacionadas co cine e maiores correlacións noutras, como as relacionadas coa televisión e a radio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 1.14 Correlacións das variables analizadas coas variables de emprego e número de empresas culturais**

| | Emprego cultural | Empresas culturais |
|---|---|---|
| Empresas culturais | 0,91 | 1,00 |
| **Variables de gasto público** | | |
| Gasto da Xunta de Galicia | -0,20 | -0,13 |
| Gasto dos concellos | 0,34 | 0,51 |
| Gasto das deputacións provinciais | -0,03 | 0,07 |
| **Variables de gasto das familias** | | |
| Equipos audiovisuais, fotográficos, etc. | -0,68 | -0,60 |
| Outros bens para o ocio, o deporte e a cultura | 0,42 | 0,38 |
| Servizos recreativos, deportivos e culturais | 0,11 | -0,09 |
| Prensa, libros e artigos de papelería | -0,77 | -0,71 |
| **Variables de ingresos de explotación** | | |
| Artes gráficas, etc. | 0,54 | 0,56 |
| Outras actividades de impresión | 0,04 | -0,07 |
| Servizos de preimpresión, etc. | 0,14 | 0,18 |
| Encadernación, etc. | -0,35 | -0,32 |
| Reprodución de soportes gravados | -0,09 | -0,15 |
| Comercio polo miúdo de libros, etc. | 0,46 | 0,54 |
| Comercio polo miúdo de xornais, etc. | 0,40 | 0,41 |
| Comercio polo miúdo de gravacións de música, etc. | -0,43 | -0,49 |
| Edición de libros | -0,31 | -0,19 |
| Edición de xornais | -0,73 | -0,66 |
| Edición de revistas | 0,25 | 0,31 |
| Actividades de postprodución, etc. | -0,40 | -0,33 |
| Actividades de exhibición cinematográfica | 0,42 | 0,52 |
| Actividades de produción cinematográfica y de vídeo | 0,72 | 0,83 |
| Actividades de produción de programas de televisión | 0,07 | -0,03 |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | -0,20 | -0,17 |
| Actividades de gravación de son e edición musical | 0,50 | 0,48 |
| Actividades de radiodifusión | -0,53 | -0,51 |
| Actividades de programación e emisión de televisión | -0,78 | -0,82 |
| Actividades das axencias de noticias | 0,15 | 0,15 |
| Axencias de publicidade | -0,60 | -0,48 |
| Servizos de representación de medios de comunicación | 0,69 | 0,71 |
| Artes escénicas | 0,66 | 0,71 |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | 0,92 | 0,95 |
| Creación artística e literaria | -0,23 | -0,25 |
| Xestión de salas de espectáculos | 0,46 | 0,55 |
| Actividades de museos | -0,04 | -0,15 |
| Xestión de lugares e edificios históricos | 0,06 | 0,21 |
| Actividades de bibliotecas | -0,05 | 0,16 |
| Actividades de arquivos | -0,69 | -0,70 |

Fonte: Elaboración propia

En cambio, as correlacións entre o gasto público e o privado co emprego e co número de empresas culturais son moito máis febles (Táboa 1.14), o cal indicaría que o número de empresas e de postos de traballo culturais non estarían tan relacionados co gasto público e privado. En cambio, existe unha forte correlación entre os dous indicadores, o cal tampouco debería resultar sorprendente, tendo en consideración que o que sucede é que o número de empresas crece xunto co número de empregados culturais. As correlacións máis robustas destes dous indicadores cos ingresos de explotación das empresas danse coas actividades de produción de cinematografía, servizos de representación de medios de comunicación e artes escénicas.

**Táboa 1.15 Correlacións das variables analizadas coas variables de gasto das familias**

| | Equipos audiovisuais, fotográficos, etc. | Outros bens para o ocio, o deporte e a cultura | Servizos recreativos, deportivos e culturais | Prensa, libros e artigos de papelería |
|---|---|---|---|---|
| **Variables de consumo familiar** | | | | |
| Outros bens para o ocio, o deporte e a cultura | 0,09 | 1,00 | 0,44 | -0,18 |
| Servizos recreativos, deportivos e culturais | 0,33 | 0,44 | 1,00 | 0,01 |
| Prensa, libros e artigos de papelería | 0,78 | -0,18 | 0,01 | 1,00 |
| **Variables de ingresos de explotación** | | | | |
| Artes gráficas, etc. | 0,39 | 0,00 | -0,20 | 0,47 |
| Outras actividades de impresión | 0,42 | 0,07 | 0,03 | 0,41 |
| Servizos de preimpresión, etc. | 0,56 | 0,45 | 0,24 | 0,45 |
| Encadernación, etc. | **0,72** | 0,38 | 0,12 | 0,55 |
| Reprodución de soportes gravados | 0,61 | 0,59 | 0,47 | 0,38 |
| Comercio polo miúdo de libros, etc. | **0,71** | 0,36 | 0,10 | 0,51 |
| Comercio polo miúdo de xornais, etc. | **0,90** | 0,08 | 0,24 | **0,74** |
| Comercio polo miúdo de gravacións de música, etc. | 0,46 | 0,56 | 0,64 | 0,14 |
| Edición de libros | **0,85** | 0,35 | 0,24 | 0,69 |
| Edición de xornais | **0,80** | -0,35 | 0,11 | **0,85** |
| Edición de revistas | **0,84** | 0,19 | 0,04 | **0,79** |
| Actividades de postprodución, etc. | 0,50 | 0,21 | 0,42 | 0,23 |
| Actividades de exhibición cinematográfica | **0,71** | 0,29 | -0,03 | 0,64 |
| Actividades de produción cinematográfica e de vídeo | -0,54 | 0,20 | 0,16 | -0,65 |
| Actividades de produción de programas de televisión | 0,58 | 0,45 | 0,69 | 0,46 |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | 0,09 | 0,43 | 0,33 | -0,05 |
| Actividades de gravación de son e edición musical | -0,07 | 0,68 | 0,38 | -0,35 |
| Actividades de radiodifusión | **0,84** | 0,18 | 0,23 | **0,84** |
| Actividades de programación e emisión de televisión | **0,85** | -0,06 | 0,29 | **0,72** |
| Actividades das axencias de noticias | **0,84** | -0,08 | 0,03 | **0,78** |
| Axencias de publicidade | 0,52 | 0,17 | 0,06 | 0,37 |
| Servizos de representación de medios de comunicación | 0,24 | 0,59 | 0,44 | -0,30 |
| Artes escénicas | 0,06 | 0,61 | 0,16 | -0,10 |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | -0,47 | 0,57 | 0,10 | -0,64 |
| Creación artística e literaria | 0,54 | 0,43 | 0,46 | 0,47 |
| Xestión de salas de espectáculos | 0,64 | 0,38 | 0,03 | 0,55 |
| Actividades de museos | -0,10 | 0,55 | 0,10 | -0,08 |
| Xestión de lugares e edificios históricos | 0,40 | 0,65 | -0,04 | 0,34 |
| Actividades de bibliotecas | 0,07 | 0,31 | -0,25 | 0,26 |
| Actividades de arquivos | **0,82** | -0,02 | 0,23 | 0,70 |

Fonte: Elaboración propia

As correlacións co gasto das familias (Táboa 1.15) son relativamente febles entre elas, agás entre artigos editoriais e de prensa e equipos audiovisuais e fotográficos. En cambio, aparecen correlacións destacables entre algúns subgrupos de gasto e os ingresos de explotación das empresas que ofrecen servizos e produtos relacionados con eses subgrupos de gasto, pero tamén con actividades non relacionadas. Así o subgrupo de gasto en prensa, libros etc. correlaciona con actividades de comercio de xornais e de edición de libros e de xornais, pero tamén con actividades de radiodifusión, de programación e emisión de televisión e de axencias de noticias. Asemade, o subgrupo de gasto en equipos audiovisuais e fotográficos, correlaciona

esencialmente coas mesmas actividades, reflectindo a correlación que se observaba entre as dúas variables de gasto das familias.
Para entender as relacións do conxunto da industria cultural, resulta de utilidade observar as correlacións dos ingresos de explotación das actividades culturais entre elas.

**Táboa 1.16 Correlacións das variables analizadas cos ingresos de explotación das actividades culturais (I)**

| | Artes gráficas, etc. | Outras actividades de impresión | Servizos de preimpresión, etc. | Encadernación, etc. | Reproducción de soportes gravados | Comercio polo miúdo de libros, etc. | Comercio polo miúdo de xornais, etc. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Outras actividades de impresión | 0,43 | 1,00 | 0,65 | 0,62 | 0,67 | 0,52 | 0,54 |
| Servizos de preimpresión, etc. | 0,23 | 0,65 | 1,00 | 0,78 | 0,72 | 0,65 | 0,47 |
| Encadernación, etc. | 0,06 | 0,62 | 0,78 | 1,00 | 0,69 | 0,46 | 0,31 |
| Reprodución de soportes gravados | 0,11 | 0,67 | 0,72 | 0,69 | 1,00 | 0,41 | 0,33 |
| Comercio polo miúdo de libros, etc. | 0,75 | 0,52 | 0,65 | 0,46 | 0,41 | 1,00 | 0,84 |
| Comercio polo miúdo de xornais, etc. | 0,88 | 0,54 | 0,47 | 0,31 | 0,33 | 0,84 | 1,00 |
| Comercio polo miúdo de gravacións de música, etc. | -0,63 | 0,01 | 0,34 | 0,41 | 0,50 | -0,25 | -0,32 |
| Edición de libros | 0,40 | 0,63 | 0,61 | 0,75 | 0,65 | 0,62 | 0,57 |
| Edición de xornais | -0,13 | 0,17 | 0,06 | 0,46 | 0,22 | -0,07 | 0,10 |
| Edición de revistas | 0,80 | 0,51 | 0,53 | 0,40 | 0,37 | 0,77 | 0,90 |
| Actividades de postprodución, etc. | -0,41 | -0,11 | 0,20 | 0,39 | 0,31 | -0,09 | -0,23 |
| Actividades de exhibición cinematográfica | 0,80 | 0,54 | 0,59 | 0,38 | 0,34 | 0,91 | 0,84 |
| Actividades de produción cinematográfica y de vídeo | 0,31 | -0,15 | 0,10 | -0,46 | -0,23 | 0,28 | 0,26 |
| Actividades de produción de programas de televisión | 0,12 | 0,50 | 0,67 | 0,46 | 0,68 | 0,33 | 0,42 |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | -0,49 | 0,33 | 0,60 | 0,42 | 0,58 | -0,02 | -0,21 |
| Actividades de gravación de son e edición musical | 0,01 | 0,25 | 0,62 | 0,14 | 0,52 | 0,30 | 0,18 |
| Actividades de radiodifusión | 0,12 | 0,54 | 0,57 | 0,85 | 0,64 | 0,28 | 0,34 |
| Actividades de programación e emisión de televisión | -0,46 | 0,22 | 0,19 | 0,62 | 0,41 | -0,26 | -0,20 |
| Actividades das axencias de noticias | 0,75 | 0,51 | 0,35 | 0,42 | 0,24 | 0,65 | 0,85 |
| Axencias de publicidade | -0,38 | 0,35 | 0,46 | 0,69 | 0,39 | 0,00 | -0,15 |
| Servizos de representación de medios de comunicación | 0,57 | 0,19 | 0,41 | 0,10 | 0,26 | 0,72 | 0,65 |
| Artes escénicas | 0,49 | 0,40 | 0,73 | 0,21 | 0,31 | 0,73 | 0,60 |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | 0,57 | 0,16 | 0,35 | -0,16 | 0,01 | 0,63 | 0,47 |
| Creación artística e literaria | -0,20 | 0,42 | 0,65 | 0,58 | 0,72 | 0,22 | 0,10 |
| Xestión de salas de espectáculos | 0,82 | 0,59 | 0,64 | 0,36 | 0,34 | 0,91 | 0,87 |
| Actividades de museos | -0,10 | 0,21 | 0,29 | 0,21 | 0,27 | 0,07 | -0,11 |
| Xestión de lugares e edificios históricos | 0,36 | 0,36 | 0,74 | 0,62 | 0,48 | 0,69 | 0,43 |
| Actividades de bibliotecas | 0,19 | 0,10 | 0,40 | 0,37 | -0,01 | 0,34 | 0,14 |
| Actividades de arquivos | -0,12 | 0,41 | 0,22 | 0,57 | 0,54 | -0,03 | 0,01 |

Fonte: Elaboración propia

Así, na táboa 1.16, obsérvanse correlacións fortes entre actividades relacionadas, como por exemplo entre servizos de preimpresión, etc. e encadernación, etc. e reprodución de soportes gravados. Ao mesmo tempo se observan correlacións entre actividades de comercio de libros e prensa coa edición de libros e revistas, pero tamén con actividades coas que a priori existe unha relación moito menos evidente, como pode ser as actividades de axencias de noticias ou a xestión de salas de espectáculos.

**Táboa 1.17 Correlacións das variables analizadas cos ingresos de explotación das actividades culturais (II)**

| | Comercio polo miúdo de gravacións de música, etc. | Edición de libros | Edición de xornais | Edición de revistas | Actividades de postprodución, etc. | Actividades de exhibición cinematográfica | Actividades de produción cinematográfica e de vídeo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comercio polo miúdo de gravacións de música, etc. | 1,00 | 0,20 | 0,29 | -0,21 | 0,48 | -0,34 | -0,33 |
| Edición de libros | 0,20 | 1,00 | 0,47 | 0,72 | 0,18 | 0,63 | -0,30 |
| Edición de xornais | 0,29 | 0,47 | 1,00 | 0,15 | 0,27 | -0,02 | -0,63 |
| Edición de revistas | -0,21 | 0,72 | 0,15 | 1,00 | -0,24 | 0,80 | 0,11 |
| Actividades de postprodución, etc. | 0,48 | 0,18 | 0,27 | -0,24 | 1,00 | -0,14 | -0,15 |
| Actividades de exhibición cinematográfica | -0,34 | 0,63 | -0,02 | 0,80 | -0,14 | 1,00 | 0,30 |
| Actividades de produción cinematográfica e de vídeo | -0,33 | -0,30 | -0,63 | 0,11 | -0,15 | 0,30 | 1,00 |
| Actividades de produción de programas de televisión | 0,49 | 0,50 | 0,18 | 0,54 | 0,01 | 0,30 | 0,02 |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | 0,66 | 0,18 | 0,09 | -0,17 | 0,26 | -0,07 | -0,02 |
| Actividades de gravación de son e edición musical | 0,36 | 0,02 | -0,31 | 0,18 | -0,04 | 0,23 | 0,42 |
| Actividades de radiodifusión | 0,36 | 0,80 | 0,71 | 0,48 | 0,35 | 0,34 | -0,58 |
| Actividades de programación e emisión de televisión | 0,58 | 0,39 | 0,73 | -0,08 | 0,58 | -0,28 | -0,70 |
| Actividades das axencias de noticias | -0,38 | 0,50 | 0,37 | 0,75 | -0,13 | 0,68 | -0,07 |
| Axencias de publicidade | 0,59 | 0,53 | 0,45 | 0,03 | 0,37 | -0,06 | -0,38 |
| Servizos de representación de medios de comunicación | -0,22 | 0,09 | -0,34 | 0,45 | 0,12 | 0,62 | 0,55 |
| Artes escénicas | -0,07 | 0,26 | -0,33 | 0,53 | -0,17 | 0,72 | 0,63 |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | -0,42 | -0,07 | -0,68 | 0,37 | -0,32 | 0,59 | 0,78 |
| Creación artística e literaria | 0,62 | 0,51 | 0,19 | 0,25 | 0,25 | 0,07 | -0,16 |
| Xestión de salas de espectáculos | -0,33 | 0,59 | -0,05 | 0,82 | -0,25 | 0,92 | 0,35 |
| Actividades de museos | 0,27 | 0,12 | -0,08 | -0,09 | -0,25 | -0,05 | -0,28 |
| Xestión de lugares e edificios históricos | 0,12 | 0,58 | 0,12 | 0,51 | 0,12 | 0,78 | -0,07 |
| Actividades de bibliotecas | -0,17 | 0,35 | 0,28 | 0,29 | 0,00 | 0,45 | -0,05 |
| Actividades de arquivos | 0,47 | 0,71 | 0,64 | 0,21 | 0,49 | -0,01 | -0,65 |

Fonte: Elaboración propia

Do mesmo xeito, como se ve na Táboa 1.17, tampouco parecen correlacións que obedezan a unha relación entre empresas as que presenta as actividades de edición coas actividades de radiodifusión, os arquivos ou as actividade de programación de televisión, polo que máis ben se teñen que explicar por un comportamento similar ao longo da serie estudada. En cambio, ademais de certa coincidencia temporal co ciclo de ingresos, resulta máis doado de interpretar as correlacións atopadas entre actividades relacionadas co audiovisual e aquelas relacionadas cos espectáculos e as artes escénicas, por gardar certa relación os produtos e servizos que ofrecen.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 1.18 Correlacións das variables analizadas cos ingresos de explotación das actividades culturais (III)**

| | Actividades de produción de programas de televisión | Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | Actividades de gravación de son e edición musical | Actividades de radiodifusión | Actividades de programación e emisión de televisión | Actividades das axencias de noticias | Axencias de publicidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades de produción de programas de televisión | 1,00 | 0,45 | 0,54 | 0,51 | 0,32 | 0,23 | 0,36 |
| Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo | 0,45 | 1,00 | 0,66 | 0,21 | 0,32 | -0,31 | 0,56 |
| Actividades de gravación de son e edición musical | 0,54 | 0,66 | 1,00 | -0,09 | -0,20 | -0,08 | 0,06 |
| Actividades de radiodifusión | 0,51 | 0,21 | -0,09 | 1,00 | 0,72 | 0,50 | 0,55 |
| Actividades de programación e emisión de televisión | 0,32 | 0,32 | -0,20 | 0,72 | 1,00 | 0,08 | 0,68 |
| Actividades das axencias de noticias | 0,23 | -0,31 | -0,08 | 0,50 | 0,08 | 1,00 | -0,12 |
| Axencias de publicidade | 0,36 | 0,56 | 0,06 | 0,55 | 0,68 | -0,12 | 1,00 |
| Servizos de representación de medios de comunicación | 0,17 | -0,08 | 0,48 | -0,09 | -0,37 | 0,51 | -0,31 |
| Artes escénicas | 0,44 | 0,32 | 0,73 | 0,00 | -0,43 | 0,30 | -0,06 |
| Actividades auxiliares ás artes escénicas | 0,14 | -0,06 | 0,53 | -0,39 | -0,73 | 0,18 | -0,35 |
| Creación artística e literaria | 0,79 | 0,68 | 0,44 | 0,49 | 0,50 | -0,04 | 0,59 |
| Xestión de salas de espectáculos | 0,34 | 0,01 | 0,34 | 0,27 | -0,33 | 0,69 | -0,06 |
| Actividades de museos | 0,12 | 0,34 | 0,23 | 0,12 | -0,10 | -0,16 | -0,01 |
| Xestión de lugares e edificios históricos | 0,22 | 0,28 | 0,33 | 0,50 | -0,03 | 0,36 | 0,21 |
| Actividades de bibliotecas | 0,01 | 0,07 | 0,03 | 0,37 | 0,02 | 0,24 | 0,24 |
| Actividades de arquivos | 0,35 | 0,18 | -0,23 | 0,75 | 0,85 | 0,12 | 0,59 |

Fonte: Elaboración propia

De feito, na Táboa 1.18 tamén se poden observar correlacións importantes entre actividades escasamente relacionadas como a produción de televisión e distribución de cine con actividades de creación, ou os arquivos con actividades de natureza audiovisual, ao mesmo tempo que se atopan correlacións entre actividades que comparten un mercado de maneira máis evidente, como as observadas entre as actividades de radio e televisión e destas dúas coas axencias de publicidade.

## 1.6 CONCLUSIÓNS

A evolución da maioría de indicadores estudados neste capítulo apunta a que as actividades culturais se atopan nunha fase de retroceso con respecto de 2008. Os agregados que nos permiten observar a súa evolución na contabilidade rexional, por recoller compoñentes doutras actividades que sufriron unha recuperación moi importante a partir de 2013, agochan unha contracción que con seguridade é maior. A razón principal ten que ver con que as actividades relacionadas coa edición sobre todo, e en menor medida coa impresión, se atopan nunha situación de crise estrutural, sen que o ciclo económico, que resultou ser o detonante do seu declive, inflúa claramente na súa recuperación. Nos anos de crecemento económico que comezan a partir de 2013, as actividades relacionadas co libro e a edición seguen perdendo capacidade produtiva. As actividades de comercio de produtos culturais en xeral, e de produtos editoriais en particular, tamén sofren un retroceso, aínda que menos evidente. En cambio, a industria de impresión, pese a estar moi relacionada coa edición e non recuperar os niveis de produción anteriores a crise de 2008, experimenta unha recuperación maior. O importante peso

de todas estas actividades no conxunto das actividades culturais explica en parte a perda de peso relativo da cultura no conxunto da economía galega.

Hai, sen embargo, actividades culturais que se comportan dunha maneira cíclica, nomeadamente as relacionadas co audiovisual, o que quere dicir que sufriron retrocesos menores durante os anos de recesión e se recuperaron mellor durante os anos de crecemento que o conxunto da cultura e, por suposto, que a edición.

Por último hai actividades que se comportaron dunha maneira moi positiva dende 2013, superando folgadamente as cifras de produción de 2009. Estas actividades están relacionadas cos espectáculos e a creación. Malia ter un peso relativamente pequeno dentro da cultura en contraste coa edición e o audiovisual, este comportamento positivo implica un aumento importante da proporción que representa no conxunto do sistema produtivo da cultura.

As causas desta situación teñen que ver cun descenso da demanda e con seguridade nun cambio dos hábitos dos consumidores. En primeiro lugar, os descensos no gasto público en cultura afectan necesariamente a todo o sector cultural. En segundo lugar, o gasto dos fogares, ademais de debuxar unha evolución cíclica para a maioría de produtos e servizos culturais, amosa como certos produtos, nomeadamente relacionadas coas actividades editoriais, teñen cada vez menos peso no conxunto da cesta da compra, descendendo ano a ano mesmo despois do reponte do gasto a partir de 2013.

As correlacións entre os ingresos das empresas e as variables estudadas, amosan que algunhas actividades se ven máis influídas que outras polo gasto de familias e do sector público. O caso das correlacións que presenta a edición con estes indicadores reforza a impresión de crise estrutural destas actividades. As correlacións mais febles entre algunhas actividades relacionadas co audiovisual, significan posiblemente menos dependencia do mercado galego nas actividades de produción, por exemplo, e a maior correlación doutras do mesmo sector audiovisual, maior dependencia dese mercado interno (televisión e radio).

A correlación menos intensa atopada nas actividades artísticas e creativas pode reflectir o crecemento importante que tiveron dende 2013, é dicir foron actividades que se resentiron na crise, pero que crecen despois en maior medida que o conxunto do gasto público e privado. Tamén é certo que dentro do gasto privado o consumo de servizos culturais, entre os que se atopan os espectáculos, a diferenza dos produtos editoriais, experimenta un crecemento irregular dende 2013.

Ademais demostrouse que hai unha relación moi importante entre o descenso do gasto privado e o público, e mesmo entre o gasto das diferentes administracións, o cal podería implicar unha escasa capacidade para intervir no mercado por parte do sector público perante esa caída da demanda privada.

Por último, a escasa correlación atopada entre o gasto público e privado e o número de empresas e o conxunto do emprego cultural merece unha explicación. No primeiro caso, o número de empresas que aparecen nos directorios que se explotan para a estatística de empresas culturais non reflicte necesariamente a realidade da demografía empresarial, xa que tende a subestimar os ceses de actividade. En calquera caso, nas series sobre ingresos empresariais o que se detecta é un descenso que pode ser compatible con certo mantemento da actividade, pero de menor intensidade. Tamén é certo que o peso do sector editorial no conxunto (poucas empresas cunha facturación relativamente elevada) pode explicar un descenso da produción moito maior en proporción que o número de empresas que cesan actividade. Por último, a escasa correlación co emprego pode significar dúas cousas. Por unha banda, unha contención da destrución de emprego, motivada tamén polo escaso tamaño das empresas culturais. Por outra banda, pese a que se produza certa baixada no emprego dalgunhas actividades como a edición, tal e como se viu nos datos da seguridade social, esta pode ser compensada pola creación de

empresas noutras actividades como as creativas e os espectáculos e tamén a que as ocupacións culturais empregadas en actividades non relacionadas coa cultura, poidan compensar eses descensos.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# 2 HÁBITOS CULTURAIS EN GALICIA

## 2.1 INTRODUCIÓN

O Marco de Estatísticas Culturais (MEC) (UNESCO, 2009) entende a participación cultural como un emprego ou a asistencia a actividades formais e de pago (acudir a un teatro, a un concerto, ao cine), a actividades culturais informais (eventos comunitarios, familiares ou producións artísticas afeccionadas) non suxeitos a transaccións monetarias ou mesmo a actividades culturais na casa, como a lectura de libros. A dimensión económica da participación cultural pódese medir a partir do gasto dos consumidores en bens e servizos culturais e por participantes en actividades culturais de pago.

Para o MEC, a participación cultural inclúe prácticas culturais que poden implicar consumo así como as actividades que se realizan dentro da comunidade, que reflicten a calidade de vida, tradicións e crenzas. A participación cultural abrangue un comportamento activo e pasivo. Inclúe o persoa que escoita un concerto e a persoa que practica música. O propósito das enquisas de participación cultural é o de avaliar os niveis de participación aínda que pode ser difícil distinguir un comportamento activo e pasivo.

O estudo dos hábitos culturais e a súa dimensión económica produciu numerosas contribucións académicas. Unha importante cantidade das mesmas centrase en describir as variables que inciden nas prácticas sociais relacionadas coa cultura.

Ateca-Amestoy (2010) no estudo dos hábitos culturais dos españois e o tempo que dedican á cultura suxire que é especialmente relevante o nivel educativo, unha variable que inflúe con claridade no consumo en todas as formas culturais. Os ingresos tamén operan como unha variable que inflúe na asistencia a actividades culturais, pero de forma diferente segundo as actividades culturais estudadas. Por exemplo, nas actividades relacionadas con actuacións artísticas, aparece un efecto só nos tramos salariais máis baixos. En cambio, ese efecto non aparece en prácticas culturais activas, como tocar un instrumento, escribir ou pintar.

Muñiz et al. (2017) demostran que tanto as variables relacionadas coa educación como cos ingresos son determinantes importantes da asistencia a eventos culturais e teñen un efecto positivo e separado na demanda cultural individual, ademais da influencia indirecta da educación a través do seu efecto sobre os salarios. Os autores suxiren que as políticas de promoción cultural deberan centrarse na poboación máis desfavorecida en termos de educación e salarios. Ademais, as políticas de conciliación da vida laboral e familiar fomentarán probablemente a asistencia de mulleres e homes a actos culturais porque as súas estimacións demostran que o estado laboral e as variables familiares inciden negativamente na participación cultural.

Gambaro (2017) demostra, por un lado, que un elemento importante que favorece o consumo cultural é a educación. En cambio, segundo este autor, a profesión non é un predictor do consumo cultural e as clases sociais máis favorecidas non consumen estes produtos significativamente máis que a media.

Para Prieto, Pérez e Suárez (2018), a renda e a educación parecen ser as variables socioeconómicas cun maior impacto na probabilidade de asistencia a actividades culturais, sendo a idade outro factor relevante, especialmente na asistencia ao cinema. O papel que

desempeñan os distintos tipos de variables depende da actividade considerada. Para os espectáculos en directo e as visitas a lugares de interese cultural, é a falta de interese (ligada á educación) a razón principal da non asistencia. Con todo, parece que é a falta de renda, non de interese, o determinante básico da non asistencia ao cinema.

Wen (2012) atopa que a renda e a educación, se ben inflúen estatisticamente na probabilidade de asistencia non son significativas para determinar a frecuencia de asistencia a eventos culturais para a poboación de Taiwan.

Borgonovi (2004) demostra que a participación na educación artística é moito máis importante para determinar a asistencia que calquera outra característica persoal, incluída a formación xeral. Asemade, a asistencia a algún tipo de espectáculo aumenta o probabilidade de participación noutras artes escénicas. As medidas dos gobernos dirixidas a baixar os prezos e outros factores que determinan o custo de participación non semellan estimular a asistencia. Estes resultados apoian a visión de que os recursos económicos non son un factor determinante das desigualdades dos hábitos culturais.

Noutra orde de cousas, Brunello, Weber e Weiss (2012) apuntan a que os libros que hai no fogar das persoas aos 10 anos de idade recollen o bagaxe cultural no fogar e o desenvolvemento de habilidades cognitivas máis que o nivel económico. O acceso aos libros cando se é novo parece reflectir a formación na casa de habilidades cognitivas e socioemocionais, algo que despois podería ser un factor importante do éxito económico.

Fernández e Prieto (2009) demostran que as experiencias de consumo cultural son unha peza clave na lectura e o uso das bibliotecas. En xeral len máis os individuos que teñen unha vida cultural activa (é dicir, que consumen máis cultura) e van con máis frecuencia ás bibliotecas. As prácticas culturais activas, que se realizan como actividades de ocio, tamén afectan positivamente á lectura.

O influencia da educación no consumo de cultura pode variar entre países. Falk e Katz-Gerro (2016), demostran que o papel da educación pode ser menos importante nos países cunha poboación con niveis altos de educación en xeral.

Noutro traballo que compara a situación en catro países da Unión Europea (España, Italia, Francia e Alemaña), sinálase que as mulleres van máis ao cine. Os niveis educativos altos asócianse cunha baixa probabilidade de non realizar actividades culturais. Asemade, os niveis de renda tamén inflúen neste catro países. Unha renda alta reduce a posibilidade de non participar en actividades culturais (Pérez Villadoniga e Suárez Fernández, 2019). As autoras conclúen que a educación é significativamente máis importante que o nivel de ingresos para explicar a participación cultural.

Tamén se ten atopado diferencias na influencia das variables de nivel educativo e ingresos dependendo do tipo de actividades culturais consumidas, nomeadamente categorizándoas como alta cultura e cultura popular. Por exemplo, en canto a asistencia ao cine, hai unha maior demanda entre persoas con niveis educativos baixos que as artes escénicas ou a visita a sitios de interese cultural, como monumentos ou museos. No cine e as artes escénicas os ingresos funcionan como unha barreira económica, xa que exercen un efecto máis ben sobre a intensidade da asistencia que sobre o feito de consumir ou non ese tipo de cultura. En cambio, no que respecta ás visitas a sitios culturais, o efecto da renda é maior, indicando que os ingresos están relacionados cos gustos culturais (Suárez Fernández, Prieto Rodríguez e Pérez Villadoniga, 2019)

Casares Berg (2008b) analiza os hábitos culturais en Galicia a partir dunha explotación da Enquisa de Condicións de Vida das Familias do Instituto Galego de Estatística (despois coñecida como Enquisa Estrutural a Fogares). Os mozos menores de 30 anos son aqueles que consomen e practican máis actividades culturais, os que máis asisten a todas as actividades

culturais sobre todo concertos de música moderna, tradicional ou solistas, cunha taxa de asistencia moi superior aos maiores de 30 anos. Os nenos e os mozos rexistran tamén taxas moi superiores de lectura de libros aos maiores de 30 anos. Ademais:

> O comportamento dos máis novos respecto aos medios de comunicación reafirma a influencia da idade nas prácticas culturais: os mozos galegos ven menos televisión, o medio maioritario por excelencia cun 95,3% de seguidores, e len menos xornais que os adultos; máis do 90% deles elixe programas musicais cando sintonizan a radio e o 42% prefire as publicacións de animación e tira cómica fronte ás noticias e os deportes, temas líderes para o resto dos galegos. Os mozos tamén encabezan o consumo de DVD en Galicia, case o 86% dos galegos de entre 5 e 29 anos ve cunha ou outra frecuencia vídeos, porén máis da metade dos maiores de 30 non o fai nunca.

Tamén se describe unha pequena diferenza nos hábitos culturais por sexos, sendo as mulleres as que máis len, salvo no caso dos xornais. No que se refire ao consumo televisivo e de radio, amósase preferencia dos homes por contidos deportivos. As galegas superan lixeiramente aos homes na asistencia a concertos de música clásica ou ópera, teatro, cine, funcións de monicreques, sesións de contacontos, circo, espectáculos de pallasos ou cómicos e museos e exposicións de arte. Os habitantes das cidades son os que máis asisten a espectáculos e eventos culturais. Así, as sete cidades galegas rexistran as taxas máis altas en índice de asistencia a todo tipo de eventos culturais como cine, teatro, concertos, museos e exposicións de arte, etc. Esta particularidade da distribución dos hábitos por hábitat explícase da seguinte maneira:

> En relación con isto, cómpre salientar que o módulo específico «Ocio e hábitos culturais» da Enquisa de condicións de vida das familias permite que os suxeitos contesten que non teñen ese equipamento preto do seu fogar. Deste xeito, no hábitat que comprende os núcleos de menos de 10.000 habitantes, observamos, segundo estes datos, unha deficiencia no número de equipamentos culturais e, xa que logo, unha falta de oferta cultural. Estes resultados deben interpretarse no contexto específico galego, onde se atopa a dispersión de núcleos de poboación, especialmente nas zonas rurais do interior das provincias de Lugo e Ourense. Consecuentemente, pode concluírse que se deberían facer máis investimentos no fomento de equipamentos culturais para poder atender a poboación. Porén, esta variable por si mesma non explica os peores hábitos culturais da poboación rural, que tamén obtén peores resultados nas variables de lectura en xeral, tanto de libros como de prensa e revistas.
>
> No tocante aos medios de comunicación audiovisual, podemos confirmar que as zonas do interior de Galicia presentan os datos máis baixos de acceso a estes, coa única excepción do consumo televisivo. Así, mentres case a metade dos galegos escoita a radio, nas áreas rurais só o fai unha cuarta parte. O mesmo sucede coa visión de vídeos ou DVD, un hábito implantado con maior ou menor frecuencia nun 57% da poboación e que diminúe de 10 a 30 puntos porcentuais no interior lugués e no leste e oeste ourensáns, respectivamente.

USC

Neste traballo tamén se constata que o nivel de ingresos está relacionado co consumo cultural. A maioría dos galegos que obteñen uns ingresos inferiores a 600 euros mensuais non asisten nunca a espectáculos e eventos culturais ou posúen menos de 10 libros no seu fogar. O mesmo sucede coa lectura de xornais e revistas, unha práctica que se vai incrementando segundo crecen os ingresos. En canto ao nivel de estudos, no que respecta á asistencia a espectáculos e eventos culturais, os que posúen estudos superiores tenden asistir en maior

medida, así como a un uso máis frecuente dos servizos dunha biblioteca. En canto á lectura diaria da prensa e revistas informativas e de actualidade a taxa de persoas con estudos superiores é máis do dobre ca a dos que non teñen.

Casares, Meixide e del Río (2011) analizan os hábitos a partir da mesma fonte de datos do IGE. Os autores desenvolveron un modelo econométrico con variables que poden determinar as preferencias culturais dos individuos, o custo do consumo cultural e renda dispoñible. Para medir o consumo cultural utilizáronse unha serie de variables referentes á frecuencia de asistencia a espectáculos, seguimento de medios de comunicación, lectura de libros, etc. Como variables independentes usáronse a idade, o sexo, o nivel de estudos, o estado civil, o tamaño do concello de residencia e os ingresos do fogar. As tres primeiras pensouse que podería ser variables que determinaran as preferencias de consumo dos suxeitos. O estado civil e o tamaño do concello entendéronse que podería ser variable cunha gran influencia no custe de oportunidade. Os ingresos son un indicador da capacidade de gasto.

A tese dos investigadores era que había patróns de consumo diferentes por idade e sexo. Tamén que estar casado (esta variable presupuña que o suxeito tiña unha situación familiar diferente aos suxeitos solteiros) cambiaba os tipos de consumo por tipos compatibles coas obrigas familiares. Tamén se supuña que o tamaño do concello influiría no tipo de consumo.

Como era de esperar, todos os tipos de consumo cultural correlacionaban positivamente co nivel de estudos. Tamén se atopou unha asociación positiva entre o consumo cultural e os ingresos, salvo nalgúns casos. A maiores ingresos no fogar, maior era a asistencia a espectáculos, maior a frecuencia de lectura de xornais, de escoitar a radio e ver DVD. En cambio, a lectura de libros non se comportaba deste xeito.

Concretamente, a frecuencia coa que un individuo asiste a todo tipo de espectáculos culturais e a frecuencia coa que segue os medios de comunicación correlaciona co nivel de ingresos mensuais netos do seu fogar, permanecendo o resto de características individuais constantes. En contraste, a frecuencia de lectura non está influída polo nivel de ingresos do fogar.

O nivel de estudos inflúen positivamente na frecuencia coa que se asiste a todo tipo de espectáculos culturais, a lectura de libros e o uso de medios de comunicación. En cambio, o tempo para ver a televisión e a escoitar a radio descende co nivel de estudos dun individuo.

Estar casado provoca que se substitúan actividades cultuais que se realizan fóra do fogar por actividades que se poden facer en casa (ir ao cinema por ver vídeos e DVD). Así mesmo, provoca que se substitúan actividades culturais ás que non se pode ir cos cativos por aquelas ás que se pode ir con eles (por exemplo, teatro por funcións de monicreques). Ademais, o feito de estar casado leva a que se reduza o tempo dedicado a ver a televisión e a escoitar a radio, posiblemente porque este tempo é necesario destinalo ao coidado dos fillos.

Existen patróns de consumo cultural diferentes segundo o sexo. Mentres que as mulleres prefiren espectáculos como o teatro, os concertos de música clásica ou a asistencia a museos e exposicións, os homes prefiren asistir a espectáculos deportivos e aos concertos de música moderna e ás verbenas. Os homes parecen máis interesados pola información xa que escoitan con máis frecuencia a radio e len mais os xornais. As mulleres prefiren a lectura de revistas e tamén se mostran máis inclinadas pola lectura de libros, mentres que os homes prefiren ver vídeos e DVD.

Canto maior é o tamaño do concello de residencia dun individuo maior é a súa frecuencia de asistencia a espectáculos culturais posiblemente debido a que nos concellos de maior tamaño a oferta destes espectáculos é maior. Residir en concellos grandes incita ao individuo a ficar na casa e realizar actividades caseiras tal como ver a televisión ou ver vídeos e DVD.

Os patróns de consumo cultural dependen da idade. En xeral, cando un individuo entra na vellez perde interese polos espectáculos culturais e substitúe esta forma de lecer por ver a televisión, escoitar a radio e a lectura de libros. Cara a metade da súa vida experimenta un maior interese polo teatro, a música clásica e a asistencia a museos e exposicións de arte. É tamén, na mediana idade, cando un individuo presta máis atención á información escoitando a radio e lendo a prensa. Porén, un individuo cando é novo prefire o cinema, os concertos de música moderna, tradicional e solistas, os espectáculos deportivos e as verbenas.

En Observatorio da Cultura (2016a) faise unha explotación da *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*, realizada polo Ministerio de Cultura y Deporte, é unha investigación por mostraxe dirixida a unha mostra de 16.000 persoas de 15 anos en diante residentes en España. Os resultados indican que as actividades culturais máis frecuentes realizadas pola poboación galega son ler a prensa, escoitar música e ler libros. No conxunto do Estado, tamén son estas as tres actividades culturais máis populares, aínda que en distinta orde.

> En Galicia un 31,9% da poboación asiste a concertos, fronte a un 29,2% no conxunto de España. A taxa de persoas que compraron música é moi baixa: no conxunto de España é dun 15,2% e en Galicia é 2,3 puntos porcentuais máis baixa. No tocante ás artes escénicas, que abranguen teatro, ópera, zarzuela, ballet/danza e circo, pódese salientar que en Galicia a asistencia a este tipo de espectáculos é máis de seis puntos porcentuais inferior ao conxunto de España e é especialmente significativo no caso do teatro, no que a asistencia no conxunto de España é 8,4 puntos porcentuais superior á de Galicia.
>
> Polo que respecta ás artes visuais e patrimonio cultural, hai que destacar que en Galicia a taxa de visitas anuais a museos e galerías de arte e exposicións acada o 35,9%, é dicir, catro puntos porcentuais por debaixo do conxunto estatal, e a visita a monumentos e xacementos arqueolóxicos sitúase case ao mesmo nivel que o conxunto de España, cun 42% da poboación galega que visita anualmente o patrimonio histórico-artístico. Galicia encabeza a lista das comunidades autónomas en que hai unha menor asistencia aos museos. A escaseza de oferta na zona é o motivo principal para non ir a estes equipamentos. Galicia sitúase nos últimos postos en canto á asistencia ao cine. Só o 27% dos galegos, fronte ao 53% dos madrileños, foron ao cine no último trimestre. Os galegos que van algunha vez ao ano ver unha película son o 40%. A media do Estado é do 54%. A maioría non vai porque lle parece caro ou porque non ten tempo.
>
> A porcentaxe de persoas que fixeron unha copia ou directamente descargaron de Internet algún tipo de audiovisual é o 18% dos galegos, un pouco por debaixo da media (21%). Os máis activos descargan arredor de 12 vídeos ao trimestre, algo menos tamén que a media, que se atopa en 13. A evolución amosa un crecemento importante en Galicia nos últimos anos e unha estabilización no conxunto do país. Case o total da poboación ve a televisión e este é un hábito que non mudou substancialmente nos últimos anos. Entre as distintas comunidades autónomas hai certa diferenza no tempo medio que se pasa diante do televisor. Os galegos son os que máis tempo dedican de media, uns 193 minutos diarios. Galicia tamén é a comunidade onde menos persoas usan o ordenador por entretemento e ocio. En estreita relación co anterior, Galicia ocupa tamén o último lugar de España no que se refire ao uso de Internet por entretemento e ocio.
>
> O uso de videoxogos en Galicia sitúase algo por debaixo da media. Un 15% dos galegos adoita xogar, fronte un 17% do total de españois. A asistencia a arquivos e bibliotecas non ten en xeral moito interese entre a poboación. É salientable o feito de que un 61% da poboación galega non asistiu ou non accedeu a través de Internet a unha biblioteca nunca ou case nunca. Esta porcentaxe supera

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> en 10 puntos porcentuais a do conxunto do Estado. Por outra banda, cando se trata da participación activa en actividades culturais, a poboación galega semella ter máis afección pola fotografía e o vídeo, xa que son estas as dúas actividades máis practicadas en Galicia, mentres que as actividades artísticas, xa sexa música, danza ou teatro non teñen moita aceptación. Unha excepción podería ser a de tocar un instrumento, que supera en 0,6 puntos porcentuais ao conxunto estatal.

Os datos da evolución dos hábitos culturais dos galegos a partir da análise da Enquisa Estrutural a Fogares entre 2006 e 2014 foron analizados polo Observatorio da Cultura Galega (2016b). Algo menos da metade da poboación galega vai ao cine con algunha frecuencia, en maior medida nos núcleos urbanos e entre a xente nova. Un terzo dos galegos vai polo menos unha vez ao ano, tamén con máis frecuencia nas zonas urbanas. Segundo os autores, as visitas a museos, exposicións e arquivos, indican que melloraron as infraestruturas culturais en Galicia, aínda que isto non se reflicte sempre nun aumento da asistencia, tamén máis frecuente entre xente nova e en áreas urbanas. Unha das actividades culturais máis populares en Galicia son as actuacións de orquestras, as festas populares e as verbenas, dado que dous terzos acode algunha vez ao ano e un 7,3% algunha vez ao mes. Escoitar música, ver películas, series ou documentais tamén é unha práctica popular. Pola contra, só un 20% realiza actividades artísticas, pero este índice aumenta en 10 puntos porcentuais cando o nivel de estudos é máis alto. As mulleres prefiren actividades audiovisuais e de lectura e os homes a lectura de prensa.

No tocante á evolución que se observou nas variables que foron analizadas, dise que os datos de asistencia empeoraron nos oito anos que separan ás dúas mostras. A inmensa maioría dos galegos, máis do 72%, non vai nunca a funcións de teatro, monicreques, contacontos ou circo, 8,5 puntos máis que en 2006. Redúcese o número de persoas que non van por non dispor de teatro preto do fogar. A utilización das bibliotecas en Galicia baixou de xeito notable nos oito anos comparados. Un 66% dos galegos non foi nunca en 2014, fronte a un 45,4% que non ía en 2006. Tamén é salientable a caída da porcentaxe dos que non van por carecer deste servizo preto da casa, xa que en 2006 esta era a causa para un 20,4% dos galegos, e en 2014 só un 4,6% alega este motivo, 15,8 puntos por debaixo. Por contra, a lectura de libros aumentou en Galicia en todas as variables analizadas; baixaron case 14 puntos porcentuais as persoas que non lían nunca.

Tamén se analizaba a influencia do hábitos dentro da familia:

> O hábito familiar é un referente moi influente na actitude dos fillos que residen cos pais en todos os hábitos e prácticas culturais. Máis do 90% das persoas de todas as franxas de idade que asisten ao cine proveñen de familias en que os seus pais tamén van ao cine. O número de lectores de fillos cuxos pais len habitualmente é superior ao daqueles que conviven con pais que non teñen costume de ler. Tamén inflúe de xeito importante o hábito dos pais na asistencia a espectáculos musicais e na visita a museos, exposicións ou arquivos.

Máis recentemente, en Casares Berg (2020) procédese a actualizar os datos de consumo cultural e a analizar a influencia da COVID-19 neses patróns de consumo. Neste traballo afírmase que a poboación galega ten un interese pola cultura relativamente alto e que esperta máis interese entre mulleres, persoas de mediana idade cun nivel educativo máis elevado e que viven en contornos urbanos. As actividades que resultan máis interesantes son as relacionadas coa lectura, seguidas da música en vivo e o cine. Espertan menos interese as visitas a museos e exposicións e as artes escénicas.

En canto á influencia da pandemia:

A crise provocada pola COVID-19 afectou de forma evidente ao consumo cultural da poboación galega. Os efectos pódense percibir en boa parte nos produtos culturais analizados neste traballo. Cabe salientar que ningún dos produtos culturais obxecto do estudo experimenta un incremento importante no seu consumo con respecto á situación precedente, considerando como tal a previa ás restricións que se lle impuxeron ao mundo cultural por mor da pandemia. A realidade é que en Galicia os hábitos de lectura de libros son os únicos que melloraron lixeiramente pola situación de crise. Malia que a maioría le o mesmo e incluso hai un 10% de persoas que le menos, un 23,7% le máis ou moito máis agora que antes. A xente nova é a que, en maior medida, aumentou a frecuencia de lectura: un 39,4% le máis ou moito máis ca antes. O nivel educativo inflúe moi claramente, xa que aumenta a lectura entre a xente máis formada e baixa naquela cun menor nivel de estudos. En contraste, as mulleres, que lían máis ca os homes antes da crise, son tamén as que en maior medida deixaron de ler ou o fan con menos frecuencia.

Pese a esta lixeira mellora, este dato positivo non ten repercusión directa e inmediata no consumo. A compra de libros entre os e as lectoras descendeu un 14,2%, á vez que se incrementaron as descargas gratuítas e os préstamos entre amizades e persoas coñecidas. En termos de poboación, perdéronse 338.000 compradores de libros, e dos que quedan, o 23,1% gasta un 87,7% menos, descenso que é mais sensible no caso das mulleres. Ademais, as alternativas diferéncianse por sexos: os homes tenden a aumentar as descargas gratuítas e as mulleres a recibir libros emprestados de amizades ou persoas coñecidas. As razóns para mercar menos están relacionadas con cambios na situación económica e persoal das persoas entrevistadas. Malia o aumento do uso que indicaban os estudos precedentes, o consumo dos medios de comunicación de pago que se mediron neste traballo (a compra de prensa e a adquisición de contidos audiovisuais) non medra, senón que tende a manterse practicamente invariable e independente da crise. En relación coa prensa, pouco máis dun terzo da poboación galega, o 35,6%, compraba este produto antes da crise sanitaria provocada pola COVID-19, o cal supón practicamente a mesma porcentaxe que tamén compra na actualidade. Un 14,8% de quen compraba prensa antes da crise deixou de facelo, pero un 9,2% da poboación galega empezou a mercala a partir deste momento. No conxunto do gasto, o incremento e caída son case idénticos, polo que a media de gasto practicamente non varía.

Con respecto aos contidos audiovisuais de pago, son consumidos por algo máis da metade da poboación, sen que a situación sanitaria e as súas restricións afectasen sensiblemente a esta proporción. A porcentaxe de novos consumidores é moi similar á dos que abandonaron o consumo, pero aumenta sete puntos porcentuais a frecuencia de consumidores diarios. O volume de gasto apenas varía porque, se ben un 7,2% o incrementou e un 5% o diminuíu, tres de cada catro gastan o mesmo nestes produtos culturais. Isto quere dicir que non hai máis consumidores, pero os que hai fan un maior uso do servizo. As subscricións a plataformas de Internet son máis populares entre a xente nova e os paquetes audiovisuais entre as persoas de maior idade. En canto ás actividades culturais en liña que se ofreceron a partir do confinamento estrito de primavera, o 13,3% da poboación participou nalgún tipo de actividade cultural desta clase, aínda que a maioría foi unicamente durante o confinamento. Despois dese período o uso foi case marxinal (1,8%). Fixeron un maior uso deste tipo de actividades as mulleres e a mocidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo contrario, son maioría os produtos que acusaron un descenso, ás veces moi significativo. Como se podería esperar, as artes escénicas e os concertos de pago foron os máis prexudicados. No primeiro caso, se antes da pandemia o 52,6% da poboación galega non asistía nunca ao teatro, ao ballet ou á ópera, agora esa porcentaxe sitúase no 83,8%. O 29,2% non acode por desconfianza na seguridade

> e un 27% por cambios na vida persoal. En total, pódese calcular que se perderon 732.000 espectadores de artes escénicas. Mais, entre os que, a pesar de todo, puideron ir a algunha representación, o gasto medio anual pasou de 89,6 € a 66,9 € e o descenso afectoulles en maior medida ás mulleres e aos maiores de 45 anos. A situación é similar nos concertos de pago. Se antes era un 43,5% da poboación galega a que non ía a este tipo de espectáculos, agora esta cifra sobe ata o 80,7% e, entre os que foron, a maioría asistiu un par de veces en todo o ano. Extrapolado ao conxunto da poboación galega, supón unha perda de 863.000 espectadores. O 39,3% non vai pola falta de confianza na seguridade e o 28% por razóns persoais. Neste caso tamén lles afecta, en maior medida, ás mulleres e obsérvase unha maior probabilidade de deixar de acudir a este tipo de manifestacións culturais canto maior é a idade dos suxeitos. Nos concertos musicais gratuítos a situación é aínda peor. Se máis de tres de cada catro persoas en Galicia acudían a este tipo de eventos, no que vai de pandemia reduciuse a un 24% e, deses, a maioría foi unha ou dúas veces. En termos de poboación significa unha perda superior ao millón de espectadores. Igualmente, aféctalles en maior medida ás mulleres e aos grupos de máis idade e, de novo, a razón principal é a percepción de falta de seguridade.
>
> A perda de espectadores de cine tamén se sitúa arredor do millón de persoas. Se antes eran case sete de cada dez persoas as que ían ao cine, dende que comezou a crise sanitaria ese número descendeu ata o 23,7% e as que asisten fano con menos frecuencia. De feito, o gasto neste tipo de espectáculos contraeuse un 94,3%. Neste caso tamén son as persoas de máis idade as que reduciron a súa presenza e o motivo principal para non acudir está relacionado coa falta de seguridade. Malia que a maioría da poboación galega só escoita música gratuíta, había un 27,8% que pagaba por contidos musicais na situación previa á crise da COVID-19. A diferenza dos contidos audiovisuais, neste caso produciuse un lixeiro descenso dun 2,4%. Ao mesmo tempo, aquelas persoas que seguen consumindo estes produtos e servizos reduciron a media mensual de 18 € a 15,65 €. A baixada no consumo increméntase coa idade das persoas. As razóns son principalmente económicas e cambios na situación persoal. Esta tendencia xeral dun menor consumo coincide coa percepción da poboación galega en canto á comparativa do gasto actual con respecto ao gasto que realizaban antes da crise sanitaria da COVID-19, de modo que o 37,7% das persoas considera que o seu gasto cultural diminuíu bastante. Isto é máis evidente entre as persoas máis novas e as que mostran un maior interese pola cultura en xeral. A estimación que fai quen di que o seu consumo cultural se reduciu moito ou bastante sitúase nunha contracción media do 69,9%.

Neste traballo tamén se trataba de facer unha prospección do que suporía o consumo cultural no futuro. En xeral, as expectativas son positivas, xa que tres de cada catro persoas en Galicia cren que volverán gastar en produtos culturais tanto ou máis que antes. Os maiores incrementos no consumo atópanse entre actividades que experimentaron as maiores reducións, como os concertos de música e as artes escénicas, pero tamén naquelas que xa estaban experimentando certo crecemento, como a compra de libros.

### 2.2 MATERIAIS E MÉTODOS

Para a primeira parte dos resultados (2.3.1), realizouse unha explotación do Módulo de Ocio e Hábitos Culturais da Enquisa Estrutural a Fogares que elabora Instituto Galego de Estatística. Esta enquisa, anteriormente denominada Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ECVF), é unha actividade estatística anual que desde 1999 realiza o Instituto Galego de Estatística. Trátase dunha enquisa dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral

que se repite todos os anos, deseñado para recoller información sobre variables básicas que necesitan unha periodicidade anual, e un segundo módulo de carácter específico dedicado a bloques temáticos de variables que presentan unha evolución máis lenta, polo que non necesitan un período anual de recollida de datos. O anterior módulo de Ocio e hábitos culturais data de 2006.

Para unha primeira análise dos datos máis recentes seleccionáronse as seguintes variables dependentes:

**Táboa 2.1. Variables dependentes utilizadas na análise da mostra de hábitos culturais de 2014**

| Nome da variable | Descrición |
|---|---|
| FRECCINE | Frecuencia de asistencia ao cine |
| FRECTEACIRCO | Frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos, circo, actuacións cómicas... |
| FRECCONCLASMOD | Frecuencia de asistencia a espectáculos musicais (moderna, clásica, ópera, solistas, tradicional...) |
| FRECMUS | Frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos... |
| FRECFESTAS | Frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras |
| TVFREC | Frecuencia coa que ve a televisión |
| RAFREC | Frecuencia coa que escoita a radio |
| PERIODICO | Frecuencia coa que le o periódico |
| LIBROFREC | Frecuencia de lectura de libros non relacionados coa súa profesión ou estudo nos últimos 12 meses |
| BIBLIO | Frecuencia de uso dos servizos dunha biblioteca para consulta de obras, préstamo de libros... non relacionados coa súa profesión ou estudo |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

As variables independentes foron os ingresos do fogar, hábitat, idade, sexo e estudos. Non se puido replicar a análise de Casares, Meixide e del Río (2011) de 2006 no relativo ao estado civil por carecer do dato.

Pola súa banda, para estudar a evolución dos hábitos culturais dos galegos na segunda sección de resultados (2.3.2) analizáronse as dúas mostras da Enquisa Estrutural a Fogares do IGE de 2006 e 2014. Realizouse unha comparación dunha selección de variables dependentes (os hábitos e consumos culturais) e unha serie de independentes que se pensaba que a priori poderían resultar explicativas. Para estas últimas seleccionáronse os ingresos do fogar, o tamaño municipal e a idade.

A maioría das variables dependentes no son formalmente comparables nas mostras 2006 e 2014, dado que as categorías de respostas no son coincidentes, ou as variables non son as mesmas. Hai catro variables dependentes que son formalmente comparables.

**Táboa 2.2. Variables formalmente comparables nas mostras de 2006 e 2014**

| | |
|---|---|
| FRECCINE | Frecuencia de asistencia ao cine. |
| TLMUSIC | Actividade que realiza no seu tempo libre (actividades musicais) |
| BIBLIO | Frecuencia de uso dos servizos dunha biblioteca. |
| REVISTA | Frecuencia de lectura de revistas |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

USC Universidade de Santiago de Compostela

O resto de variables precisaron de recategorizacións para que fosen comparables. Houbo dous tipos de procedementos para recategorizar as variables. En primeiro lugar hai variables que dan conta de actividades separadamente en 2006 e que en 2014 se atopan recollidas nunha soa variable. En segundo lugar, as categorías de resposta en moitas variables son diferentes,

principalmente por agrupar de distinta maneira a frecuencia na que o suxeito realiza a actividade en cuestión. As recotegorizacións fixéronse segundo a seguinte estrutura:

**Táboa 2.3. Variables recodificadas nas mostras de 2006 e 2014**

| 2006 | 2014 |
|---|---|
| FRECTEA | FRECTEACIRCO |
| Frecuencia coa que asiste ao teatro en 2006 e Frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos, circo, actuacións cómicas... en 2014. Recategorizáronse as categorías de frecuencia para manter a mesma estrutura. Non son as mesmas variables, pois o ítem de 2014 engloba máis actividades. | |
| | |
| FRECCONCLAS | FRECCONCLASMOD |
| FRECCONMOD | |
| Frecuencia de asistencia a espectáculos musicais. En 2006 hai dúas variables para os concertos (moderna e clásica) e en 2014 unha soa. Calculouse unha sola variable para 2006 e recodificáronse as categorías das frecuencias de resposta para facelas comparables. | |
| | |
| FRECCONORQ | FRECFESTAS |
| Frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras. Recodificáronse categorías das frecuencias de resposta para poder comparalas, concretamente as categorías “cada semana” e “cada mes” de 2006 recodifícanse en “algunha vez ao mes”. | |
| | |
| FRECMU | FRECMUS |
| Frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos... Recodificáronse categorías das frecuencias de resposta para poder comparalas, concretamente as categorías “cada semana” e “cada mes” de 2006 recodifícanse en “algunha vez ao mes”. | |
| | |
| TVLAB | INTTVLAB |
| TVFES | INTTVFES |
| Horas diarias que lle dedica a ver a televisión en días laborables e festivo. Recodificáronse as categorías de resposta para obter as mesmas. En 2006 trátase como variable continua e en 2014 como discreta, polo que se recodifican os datos de 2006 cos tramos de 2014. | |
| | |
| RALAB | INTRALAB |
| RAFES | INTRAFES |
| Horas diarias que lle dedica a escoitar a radio en días laborables e festivos. Recodificáronse as categorías de resposta. En 2006 trátase como variable continua e en 2014 como discreta, polo que se recodifican os datos de 2006 cos tramos de 2014. | |
| | |
| PRENSA | PERIODICO |
| Frecuencia coa que le o periódico. Recodificáronse as categorías de resposta tanto de 2006 como de 2014 para que quedaran con tramos comparables, concretamente: Diario, Menos que diario (polo menos algunha ves ao mes), Esporadicamente, Nunca. | |
| | |
| LIBFREC | LIBROFREC |
| Frecuencia de lectura de libros. Recodificáronse as categorías de resposta de 2006 nas mesmas de 2014. | |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Para as dúas análises comparáronse as combinacións das categorías das variables dependentes e independentes e realizouse unha proba de Chi-cadrado para testar se había diferenzas significativas entre as mesmas. Analizáronse as frecuencias absolutas.

Para a terceira parte de resultados (2.3.3), partindo dos microdatos da ECVF estímase un modelo loxístico ordenado xeneralizado para dez variables dependentes indicadoras de diversos tipos de consumo cultural.

Os microdatos conteñen información para 23.444 individuos en 2014. Para realizar as análises dos hábitos culturais da poboación galega restrínxese a mostra aos individuos que teñen 15 ou máis por ser aquelas que de feito poden “decidir” consumir ou non, e que tipo de produto cultural consumir de ser o caso.

A grandes trazos, as variables independentes seleccionadas fan referencia á frecuencia de asistencia a espectáculos culturais, e ao seguimento dos medios de comunicación audiovisuais e escritos. As variables independentes son de carácter socioeconómico e están relacionadas coas preferencias individuais (idade, sexo e nivel de estudos), cos custos de oportunidade e a dispoñibilidade ou accesibilidade aos produtos (tamaño do municipio de residencia), e coa capacidade de gasto (ingresos netos mensuais do fogar). A continuación detállase a metodoloxía de estimación así como a definición das variables dependentes e independentes empregadas.
Dado que as variables dependentes son categóricas de tipo ordenado estímase un modelo loxístico ordenado xeneralizado que pode representarse da seguinte forma en termos da súa función de distribución acumulada:

$$P(Y_i \leq j) = 1 - g(X_i\beta_j) = F(X_i\beta_j)$$

Ou alternativamente pode escribirse:

$$P(Y_i > j) = g(X_i\beta_j) = \frac{e^{\alpha_j + X_i\beta_i}}{1 + e^{\alpha_j + X_i\beta_i}}, j = 1,2, \dots, m$$

Onde $m$ é o número de categorías da variable dependente. Do anterior, dedúcese que a probabilidade de que a variable dependente tome cada un dos valores $j = 1, 2, \dots, m$ é igual a:

$$P(Y_i = 1) = 1 - g(X_i\beta_1)$$
$$P(Y_i = j) = g(X_i\beta_{j-1}) - g(X_i\beta_j)$$
$$P(Y_i = m) = 1 - g(X_i\beta_{m-1})$$

Cando, como neste caso, $m > 2$ o modelo loxístico xeneralizado é aproximadamente equivalente a unha serie de *j-1* regresións loxísticas binarias onde as categorías da variable dependente están combinadas (Williams, 2006). Isto é, por exemplo, se $m = 4$, entón para $j = 1$ a categoría 1 da variable dependente é contrastada coas categorías 2, 3 e 4; para $j = 2$ o contraste faise coas as categorías 1e 2 fronte as categorías 3 e 4; e para $j = 3$, son as categorías 1, 2 e 3 fronte á categoría 4.

Existen diferentes vías para o cálculo dos efectos marxinais. Un dos máis frecuentes é o efecto marxinal na media que avalía o impacto sobre a variable dependente na media da mostra. Esta técnica caeu en desuso xa que, ademais de que as medias son só un dos moitos conxuntos posibles de valores que se poderían utilizar, este conxunto de valores dificilmente representa a unha persoa real. Ademais, os resultados que proporciona son sensiblemente maiores aos que se obteñen con outros procedementos (Cameron e Trivedi, 2009). Neste caso óptase por empregar a media dos efectos marxinais obtida para os distintos individuos en relación á categoría de referencia.

Na análise da mostra usada as variables dependentes posúen diferentes categorías de saída suxeitas a ordenamento, asociándose a primeira delas con consumos culturais máis frecuentes, pasando por clasificacións intermedias ata chegar a un consumo nulo, por tanto están definidas en termos inversos, a maior valor da variable menor consumo cultural. As definicións concretas das variables dependentes son as que se presentan na Táboa 2.4 e as das variables independentes na Táboa 2.5.

**Táboa 2.4. Definición das variables dependentes**

| Variable | Descrición e definición |
|---|---|
| freccine | Frecuencia de asistencia ao cine:<br>1 cada semana, 2 cada mes, 3 algunha vez ao ano, 4 nunca |
| frecteacirco | Frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos, circo, actuacións cómicas:<br>1 algunha vez ao mes, 2 algunha vez ao ano, 3 nunca |
| frecconclasmod | Frecuencia de asistencia a espectáculos musicais:<br>1 algunha vez ao mes, 2 algunha vez ao ano, 3 nunca |
| frecmus | Frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos:<br>1 algunha vez ao mes, 2 algunha vez ao ano, 3 nunca |
| frecfestas | Frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras:<br>1 algunha vez ao mes, 2 algunha vez ao ano, 3 nunca |
| tvfrec | Frecuencia coa que ve a televisión:<br>1 diariamente, 2 dúas ou máis veces á semana, 3 algunha vez ao mes, 4 esporadicamente, 5 nunca |
| rafrec | Frecuencia coa que escoita a radio:<br>1 diariamente, 2 dúas ou máis veces á semana, 3 algunha vez ao mes, 4 esporadicamente, 5 nunca |
| periodico | Frecuencia coa que le o xornal:<br>1 diariamente, 2 dúas ou máis veces á semana, 3 unha vez á semana, 4, polo menos unha vez ao mes, 5 esporadicamente, 6 nunca |
| librofrec | Frecuencia de lectura de libros non relacionados coa súa profesión ou estudo nos últimos 12 meses:<br>1 diariamente, 2 dúas ou máis veces á semana, 3 unha vez á semana, 4 dúas ou máis veces ao mes, 5 esporadicamente, 6 nunca |
| biblio | Frecuencia de uso dos servizos dunha biblioteca para consulta de obras, préstamo de libros... non relacionados coa súa profesión ou estudo:<br>1 cada semana, 2 cada mes, 3 algunha vez ao ano, 4 nunca |

**Táboa 2.5. Definición das variables independentes**

| Variable | Descrición e definición |
|---|---|
| sexo | 1 home, 0 muller |
| idade | 1 de 15 a 29 anos, 2 de 30 a 49 anos, 3 de 50 a 64 anos, 4 65 ou máis anos |
| tamanomuni | 1 menos de 20.000 habitantes, 2 de 20.000 a 50.000 habitantes, 3 máis de 50.000 habitantes |
| esreal | 1 educación primaria e inferior, 2 primeira etapa de educación secundaria, 3 segunda etapa de educación secundaria, 4 educación superior |
| intfog | 1 ata 990€, 2 de 990€ a 1.600€, 3 de 1.600€ a 2.450€, 4 máis de 2.450€ |

## 2.3 RESULTADOS

Neste apartado descríbense en primeiro lugar os hábitos culturais na mostra de 2014 do Módulo de Ocio e Hábitos Culturais da Enquisa Estrutural a Fogares do IGE. Na segunda parte, descríbese a evolución dos principais indicadores a partir dunha comparación das mostras de 2006 e 2014. Na terceira, a partir do modelo loxístico ordenado xeneralizado, trátase de determinar que variables son as que determinan os hábitos culturais en Galicia.

### 2.3.1 Hábitos culturais en 2014

Neste epígrafe trátase de describir os hábitos culturais da poboación galega e determinar que variables sociodemográficas inciden neles. Os resultados do cruzamento das variables dependentes e independentes da mostra de 2014, a partir 18 variables independentes e 10 dependentes, resultan en 180 celas. Para cada variable dependente preséntase ao longo deste apartado unha táboa coas frecuencias para a mostra xeral de cada unha das categorías de resposta. Ademais, detállase tamén nunha táboa a continuación da primeira o incremento de cada categoría recollida na táboa anterior e na mesma orde comparada coa mostra xeral así como o resultado da proba (Chi-cadrado, significancia 99%) que se realizou para testear a hipótese de que non existen diferenzas estatisticamente significativas entre a mostra xeral e a mostra de cada categoría. Un p-value < 0.01 implica que se pasa o test, por tanto que se rexeita

a Ho e que si se observan esas diferenzas. En canto aos resultados de 2014, os galegos asisten ao cine nas seguintes proporcións:

**Táboa 2.6. Frecuencia de asistencia ao cine**

| | |
|---|---|
| Cada semana | 0,80% |
| Cada mes | 6,77% |
| Algunha vez ao ano | 32,15% |
| Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar | 6,72% |
| Nunca, por outros motivos | 53,56% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Os cruzamentos resultaron estatisticamente significativos con todas as variables independentes agás co sexo.

**Táboa 2.7. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia de asistencia ao cine**

| Categorías | (Cada semana, Cada mes, Algunha vez ao ano, Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar, Nunca, por outros motivos) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-52.5%, -61.89%, -44.48%, 10.86%, 33.96%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (-52.5%, -30.58%, -18.16%, 14.43%, 13.72%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (08.75%, -3.55%, 003.3%, 01.64%, -1.89%)<br>p-value: 0.47869 ; result: NOT SIG. |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (56.25%, 55.83%, 32.26%, -17.11%, -25.11%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (-33.75%, -38.4%, -21.68%, 61.76%, 10.62%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (-32.5%, -8.27%, 18.48%, -32.29%, -5.51%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (63.75%, 061.0%, 25.63%, -80.8%, -13.89%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (-48.75%, 89.81%, 94.96%, -40.33%, -62.57%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (161.25%, 164.25%, 75.21%, -40.92%, -63.16%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (007.5%, 18.02%, 44.63%, -19.05%, -26.81%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (-12.5%, -40.32%, -23.55%, 27.53%, 15.96%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-53.75%, -79.32%, -79.56%, 23.21%, 55.69%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (-02.5%, 02.22%, 02.05%, 05.51%, -2.15%)<br>p-value: 0.33112 ; result: NOT SIG. |
| Muller | Incr: (03.75%, -1.92%, -01.9%, -5.06%, 01.96%)<br>p-value: 0.39328 ; result: NOT SIG. |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-82.5%, -93.35%, -87.99%, 34.38%, 61.54%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (-52.5%, -48.3%, -28.93%, 28.42%, 20.69%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (072.5%, 45.64%, 49.98%, -30.06%, -33.08%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (146.25%, 105.76%, 063.2%, -49.26%, -47.31%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os ingresos no fogar e a educación correlacionan positivamente, a máis ingresos e máis estudos, maior frecuencia de asistencia ao cine. Do mesmo modo inflúe o hábitat, habendo máis asistencia canto máis urbano o contorno. Por idades, a asistencia é mais frecuente entre a xente nova, especialmente na franxa de 15 a 29 anos, tendendo a decrecer coa idade (Táboa 2.7).

A frecuencia de asistencia a espectáculos relacionados coas artes escénicas amosa as seguintes frecuencias (Táboa 2.8):

**Táboa 2.8. Frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos, circo, actuacións cómicas...**

| | |
|---|---|
| Algunha vez ao mes | 2,02% |
| Algunha vez ao ano | 22,95% |
| Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar | 8,26% |
| Nunca, por outros motivos | 66,77% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Tamén se atoparon diferenzas significativas con todas as variables de segmentación agás co sexo.

**Táboa 2.9. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos, circo, actuacións cómicas...**

| Categorías | (Algunha vez ao mes, Algunha vez ao ano, Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar, Nunca, por outros motivos) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-46.53%, -48.93%, -16.71%, 20.29%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (02.97%, -26.32%, -2.54%, 09.27%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (-8.42%, -0.48%, 010.9%, -0.94%)<br>p-value: 0.12413 ; result: NOT SIG. |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (28.22%, 43.44%, 00.85%, -15.89%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (-39.11%, -30.81%, 51.69%, 05.38%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (36.14%, 19.35%, -36.32%, -3.25%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (45.05%, 039.0%, -64.04%, -6.84%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (180.2%, 125.05%, -24.33%, -45.42%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (-6.93%, 31.42%, 21.67%, -13.28%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (059.9%, 41.48%, -7.99%, -15.07%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (-34.65%, -18.87%, 09.56%, 06.35%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-69.8%, -68.85%, -3.87%, 26.25%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (-11.39%, -2.14%, 01.33%, 00.91%)<br>p-value: 0.34305 ; result: NOT SIG. |
| Muller | Incr: (010.4%, 01.92%, -1.21%, -0.82%)<br>p-value: 0.42245 ; result: NOT SIG. |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-92.08%, -85.14%, -3.15%, 32.44%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (-55.94%, -42.18%, 17.43%, 14.02%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| | |
|---|---|
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (-4.46%, 32.33%, -9.32%, -9.84%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (128.22%, 86.88%, -13.44%, -32.1%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Os estudos e a renda inciden positivamente na asistencia. Do mesmo xeito, tamén é máis frecuente a asistencia no medio urbano. Por idades, a frecuencia concéntrase na franxa de idade máis nova (5 a 14) e na mediana (30 a 49), o que podería indicar unha asistencia elevada de nenos cos seus titores ou tamén unha incidencia sensible de actividades escolares durante a infancia e un incremento do interese (ou unha maior dispoñibilidade para asistir) despois dos 29 anos. En calquera caso, despois dos 50 anos a asistencia descende coa idade (Táboa 2.9).

A asistencia a espectáculos musicais presenta os seguintes resultados (Táboa 2.10):

**Táboa 2.10. Frecuencia de asistencia a espectáculos musicais (moderna, clásica, ópera, solistas, tradicional...)**

| | |
|---|---|
| Algunha vez ao mes | 3,44% |
| Algunha vez ao ano | 30,6% |
| Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar | 7,28% |
| Nunca, por outros motivos | 58,69% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Do mesmo xeito, atopamos unha correlación positiva cos estudos e a renda, sen diferenzas por sexo, e o mesmo comportamento segundo o hábitat, con maior asistencia canto máis urbano o entorno. Por idades, a asistencia concéntrase entre a xente nova, especialmente a franxa que vai de 15 a 29 anos, sobre todo entre os usuarios máis frecuentes, os que van unha vez ao mes (Táboa 2.11).

**Táboa 2.11. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia de asistencia a espectáculos musicais**

| Categorías | (Algunha vez ao mes, Algunha vez ao ano, Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar, Nunca, por outros motivos) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-38.95%, -45.2%, -16.9%, 27.93%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (-33.43%, -23.95%, 06.18%, 13.65%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (009.3%, 05.69%, 11.95%, -5.01%)<br>p-value: 0.00033 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (35.17%, 34.61%, -6.04%, -19.37%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (-36.05%, -26.41%, 48.35%, 09.87%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (03.49%, 12.48%, -35.16%, -2.37%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (52.62%, 035.0%, -59.62%, -13.97%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (18.31%, 57.42%, -14.15%, -29.27%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (143.6%, 61.18%, 05.63%, -41.03%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (26.45%, 035.1%, -02.2%, -19.58%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| | |
|---|---|
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (-29.94%, -12.29%, 06.59%, 07.33%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-68.02%, -64.15%, -2.47%, 37.72%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (006.1%, 01.54%, -0.96%, -1.04%)<br>p-value: 0.58978 ; result: NOT SIG. |
| Muller | Incr: (-5.52%, -1.41%, 00.82%, 00.94%)<br>p-value: 0.63167 ; result: NOT SIG. |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-88.37%, -80.1%, 001.1%, 46.77%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (-33.43%, -26.47%, 015.8%, 13.78%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (71.51%, 036.5%, -4.26%, -22.71%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (084.3%, 75.03%, -21.02%, -41.47%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Estes son os resultados para asistencia ao museos (Táboa 2.12):

**Táboa 2.12. Frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos...**

| | |
|---|---|
| Algunha vez ao mes | 03,34% |
| Algunha vez ao ano | 28,97% |
| Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar | 07,22% |
| Nunca, por outros motivos | 60,47% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Vólvese observar a mesma influencia da renda, a educación e o hábitat. Como se pode observar na Táboa 2.13 é máis frecuente a asistencia conforme aumenta os ingresos e os estudos e conforme máis urbano sexa o hábitat. A idade tamén se comporta dun xeito lineal, descende a asistencia coa idade, sendo os nenos por tanto os usuarios máis frecuentes. O sexo tampouco presenta diferenzas significativas

**Táboa 2.13. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos...**

| Categorías | (Algunha vez ao mes, Algunha vez ao ano, Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar, Nunca, por outros motivos) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-58.08%, -48.98%, -15.1%, 28.48%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (-28.44%, -24.27%, -0.14%, 13.21%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (-2.69%, -1.93%, 15.65%, -0.79%)<br>p-value: 0.02478 ; result: NOT SIG. |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (051.8%, 43.29%, -5.68%, -22.92%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (-58.98%, -30.07%, 57.06%, 10.85%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (-11.68%, 11.67%, -39.34%, -0.25%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (93.41%, 40.77%, -71.05%, -16.21%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (85.33%, 92.34%, -19.11%, -46.67%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| | |
|---|---|
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (05.39%, 45.43%, 05.12%, -22.69%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (28.44%, 32.24%, -6.09%, -16.29%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (03.59%, -8.97%, 06.93%, 03.29%)<br>p-value: 0.00186 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-52.99%, -66.28%, 02.35%, 034.4%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (-2.69%, -1.07%, 05.96%, -0.05%)<br>p-value: 0.51109 ; result: NOT SIG. |
| Muller | Incr: (02.69%, 00.93%, -5.54%, 00.05%)<br>p-value: 0.55275 ; result: NOT SIG. |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-89.52%, -83.5%, 02.91%, 044.6%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (-64.67%, -38.9%, 20.36%, 19.76%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (21.26%, 41.01%, -3.05%, -20.46%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (157.78%, 84.05%, -31.3%, -45.26%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

No relativo á asistencia a festas, verbenas e espectáculos afíns, estas son as frecuencias para Galicia (Táboa 2.14):

**Táboa 2.14. Frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras...**

| | |
|---|---|
| Algunha vez ao mes | 06,92% |
| Algunha vez ao ano | 64,07% |
| Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar | 00,53% |
| Nunca, por outros motivos | 28,47% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Como se pode apreciar na Táboa 2.15, trátase dunha das actividades culturais máis populares entre os galegos e tamén a que menos galegos non acode por falta do servizo na proximidade do seu fogar, polo que se pode deducir que é o servizo coa oferta máis ampla tamén. Neste caso non se aprecian diferenzas por hábitat, pero si por sexo, ao tratarse dun hábito máis frecuente entre os homes.

**Táboa 2.15. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras...**

| Categorías | (Algunha vez ao mes, Algunha vez ao ano, Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar, Nunca, por outros motivos) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-37.14%, -16.51%, -18.87%, 46.54%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (-8.24%, -3.92%, 11.32%, 10.64%)<br>p-value: 0.00017 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (07.95%, 04.51%, 13.21%, -12.29%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (17.92%, 07.21%, -7.55%, -20.37%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (01.73%, -0.67%, 18.87%, 00.77%)<br>p-value: 0.59889 ; result: NOT SIG. |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| | |
|---|---|
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (02.02%, 03.53%, -49.06%, -7.48%)<br>p-value: 0.01979 ; result: NOT SIG. |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (-3.18%, -0.28%, -9.43%, 01.62%)<br>p-value: 0.75027 ; result: NOT SIG. |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (-0.29%, 28.19%, -66.04%, -62.1%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (157.51%, 15.19%, -16.98%, -72.15%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (20.95%, 18.57%, -22.64%, -46.47%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (-18.93%, 05.06%, 18.87%, -7.06%)<br>p-value: 1e-05 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-73.41%, -35.27%, 32.08%, 96.66%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (03.76%, 05.73%, 03.77%, -13.84%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Muller | Incr: (-3.32%, -05.2%, -1.89%, 12.57%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-74.57%, -39.08%, 60.38%, 104.99%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (07.23%, 02.14%, -7.55%, -6.39%)<br>p-value: 0.00856 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (52.17%, 11.16%, -7.55%, -37.65%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (14.31%, 13.11%, -9.43%, -32.81%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Os ingresos correlacionan coma noutras actividades, incrementándose a asistencia co aumento da renda. Por idades volven ser os mozos de 15 a 29 anos os que fan un maior uso, sobre todo frecuente (17,8% van unha vez ao mes), o seguinte grupo é o dos nenos, e despois a frecuencia decrece coa idade. En canto aos estudos, a influencia non é lineal, pois se ben os que menos asisten son o grupo de menor escolarización, o que asiste en máis medida é o dos estudos secundarios superiores (Táboa 2.15).

O consumo de televisión está tamén moi estendido, e sitúase no 90,6% a poboación que a ve diariamente. Estes son os resultados (Táboa 2.16):

**Táboa 2.16. Frecuencia coa que ve a televisión**

| | |
|---|---|
| Diariamente | 90,64% |
| Dúas ou máis veces á semana | 05,95% |
| Algunha vez ao mes | 00,67% |
| Esporadicamente | 01,88% |
| Nunca | 00,86% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

De novo non se aprecian diferenzas significativas entre sexos, tal e como se pode comprobar na Táboa 2.17. Os ingresos amosan diferenzas significativas, pero escasa variación, pese a que hai unha pequena tendencia a ver algo menos a televisión entre os individuos con maiores rendas. O mesmo ocorre co hábitat, cunha lixeira tendencia a que vexan mais televisión nos concellos rurais. Os estudos si operan con maior claridade, descendendo o consumo diario de televisión co nivel educativo. Por idades, destaca o grupo dos mozos de 15 a 29 anos, neste caso por ser o que menos televisión consume, seguidos dos nenos, para despois a partir dos 30 aumentar coa idade.

**Táboa 2.17. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia coa que ve a televisión**

| Categorías | (Diariamente, Dúas ou máis veces á semana, Algunha vez ao mes, Esporadicamente, Nunca) |
|---|---|
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (01.72%, -7.06%, -28.36%, -32.98%, -37.21%)<br>p-value: 0.00058 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (00.29%, -5.38%, 08.96%, 06.38%, -12.79%)<br>p-value: 0.66296 ; result: NOT SIG. |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (-1.67%, 18.15%, 26.87%, 20.74%, -15.12%)<br>p-value: 0.0005 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (02.02%, -20.67%, -43.28%, -14.89%, -2.33%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (-1.84%, 21.01%, 46.27%, -11.7%, 38.37%)<br>p-value: 0.0049 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (-2.34%, 23.19%, 46.27%, 026.6%, -8.14%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (-4.12%, 70.42%, 31.34%, -12.23%, -52.33%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (-9.07%, 62.69%, 231.34%, 142.02%, 031.4%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (-2.34%, 24.54%, 08.96%, 27.66%, 009.3%)<br>p-value: 3e-05 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (02.17%, -9.75%, -44.78%, -25.53%, -69.77%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (05.46%, -60.67%, -83.58%, -64.36%, 050.0%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (-0.01%, -1.51%, -2.99%, 06.38%, 01.16%)<br>p-value: 0.9521 ; result: NOT SIG. |
| Muller | Incr: (00.02%, 01.34%, 01.49%, -5.85%, 000.0%)<br>p-value: 0.95957 ; result: NOT SIG. |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (04.02%, -50.59%, -79.1%, -53.72%, 104.65%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (02.78%, -23.7%, -22.39%, -29.26%, -46.51%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (-2.71%, 19.16%, 92.54%, 40.43%, -6.98%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (-5.39%, 51.76%, 29.85%, 77.66%, 17.44%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

O consumo de radio é moito menos popular (Táboa 2.18):

**Táboa 2.18. Frecuencia coa que escoita a radio**

| | |
|---|---|
| Diariamente | 37,27% |
| Dúas ou máis veces á semana | 15,25% |
| Algunha vez ao mes | 03,32% |
| Esporadicamente | 17,6% |
| Nunca | 26,57% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A renda e os estudos operan ao revés que na televisión dado que o consumo de radio aumenta con ingresos e especialmente co nivel educativo. Tamén é máis frecuente nas cidades e lixeiramente máis popular entre homes. Por idades diferenciase o grupo de mediana idade (30-49 anos) como que máis consume radio (Táboa 2.19).

**Táboa 2.19. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia coa que escoita a radio**

| Categorías | (Diariamente, Dúas ou máis veces á semana, Algunha vez ao mes, Esporadicamente, Nunca) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-12.72%, -10.95%, -15.06%, -1.82%, 27.17%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (-6.14%, -2.43%, -10.24%, 04.09%, 08.54%)<br>p-value: 0.00172 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (04.96%, 00.66%, 02.11%, -5.17%, -4.25%)<br>p-value: 0.05347 ; result: NOT SIG. |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (06.47%, 06.56%, 12.65%, 02.44%, -16.03%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (-7.49%, -5.97%, -11.45%, -00.8%, 15.88%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (03.27%, 17.05%, 09.34%, -11.08%, -8.28%)<br>p-value: 9e-05 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (10.03%, 02.56%, 13.55%, 05.34%, -20.81%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (-63.29%, -27.67%, 40.36%, 23.64%, 83.97%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (-23.18%, 14.62%, 46.39%, 40.11%, -8.24%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (23.26%, 37.18%, 000.3%, -14.72%, -44.26%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (11.43%, -0.39%, 001.2%, 05.74%, -19.8%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-4.19%, -33.25%, -32.53%, -15.11%, 39.03%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (05.82%, 02.49%, 000.6%, 01.76%, -10.88%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Muller | Incr: (-5.31%, -02.3%, -00.9%, -1.59%, 09.86%)<br>p-value: 1e-05 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-25.38%, -38.16%, -29.22%, -17.39%, 72.64%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (03.89%, -1.11%, 03.01%, 04.43%, -08.2%)<br>p-value: 0.00157 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (015.7%, 20.85%, 09.04%, 08.35%, -40.68%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (30.45%, 32.59%, -1.81%, -8.47%, -55.66%)<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

A lectura de xornais é un hábito que con maior ou menor frecuencia chega a aproximadamente á metade da poboación. A continuación pódense ver as frecuencias (Táboa 2.20):

**Táboa 2.20. Frecuencia coa que le o xornal**

| | |
|---|---|
| Diariamente | 31,18% |
| Dúas ou máis veces á semana | 12,45% |
| Unha vez á semana | 08,68% |
| Polo menos unha vez ao mes | 02,4% |
| Esporadicamente | 16,0% |
| Nunca | 29,29% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

A renda e a educación inciden positivamente na lectura de xornais. Tamén aumenta o consumo canto máis urbano é o hábitat de residencia. Tamén é algo máis popular entre os homes. Os

nenos son os que menos len o xornal, seguidos do grupo dos de maior idade. Os grupos de mediana idade de 50 a 64 e especialmente o de 30 a 49 son os que máis frecuentemente len o xornal (Táboa 2.21).

**Táboa 2.21. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia coa le o xornal**

| Categorías | (Diariamente, Dúas ou máis veces á semana, Algunha vez ao mes, Esporadicamente, Nunca) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-38.71%, -17.11%, -8.64%, 02.92%, 12.87%, 43.74% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 990 € - 1600 € | Incr: (-15.97%, -2.65%, 01.84%, 16.25%, 07.13%, 12.36% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Ingresos fogar 1600 € - 2450 € | Incr: (01.28%, 07.71%, 06.34%, 09.58%, 00.25%, -7.44% )<br>p-value: 0.01128 ; result: NOT SIG. |
| Ingresos fogar > 2450 € | Incr: (29.67%, 03.53%, -2.42%, -21.25%, -11.56%, -24.31% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello < 20 000 Hab | Incr: (-25.27%, -2.01%, -1.27%, 005.0%, 09.19%, 022.7% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello 20 000 - 50 000 Hab | Incr: (04.71%, -8.11%, 25.12%, 32.92%, -12.56%, -4.85% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Concello > 50 000 Hab | Incr: (36.24%, 05.94%, -7.49%, -20.0%, -09.0%, -32.33% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 5 a 14 anos | Incr: (-91.12%, -81.04%, -46.31%, -45.83%, -31.06%, 165.93% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 15 a 29 anos | Incr: (-22.55%, 015.9%, 32.83%, 35.42%, 42.38%, -18.5% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 30 a 49 anos | Incr: (40.28%, 30.92%, 00.69%, 000.0%, 00.31%, -56.37% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade de 50 a 64 anos | Incr: (26.84%, 14.78%, 08.41%, 005.0%, -1.62%, -36.84% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Idade > 64 anos | Incr: (-25.63%, -26.91%, -10.25%, -7.92%, -9.69%, 47.73% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Home | Incr: (019.6%, 04.42%, -03.8%, -3.75%, -7.44%, -17.24% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Muller | Incr: (-17.83%, -04.1%, 03.46%, 03.33%, 06.81%, 15.71% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos I (Primaria) | Incr: (-64.18%, -40.08%, -17.4%, -7.08%, -06.5%, 94.61% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos II (Secundaria inf) | Incr: (-7.67%, 13.25%, 24.08%, 34.58%, 21.12%, -18.95% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIF |
| Estudos III (Secundaria sup) | Incr: (39.38%, 24.82%, 08.64%, -6.67%, 05.75%, -57.63% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Estudos IV (Sup) | Incr: (83.07%, 25.22%, -17.4%, -39.17%, -27.69%, -75.66% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

A lectura de libros tamén é relativamente popular, pese a que a metade da poboación non le (Táboa 2.22):

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 2.22. Frecuencia de lectura de libros non relacionados coa súa profesión ou estudo nos últimos 12 meses**

| | |
|---|---|
| Diariamente | 16,08% |
| Dúas ou máis veces á semana | 11,34% |
| Unha vez á semana | 05,29% |
| Dúas ou máis veces ao mes | 04,66% |

| | |
|---|---|
| Esporadicamente | 14,17% |
| Nunca | 48,45% |

Fonte: elaboración propia a partir de Enquisa Estrutural a Fogares. IGE

Os ingresos correlacionan positivamente e os estudos tamén, con maior claridade no segundo caso. Tamén é algo mais frecuente a lectura nas cidades que nos concellos pequenos e máis popular entre as mulleres (53,3% vs. 44,1% de non lectores). Por idades a tendencia é tamén lineal, cos nenos como os principais lectores e cun descenso na frecuencia de lectura conforme aumenta a idade (Táboa 2.23).

**Táboa 2.23. Incremento de cada categoría comparada coa mostra xeral e resultado do test Chi² da frecuencia coa le libros non relacionados coa súa profesión ou estudo nos últimos 12 meses**

| Categorías | (Diariamente, Dúas ou máis veces á semana, Algunha vez ao mes, Esporadicamente, Nunca) |
|---|---|
| Ingresos fogar < 990 € | Incr: (-19.28%, -17.72%, -14.18%, -19.74%, -23.57%, 20.91% )<br>p-value: 0.0 ; result: SIGNIFICANT |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,0083*** | 0,1045*** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,0314*** | 0,2448*** |
| Educación superior | 0,0637*** | 0,3446*** |
| gidade | | |
| 30-49 anos | -0,0005 | -0,0374*** |
| 50-64 anos | 0,0035 | -0,0729*** |
| 65 ou máis anos | 0,0033 | -0,1554*** |
| intfog | | |
| De 990€ a 1.600€ | 0,0072 | 0,0557*** |
| De 1.600€ a 2450€ | 0,0125** | 0,0785*** |
| Máis de 2.450€ | 0,0148*** | 0,1421*** |
| Nº observacións: 20.813 | | |
| Pseudo $R^2$ 0,1686 | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

A asistencia a festa populares, verbenas, etc. (Táboa 2.41) está relacionada dunha ou doutra forma con todos os factores considerados. Para este tipo de eventos obtéñense efectos marxinais medios negativos para os concellos de maior tamaño; non obstante, para unha asistencia regular o seu valor é baixo. Só para a frecuencia máis baixa, tense que os homes son máis propensos a asistir a este tipo de eventos que as mulleres (4,9%). A educación ten un efecto significativo e negativo, pero de magnitude non moi distinta. A relación coa idade é inversa e a relación cos ingresos directa.

**Táboa 2.41. Efectos marxinais da frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras, etc.**

| | Algunha vez ao mes | Algunha vez ao ano |
|---|---|---|
| tamanomuni | | |
| Entre 20.000 e 50.000 habitantes | -0,0115* | -0,0218*** |
| Máis de 50.000 habitantes | -0,0098** | -0,0516*** |
| sexo | | |
| Home | -0,0002 | 0,0487*** |
| esreal | | |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,0382*** | 0,0923*** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,0342*** | 0,0978*** |
| Educación superior | 0,0237*** | 0,1071*** |
| gidade | | |
| 30-49 anos | -0,0871*** | 0,0081*** |
| 50-64 anos | -0,1136*** | -0,0768*** |
| 65 ou máis anos | -0,1437*** | -0,2657*** |
| intfog | | |
| De 990€ a 1.600€ | 0,0149** | 0,0479*** |
| De 1.600€ a 2450€ | 0,0216*** | 0,0732*** |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Máis de 2.450€ | 0,0243*** | 0,0721*** |
| Nº observacións: 20.813 | | | |
| Pseudo $R^2$ 0,1274 | | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | | |

Para o consumo de televisión (Táboa 2.42) o tamaño municipal é só relevante cando o primeiro é diario, sendo os efectos marxinais negativos (a maior tamaño, menor consumo). A educación tampouco é un factor que claramente se poida afirmar que determina o consumo de televisión, pois só a primeira etapa de educación secundaria respecto da educación primaria ou inferior ten efectos significativos, os cales son positivos para o consumo diario pero negativos e moi próximos a cero para consumos de frecuencias inferiores. Salvo para o caso do consumo esporádico, a idade si parece ser un factor determinante á hora de ver a televisión, mantendo unha relación directa con esta cando os consumos son diarios, pero inversa para o resto de casos. Por último, os ingresos, salvo o tramo que vai de 990€ a 1.600€, non parece ser relevante; e nese tramos os efectos son case nulos a excepción do 2,2% para o consumo diario.

**Táboa 2.42. Efectos marxinais da frecuencia do visionado de televisión**

| | Diariamente | Dúas ou máis veces á semana | Algunha vez ao mes | Esporadicamente |
|---|---|---|---|---|
| tamanomuni | | | | |
| Entre 20.000 e 50.000 habitantes | -0,0235*** | 0,0168 | 0,0050 | -0,0048** |
| Máis de 50.000 habitantes | -0,0208*** | 0,0126** | 0,0028 | 0,0043 |
| sexo | | | | |
| Home | 0,0003 | -0,0027 | -0,0017 | 0,0031 |
| esreal | | | | |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,0232*** | -0,0059*** | -0,0022** | -0,0074** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,0031 | 0,0038 | 0,0012 | -0,0033 |
| Educación superior | -0,0238** | 0,0217 | 0,0007 | 0,0043 |
| gidade | | | | |
| 30-49 anos | 0,0675*** | -0,0268*** | -0,0136*** | -0,0237 |
| 50-64 anos | 0,0971*** | -0,0389*** | -0,0174*** | -0,0314*** |
| 65 ou máis anos | 0,1282*** | -0,0678*** | -0,0204*** | -0,0379 |
| intfog | | | | |
| De 990€ a 1.600€ | 0,0219*** | -0,0028*** | -0,0031*** | -0,0080*** |
| De 1.600€ a 2450€ | 0,0134* | -0,0030* | -0,0030 | -0,0018* |
| Máis de 2.450€ | 0,0133* | -0,0029* | -0,0031 | 0,0008*** |
| Nº observacións: 20.813 | | | | |
| Pseudo $R^2$ 0,0509 | | | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | | | |

O consumo de radio está relacionado con todas as variables independentes introducidas na estimación (Táboa 2.43). Para os consumos de maior frecuencia (diaria e semanal) o lugar de residencia ten un efecto positivo, así como o feito de ser home. No tocante ao nivel educativo obsérvase a mesma relación para os consumos máis habituais. Para as dúas categorías de consumo menos habitual, se ben estas se ven afectadas pola maioría das variables, o efecto marxinal en termos porcentuais é moi próximo a cero, a excepción da idade (os tramos de idade máis altos teñen unha menor probabilidade de escoitar a radio de forma pouco habitual en comparación cos individuos da menor franxa de idade).

**Táboa 2.43. Efectos marxinais da frecuencia de escoitar a radio**

| | Diariamente | Dúas ou máis veces á semana | Algunha vez ao mes | Esporadicamente |
|---|---|---|---|---|
| tamanomuni | | | | |
| Entre 20.000 e 50.000 habitantes | 0,0329** | 0,0217*** | 0,0049*** | -0,0309*** |
| Máis de 50.000 habitantes | 0,0408*** | 0,0069*** | 0,0089*** | 0,0057*** |
| sexo | | | | |
| Home | 0,0433*** | 0,0131*** | -0,0004*** | -0,0052*** |
| esreal | | | | |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,1147*** | 0,0298*** | 0,0012*** | 0,0097*** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,1789*** | 0,0484*** | -0,0055*** | 0,0077*** |
| Educación superior | 0,2082*** | 0,0635*** | -0,0063*** | -0,0067*** |
| gidade | | | | |
| 30-49 anos | 0,1506*** | 0,0384*** | -0,0117*** | -0,0791*** |
| 50-64 anos | 0,1417*** | -0,0092*** | -0,0140*** | -0,0513*** |
| 65 ou máis anos | 0,1621*** | -0,0402*** | -0,0252*** | -0,0782 |
| intfog | | | | |
| De 990€ a 1.600€ | 0,0080 | 0,0069 | 0,0026 | 0,0063** |
| De 1.600€ a 2450€ | 0,0379*** | 0,0006*** | 0,0062*** | -0,0083*** |
| Máis de 2.450€ | 0,0246* | 0,0049** | 0,0103*** | 0,0028*** |
| Nº observacións: 20.813 | | | | |
| Pseudo $R^2$ 0,0397 | | | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | | | |

Todas as variables independentes consideradas son factores determinantes do consumo de xornais (Táboa 2.44). A lectura diaria do xornal é máis probable a medida que o concello de residencia ten maior tamaño (8% e 13,2% respectivamente), para os homes (12,4%), para os niveis educativos máis elevados (destaca o efecto marxinal do 40,2% para os individuos con educación superior fronte aos individuos con, como máximo, estudos primarios), para as persoas de maior idade e tamén para os maiores ingresos netos mensuais. Estes efectos positivos vanse atenuando ata inverterse a medida que a frecuencia de lectura baixa, é dicir, para frecuencias de lectura baixas os impactos das distintas variables sobre a probabilidade de ler o xornal respecto da categoría de referencia é negativo, se ben, os efectos marxinais non chegan a asemellarse en valor absoluto aos impactos positivos nas frecuencias de lectura altas.

**Táboa 2.44. Efectos marxinais da frecuencia de lectura do xornal**

| | Diariamente | Dúas ou máis veces á semana | Unha vez á semana | Polo menos unha vez ao mes | Esporadicamente |
|---|---|---|---|---|---|
| tamanomuni | | | | | |
| Entre 20.000 e 50.000 habitantes | 0,0802*** | -0,0173*** | 0,0251*** | 0,0073*** | -0,0419*** |
| Máis de 50.000 habitantes | 0,1322*** | 0,0022*** | -0,0005*** | -0,0039*** | -0,0207*** |
| sexo | | | | | |
| Home | 0,1237*** | 0,0099*** | -0,0102*** | -0,0025*** | -0,0315*** |
| esreal | | | | | |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,1605*** | 0,0452*** | 0,0204*** | 0,0047*** | -0,0046*** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,3057*** | 0,0540*** | 0,0031*** | -0,0059*** | -0,0357*** |
| Educación superior | 0,4022*** | 0,0579*** | -0,0118*** | -0,0109*** | -0,0716*** |
| gidade | | | | | |
| 30-49 anos | 0,1395*** | 0,0248*** | -0,0151*** | -0,0027*** | -0,0373*** |
| 50-64 anos | 0,1710*** | 0,0167*** | -0,0128*** | -0,0061*** | -0,0634*** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 65 ou máis anos | 0,1503*** | -0,0135*** | -0,0223*** | -0,0099*** | -0,0799* |
| intfog | | | | | |
| De 990€ a 1.600€ | 0,0605*** | 0,0096*** | 0,0042*** | 0,0020*** | -0,0198*** |
| De 1.600€ a 2450€ | 0,0781*** | 0,0147*** | 0,0092*** | 0,0013*** | -0,0239*** |
| Máis de 2.450€ | 0,1209*** | 0,0077*** | 0,0082*** | -0,0041*** | -0,0346*** |
| Nº observacións: 20.813 | | | | | |
| Pseudo $R^2$ 0,0965 | | | | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | | | | |

Para a frecuencia na lectura de libros (Táboa 2.45) atópase que os factores determinantes son o sexo e a educación principalmente. No primeiro caso, salvo para os lectores esporádicos, tense que os homes son menos propensos á lectura de libros. No tocante á idade, a probabilidade de ler un libro increméntase coa idade, efecto que se observa para calquera das categorías de frecuencia de lectura consideradas. Respecto ao tamaño do municipio de residencia, só o feito de residir en concellos grandes ten un impacto positivo sobre a propensión á lectura respecto dos concellos pequenos, impacto que se mantén para as distintas frecuencias de lectura. A idade parece ser determinante só para as frecuencias máis baixas e o seu impacto é negativo.

**Táboa 2.45. Efectos marxinais da frecuencia de lectura de libros non relacionados coa profesión ou os estudos**

| | Diariamente | Dúas ou máis veces á semana | Unha vez á semana | Dúas ou máis veces ao mes | Esporadicamente |
|---|---|---|---|---|---|
| tamanomuni | | | | | |
| Entre 20.000 e 50.000 habitantes | -0,0087 | 0,0033 | 0,0111 | 0,0128* | 0,0181*** |
| Máis de 50.000 habitantes | 0,0199*** | 0,0106*** | 0,0159*** | 0,0100*** | 0,0344*** |
| sexo | | | | | |
| Home | -0,0705*** | -0,0336*** | -0,0076*** | -0,0128*** | 0,0105*** |
| esreal | | | | | |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,0668*** | 0,0447*** | 0,0238*** | 0,0259*** | 0,0564*** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,1566*** | 0,1065*** | 0,0403*** | 0,0468*** | 0,0866*** |
| Educación superior | 0,2732*** | 0,1389*** | 0,0581*** | 0,0454*** | 0,0583*** |
| gidade | | | | | |
| 30-49 anos | 0,0027 | -0,0165 | 0,0025 | -0,0274*** | -0,0041*** |
| 50-64 anos | 0,0235** | -0,0226 | -0,0091 | -0,0369*** | -0,0320*** |
| 65 ou máis anos | 0,0189* | -0,0601*** | -0,0133*** | -0,0421*** | -0,0620*** |
| intfog | | | | | |
| De 990€ a 1.600€ | -0,0118 | -0,0067 | -0,0051* | 0,0013* | 0,0111 |
| De 1.600€ a 2450€ | -0,0149 | -0,0045* | -0,0040* | 0,0015* | 0,0245 |
| Máis de 2.450€ | -0,0123 | -0,0045 | -0,0028* | 0,0062 | 0,0405** |
| Nº observacións: 20.813 | | | | | |
| Pseudo $R^2$ 0,1127 | | | | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | | | | |

O uso dos servizos de bibliotecas e similares parece estar principalmente relacionado coa idade e co nivel educativo. Os niveis educativos de segunda etapa de secundaria e superior teñen unha maior propensión ao uso destes servizos independentemente da frecuencia, se ben os efectos marxinais son maiores a medida que a frecuencia cae. No caso da idade os efectos son negativos e máis intensos a medida que a frecuencia de uso descende (Táboa 2.46).

**Táboa 2.46. Efectos marxinais da frecuencia de uso dos servizos dunha biblioteca para consulta de obras, préstamo de libros, etc., non relacionados coa profesión ou os estudos**

| | Cada semana | Cada mes | Algunha vez ao ano |
|---|---|---|---|
| tamanomuni | | | |
| Entre 20.000 e 50.000 habitantes | 0,0043 | 0,0074 | 0,0182* |
| Máis de 50.000 habitantes | 0,0052 | 0,0217*** | 0,0148*** |
| sexo | | | |
| Home | -0,0055 | -0,0116** | -0,0039** |
| esreal | | | |
| Primeira etapa de educación secundaria | 0,0113 | 0,0167* | 0,0282** |
| Segunda etapa de educación secundaria | 0,0269** | 0,0399*** | 0,0420*** |
| Educación superior | 0,0389** | 0,0474*** | 0,0618*** |
| gidade | | | |
| 30-49 anos | -0,0223*** | -0,0568*** | -0,0864*** |
| 50-64 anos | -0,0269*** | -0,0755*** | -0,1322*** |
| 65 ou máis anos | -0,0244*** | -0,0986*** | -0,1497*** |
| intfog | | | |
| De 990€ a 1.600€ | -0,0141* | -0,0093* | 0,0340 |
| De 1.600€ a 2450€ | -0,0076 | -0,0152* | 0,0048 |
| Máis de 2.450€ | -0,0143** | -0,0213*** | -0,0001** |
| Nº observacións: 10.126 | | | |
| Pseudo $R^2$ 0,0526 | | | |
| NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | | |

## 2.4 CONCLUSIÓNS

Tal e como se podía esperar e como tamén indica a maior parte da literatura revisada, a educación e a renda son as variables que máis inflúen no consumo de produtos e servizos culturais dos galegos. A educación incide dunha maneira lineal, coa salvidade do consumo de televisión, a maior educación maior consumo de produtos culturais, pero a renda con algo menos de claridade, mesmo non afectando o consumo dalgúns produtos. A renda inflúe positivamente na asistencia ás artes escénicas e a eventos como orquestras e verbenas e na lectura de xornais. Na asistencia ao cine e a concertos afecta tamén, pero nas frecuencias de asistencia mais baixas. Noutros ámbitos os efectos son máis febles.

En relación coa renda podería atoparse o hábitat, que dada a coincidencia que amosan nalgúns consumos, podería reflectir unha correlación entre as dúas variables independentes (a renda tamén descende co tamaño poboacional). Mesmo coinciden as dúas variables independentes nas excepcións das bibliotecas e a televisión ás que se lle engaden as verbenas. En calquera caso, o tamaño poboacional afecta positivamente á asistencia a servizos que teñen menor oferta fora das áreas urbanas como o cine, as artes escénicas, os espectáculos musicais e os museos, pero tamén a lectura de xornais ou a escoitar a radio, produtos igualmente accesibles independentemente do lugar de residencia. Isto podería implicar que a menor participación cultural detectada foras dos núcleos urbanos non estaría so relacionada coa menor oferta.

Pola súa banda, a idade tamén resulta unha variable influente, pero que opera dunha maneira diferente e parece estar relacionada máis co tipo de actividade cultural, malia que existe certa tendencia a que o consumo de cultura en xeral descenda coa idade, agás no caso da televisión. Nalgunhas das análises que se fixeron detéctase unha frecuencia de uso elevada dalgunhas prácticas culturais entre os nenos que podería estar relacionado co ensino, o cal explicaría que as franxas de idade mais novas sexan os maiores usuarios de museos e bibliotecas, xa que as visitas escolares a este tipo de equipamentos son frecuentes no ensino primario e secundario. Tamén podería estar relacionado con que sexan os que len libros en maior medida, pero o feito de que se trata de libros non relacionados cos estudos, debería indicar

que existen factores externos no entorno social e familiar que facilitan a lectura, e mesmo tamén apuntar cara un cambio social ou de incremento futuro dos índices de lectura, tal e como se percibe na lectura de prensa. As preferencias dos mozos están relacionadas con ámbitos de alta socialización, como ocorre noutros lugares e en épocas pasadas, o cal explica a preferencia polo cinema en sala e a música en directo, incluídas as verbenas, de gran aceptación en Galicia. Tampouco resulta sorprendente a preferencia da lectura de xornais e o consumo de radio entre a xente de mediana idade ou a maior intensidade do uso da televisión entre as persoas maiores. Resulta de gran interese a coincidencia de que sexan as idades medias e os nenos os maiores consumidores de artes escénicas, que malia que con certeza estará condicionada pola preferencia deste tipo de espectáculos entre as persoas de entre 30 e 49 anos e a asistencia a funcións escolares entre os nenos, probablemente tamén indique a existencia dun grupo de poboación que acode en familia a este tipo de espectáculos, reforzando o achado atopado noutros estudos no que a frecuencia de consumo dun produto cultural garda relación co consumo da familia.

As menores diferenzas por sexo tamén coinciden co atopado noutros estudos, especialmente no relacionado coa lectura, coas mulleres máis interesadas nos libros e os homes nos xornais. Tamén é destacable o menor interese deles polas artes escénicas e delas pola radio. O sexo é a variable independente menos explicativa malia presentar as diferenzas que se acaban de describir.

En canto á evolución, entre as tendencias xerais, pódese citar que nas prácticas culturais que crecen, o incremento maior prodúcese entre os usuarios frecuentes. A renda semella influír lixeiramente nos consumos culturais que se incrementan, pero este efecto semella desaparecer entre as variables dependentes que descenden en frecuencia.

Entre as tendencias atopadas na evolución das diferentes variables dependentes, pese a que algúns estudos indican unha frecuencia de aumento da lectura, (o cal si se percibe na lectura de prensa e revistas) o número de libros lidos permanece estable. No consumo de música os maiores incrementos prodúcense entre aqueles grupos etarios que menos asistían.

Tamén existe unha evolución que podería entenderse como facilmente homologable co entorno e de carácter estrutural. Percíbese como hai unha serie de actividades que espertan moito menos interese en 2014 respecto de 2006. Son o caso dos museos, bibliotecas e cine en sala, que descenden claramente. Tamén podería destacarse o descenso do consumo de televisión entre a xente nova. Este cambio de tendencia, non parece gardar relación clara coa renda, e ademais, a excepción do cinema, as actividades que descenden son case sempre gratuítas. Por outra banda existe un aumento moi importante da asistencia á música en vivo na que a renda ten tamén un papel discreto (mais perceptible entre usuarios frecuentes) que ademais coincide cun descenso na capacidade adquisitiva xeral da poboación. Estes fenómenos parecen atender a un cambio de tendencia social, na que a evolución social e tecnolóxica experimentada en pouco tempo inflúen nos hábitos culturais. Por exemplo, a facilidade de acceso a contidos audiovisuais en múltiples soportes incide nun menor consumo de cine en sala e de televisión, o acceso a información telemática incide negativamente no atractivo de bibliotecas e museos, o descenso do gasto en música en soportes físicos incrementa a oferta e o gasto en música ao vivo, etc.

Outro fenómeno destacable é de carácter máis particular de Galicia e ten que ver cun sensible descenso na percepción da falta de oferta nas áreas menos urbanizadas. Na evolución xeral, o aumento da categoría dos individuos que non asisten a un equipamento por un motivo diferente a falta de cercanía debe tomarse como un indicador de menor interese, máis perceptible nos concellos menos poboados e entre a xente máis nova. Sen dúbida, gran parte deste tendencia se pode explicar pola extensión da oferta e principalmente pola posta en marcha

de equipamentos culturais, así como a mellora das comunicacións, que se producen nun período de tempo relativamente curto. O feito de que esa percepción da mellora da oferta non incida nun aumento do consumo e da participación, senón máis ben nun incremento sensible da falta de interese, apunta a que o incremento da demanda non depende unicamente da oferta, senón de variables de máis lenta evolución, como a renda, e con maior seguridade, a educación.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# 3. ESTIMACIÓN DO IMPACTO ECONÓMICO DA COOFICIALIDADE DO ASTURIANO E DO GALEGO-ASTURIANO

## 3.1 INTRODUCIÓN

A economía da lingua como campo de investigación xoga un papel discreto nas institucións académicas, pero cada vez máis importante na práctica. Os fundamentos teóricos son interdisciplinares e van desde a economía ata a análise de políticas, a socioloxía da linguaxe, a sociolingüística e as ciencias da educación (Grin, 2003).

Cabe destacar dous tipos de relación entre linguaxe e economía. En primeiro lugar, as variables económicas afectan os idiomas. Por exemplo, na perspectiva microeconómica, os prezos dalgúns bens poden afectar os patróns de uso do idioma, mentres que a nivel macroeconómico, a dinámica do comercio internacional pode influír na práctica lingüística. En segundo lugar, as variables lingüísticas afectan a economía. Así, a nivel microeconómico, as diferenzas na competencia lingüística poden xerar diferenzas salariais e, a nivel macroeconómico, o tamaño dunha comunidade lingüística estimula a demanda de bens e servizos no idioma desa comunidade.

Estas dúas relacións son útiles para explicar unha área de aplicación da economía da lingua na que buscan proporcionar argumentos económicos para a política lingüística. Por exemplo, se se pode demostrar que hai un impacto económico positivo dunha política lingüística, este pode ser un argumento para a súa implementación. Tamén é moi útil avaliar os custos e beneficios das políticas lingüísticas desde unha perspectiva económica.

A economía das linguas e a avaliación das políticas públicas son elementos que se deben ter en conta á hora de tomar a decisión de que linguas se ensinan nunha comunidade lingüística. Con este enfoque pódense tomar decisións en base a criterios de eficiencia. Con todo, a eficiencia debe significar que se consideren criterios de mercado e de non mercado (sociolingüísticos, culturais, políticos, etc...). Unha das liñas de investigación en economía da lingua máis desenvoltas é a que estuda a interacción entre a lingua e os ingresos salariais. Grin tamén distingue a relación da lingua coa actividade económica. Esta categoría contén liñas de traballo moi diversas, mesmo heteroxéneas, que se centran nos procesos de produción, consumo e intercambio de bens e servizos, e examina o papel da lingua neles.

Gran parte do traballo que estuda a relación da economía da lingua coa política lingüística tenta medir o impacto económico das políticas lingüísticas (Grin e Vaillancourt, 1999).

En canto ao valor económico da linguaxe, é necesario considerar, en primeiro lugar, a cuestión do valor desde o punto de vista individual (valor privado). Dentro del, débese facer unha distinción entre valores "de mercado" e de "non mercado". Os valores de mercado reflíctense en prezos ou algún outro indicador. Segundo Grin, no ámbito social, que se refire ao valor para a sociedade no seu conxunto, a distinción entre “mercado” e “non mercado” tamén é relevante, pero é diferente do valor privado e debe computarse dalgunha maneira. Como primeira aproximación, a agregación é unha simple suma, aínda que a realidade é moito máis complexa. O estudo da relación entre o uso dun idioma e a actividade económica busca

determinar a influencia que sobre a actividade económica dun país ou dunha rexión exerce o uso a distintos niveis dun idioma.

Neste capítulo describiremos diferentes métodos para valorar unha lingua desde o punto de vista macroeconómico. Os casos que estudaremos serán os do español e o das linguas cooficiais do estado. Baseándonos na metodoloxía destes traballos, estimaremos o valor das linguas do Principado de Asturias e realizaremos unha serie de simulacións para tratar de determinar o impacto económico que tería unha eventual oficialidade do asturiano e do galego-asturiano.

### 3.2 O VALOR DAS LINGUAS DESDE UNHA PERSPECTIVA MACROECONÓMICA

As linguas teñen un mercado e unha industria propia. As actividades que están vinculadas ás linguas constitúen algo similar a un sector de actividade que xeran riqueza e emprego e que son cuantificables.

En España mediuse o valor económico da lingua española con diferentes aproximacións (García, Alonso e Jiménez, 2012). Resulta de especial relevancia para a presente investigación o traballo de Girón e Cañada (2009) que desde a perspectiva da contabilidade nacional e utilizando a metodoloxía das táboas input-output calcula unha contribución do español ao PIB de España do 10%, cunha tendencia á alza no período que se realizaron os cálculos (2001-2004).

O procedemento que se utiliza é, de modo resumido, o seguinte. A partir dunha selección de produtos e actividades económicas relacionadas coa lingua e de fontes estatísticas contables, estímase a produción destas actividades. A partir destes datos, estímase o VEB por ramas co nivel de desagregación dispoñible e a partir de aí se estima o valor económico da lingua en termos de VEB, PIB, emprego ou algunha outra macro magnitude.

Un enfoque deste tipo, necesariamente reducionista, está limitado polas clasificacións de produtos e actividades, as estatísticas dispoñibles e unha serie de constricións que obrigan en todo momento a tomar decisións dado que as cifras son o froito de opcións sobre que actividades son soportadas pola lingua, baixo a hipótese de que "o idioma sexa parte esencial do produto principal", como se pondera nelas este compoñente, ás veces denominado coeficiente de lingua.

Para a determinación das actividades económicas os autores afirman que os criterios pasan por seleccionar produtos e servizos xerados por aquelas nos que a linguaxe é parte esencial indisoluble do produto obtido, é dicir, que non poderían existir sen o idioma, con exemplos tan evidentes como o libro, outros produtos da industria editorial e, en xeral, de todas as demais industrias da cultura (cinema, teatro, etc.., incluíndo a parte de creación e a parte de produción industrial) nas que o idioma é vehículo, medio ou resultado esencial da produción. Pero tamén se incluirían aquí os medios de comunicación (radio, televisión…) ou actividades relacionadas (axencias de noticias); as telecomunicacións, sector totalmente dependente do idioma (e á súa vez coadxuvante na súa evolución); as denominadas industrias de tecnoloxía lingüística; as actividades de institucións que fomentan a utilización da lingua ou supervisan o seu uso (Academias da Lingua e similares); a publicidade, actividade que neste caso non só se apoia no idioma senón que, do mesmo xeito que nos casos anteriores, baséase, entre outros elementos, na utilización (manipulación) do idioma, etc.

Especialmente relevante é o caso da educación que, como veremos, ocupa un espazo moi importante no impacto global deste tipo de contabilidade, e da que se entende que está vinculada baixo distintas perspectivas ao idioma porque necesita do idioma como vehículo de transmisión de coñecementos á vez que ten por obxectivo contribuír á súa utilización en base a unhas normas concretas.

De feito, ao tratarse de traballos enfocados nunha lingua en concreto, chámase a atención sobre a dificultade de distinguir o valor dunha ou outra lingua, dado que é posible que ao final

se estea contabilizando as actividades e produtos relacionados coa lingua en xeral, e non unha lingua determinada.

Os autores recoñecen que se trata dunha característica da sociedade e a poboación española que foi adquirindo nas últimas décadas unha importancia cada vez maior: o uso doutras linguas cooficiais, distintas do español. Este uso crecente doutras linguas en España expón unha dificultade obvia para o procedemento de cálculo. Se o que se utiliza, ou o que se contén nun produto, non é o unicamente o español as medicións deberían ser diminuídas ou corrixidas na parte de utilización doutras linguas. Esta corrección non puido realizarse no traballo segundo os autores debido a razóns estatísticas xa que, salvo excepcións como a educación, que son precisamente as que se utilizaron para corrixir aínda que sexa minimamente os cálculos, non existen fontes de información exhaustivas que permitan desagregar o uso e extensión dos diferentes idiomas en todos os sectores da economía española, ou polo menos esa era a situación naquel momento.

No caso do éuscaro calculouse a contribución desta lingua á economía da comunidade autónoma vasca (Siadeco, 2015). O procedemento de selección de actividades económicas realízase tendo en conta algunhas particularidades:

> A la hora de realizar un estudio para medir el impacto económico del euskera, hay que tener en cuenta ciertas particularidades que presenta esta lengua frente a otras más fuertes y normalizadas como el castellano y otras de carácter transnacional. A la hora de evaluar la importancia y el peso del euskera en la economía de la CAE, no es correcto limitarnos únicamente a los sectores en los que la propia lengua es parte del producto. También, hay que tener en cuenta, por un lado, el esfuerzo realizado desde las administraciones públicas para la normalización del euskera, y por otro, el incremento que en los últimos años ha experimentado el mercado de productos y servicios vinculados al euskera; el aumento de productos en euskera generado en el ámbito de los medios de comunicación y en el de la cultura. Además, hay que reseñar el esfuerzo de euskaldunización desarrollado a través del sistema educativo. Por consiguiente, a la hora de cuantificar el impacto del euskera en la economía de la CAE, además del sector vinculado a la industria de la lengua, se ha tenido en cuenta el sector de la industria de la cultura y los medios de comunicación; el sistema educativo; y los recursos dirigidos al ámbito del euskera y de la cultura en euskera por parte de las administraciones públicas."

Os resultados deste traballo indican que o 6,3 % do emprego xerado pola economía do País Vasco e o 4,5 % do VEB están vinculados ao éuscaro. O peso do PIB na economía rexional sitúase no 4,2 %. Os autores deste traballo comparan a importancia desta achega co sector do turismo na economía vasca (5,8 % do PIB).

No caso do valenciano, tamén se procedeu á medición do valor da lingua na Comunidade Valenciana (Generalitat Valenciana, 2019) tomando como referencia a metodoloxía do estudo sobre o éuscaro arriba referido. Unha das conclusións principais é que o valenciano supón o 2,1% do VAB da comunidade autónoma e o 2,95% da ocupación. En comparación co impacto que o éuscaro ten na economía vasca, a contribución do valenciano é algo menos da metade nas variables comparadas usando unha metodoloxía similar e estimacións equivalentes.

Dunha ou outra maneira, as catro principais agrupacións de actividades económicas que compoñen a lingua neste tipo de traballos macroeconómicos son a industria da lingua (tradución, etc.), a industria da cultura e os medios de comunicación (libros, música, artes escénicas, prensa escrita, TV, etc.), a educación (universitaria e non universitaria) e as administracións públicas. Os dous exercicios do cálculo do valor do éuscaro e do valenciano utilizan delimitacións similares.

En concreto, delimítanse catro sectores, que serán os que se observarán neste traballo cando se vaia a cuantificar a dimensión económica das linguas en Asturias.

1. Actividades relacionadas coa industria da lingua. Confórmano as entidades de ensino das linguas (do ámbito público, como as escolas oficiais de idiomas, e privado, como academias) e os organismos que regulan a normativa e empresas que ofrecen servizos de tradución e interpretación.
2. Industrias da cultura e medios de comunicación como as editoriais, a industria musical, audiovisual, artes escénicas, etc., e outras actividades relacionadas co ámbito cultural.
3. Actividades educativas nas que a lingua é unha parte fundamental no ámbito da formación regulada.
4. Administración pública. Aínda que como se viu no tres anteriores a Administración xa tiña un papel relevante, neste último subsector comprende a actividade dos entes dedicadas á promoción lingüística e tamén cultural onde a lingua sexa relevante.

Unha das primeiras consideracións metodolóxicas que debemos subliñar é o problema do cálculo dos coeficientes da lingua. Nos casos do valenciano e o éuscaro, a actividade económica que xeran os sectores vinculados á lingua non é imputable unicamente a estas dúas linguas, senón tamén a outras, especialmente ao español. Os autores destes traballos, para decidir que parte da renda e a ocupación correspondente a esas linguas estiman o peso sobre o total para cada un dos sectores económicos. Nalgúns casos, como as actividades institucionais que se crean exclusivamente ao redor da lingua cooficial, impútase a totalidade da actividade. Nos casos nos que é necesario atribuír un coeficiente, o que se fai é un traballo de campo específico (unha enquisa a empresas e institucións), onde se pregunta polo grao de actividade correspondente a esa lingua. Por exemplo, no caso do valenciano, "o criterio varía segundo o sector e pode facer referencia ao número de alumnos matriculados en cursos de valenciano (para as academias de idiomas), ao volume de facturación de traballos realizados en valenciano (empresas de tradución) ou ao volume de actividade (vendas ou cifra de negocio) en valenciano (medios de comunicación)." No caso do éuscaro o procedemento é similar: "utilizáronse datos de fontes de información indirecta a fin de realizar estimacións en base ao grao de presenza do éuscaro no sector de actividade; doutra banda, SIADECO levou a cabo un traballo de campo co fin de obter a información necesaria de forma directa. No devandito traballo de campo, solicitouse ás empresas, asociacións e entidades consultadas que acheguen datos que permitan estimar que parte do emprego total se pode asignar ao éuscaro".

Unha segunda consideración está relacionada coas clasificacións. No caso do presente capítulo todas as actividades e produtos que se queiran analizar deben dun modo ou outro estar contidos nas clasificacións normalizadas. No caso das actividades, a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009) foi elaborada segundo as condicións recollidas na regulamentación de EUROSTAT que busca facilitar a comparabilidade europea. No caso das ocupacións, a referencia é a Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-11), elaborada tamén para facilitar a comparabilidade no marco da Organización Internacional do Traballo. Clasifícanse as ocupacións segundo o tipo de traballo realizado e as competencias. Pola súa banda, a Clasificación de Produtos por Actividade (CPA) constitúe a versión europea da Clasificación recomendada pola ONU e tamén ten por obxecto harmonizar datos a nivel europeo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COMPOSTELA

A terceira consideración que debe facerse ten que ver co problema das fontes de datos dispoñibles. No caso que nos ocupa, pártese dunha perspectiva macroeconómica, polo que as fontes son maiormente contables ou relacionadas coa actividade das empresas e o comportamento dos consumidores. Como se pode intuír facilmente, o nivel de detalle diminúe

conforme se traslada o foco dunha perspectiva xeral a unha máis específica. Así, para as estimacións en torno ao español disponse da información de contas nacionais a través da Contabilidade Nacional Anual de España que é unha estatística de síntese, pero cun gran nivel de detalle. Para a maioría dos datos autonómicos, disponse da Contabilidade Rexional de España que constitúe unha especificación das contas nacionais con detalle autonómico e para moitos agregados tamén a nivel provincial, pero cun nivel de detalle menor que as contas das que proceden. O Marco Input Output (MIO) proporciona unha descrición exhaustiva do proceso produtivo e do equilibrio dos recursos e os empregos utilizando ramas de actividade homoxéneas e tamén son diferentes segundo o organismo que as elabore. No caso da contabilidade nacional, elabóranse con periodicidade. As autonomías de España tamén as foron producindo e no caso de Asturias disponse desta información periodicamente que proporciona a Sociedade Asturiana de Estudos Económicos e Industriais (SADEI), adscrita á Consellería de Facenda do Principado de Asturias.

Á marxe de todas estas consideracións, coa metodoloxía utilizada nestes tipos de traballos é posible medir o impacto económico directo, indirecto e, nalgúns casos, inducido das linguas. A contribución directa enténdese como o valor das vendas, o valor engadido e a ocupación que xeran as empresas e institucións que realizan actividades vinculadas á lingua. Ademais, as empresas e institucións abastécense de empresas doutros sectores polo que a produción dos sectores relacionados coa lingua inciden tamén na produción doutros sectores, o que constitúe o impacto económico indirecto. En terceiro lugar parte das rendas e salarios que corresponde ao emprego directo e indirecto xerado pola lingua, destínase ao consumo interno, polo que se pode calcular o impacto inducido da lingua no resto de economía produtiva.

Con este tipo de enfoque, os valores xerados pola lingua de tipo intanxible, de especial relevancia na identidade social quedan fóra da análise, dado que o interese principal radica precisamente en medir dunha maneira cuantificable e homologable a relación da lingua coa sociedade desde unha perspectiva económica.

### 3.3 Algúns datos parciais sobre a dimensión económica das linguas minoritarias en Asturias

O status xurídico das linguas en España e a protección que se promove de distintas variedades lingüísticas, así como a asimetría que supón o desenvolvemento do status de cada unha desas linguas e variedades, provoca unha situación de aplicación de políticas lingüísticas tamén moi desigual. Aínda que as magnitudes económicas que se poden medir na contorna dunha lingua son moitas e diversas, o indicador do gasto público é fundamental. Este indicador tamén presenta as súas dificultades, posto que o gasto imputable a unha lingua pode transcender con moito os límites nos que as clasificacións de gasto dos orzamentos e liquidacións das administracións constrinxen as distintas partidas. Así, as autonomías que no seu sistema contable teñen un epígrafe denominado "política lingüística" ou de análoga natureza, remiten a información para a Estatística de Financiamento e Gasto Público en Cultura, desenvolvida polo Ministerio de Cultura y Deporte coas Comunidades Autónomas que participan en diversas fases da súa elaboración e dunha explotación específica da Estatística de Liquidacións dos Orzamentos das Entidades Locais elaborada polo Ministerio de Hacienda. O resultado do total do gasto liquidado para aquelas comunidades que declaran tal partida é o que segue:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Gráfica 3.1. Gasto liquidado en política lingüística en España (miles de euros)**




Fonte: Estatística de Financiamento e Gasto Público en Cultura. Ministerio de Cultura y Deporte

Como se pode observar trátase dunha partida moi sensible ao ciclo económico e aparentemente flexible, con crecementos importantes nos ciclos expansivos e recortes igual de importantes en períodos críticos.

Existe unha dimensión económica da lingua asturiana e o galego-asturiano, aínda que dificilmente cuantificable. Coñecemos a existencia de axentes que desenvolven actividades relacionadas coa lingua como as que se describiron máis arriba. Existe unha industria da lingua, unha actividade cultural nas linguas propias do principado, é posible estudar a lingua asturiana e o galego-asturiano e existen entidades públicas que teñen por fin a promoción e protección destas linguas.

O gasto en política lingüística do Principado de Asturias sitúase en 1,4 millóns de euros na última anualidade dispoñible, con descensos desde 2008, pero con certa estabilidade nos últimos anos.

**Gráfica 3.3. Gasto en política lingüística do Principado de Asturias (miles de euros)**




USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Pero quedar neste indicador reduciría dunha maneira moi importante a dimensión económica da lingua, dado que existen moitos produtos e servizos baseados na mesma que transcenden esta dimensión do gasto público. De feito, como xa se sinalou, unha gran cantidade de produtos culturais teñen unha base lingüística o que quere dicir que a lingua é un elemento, máis ou

menos cuantificable, da cadea de produción deses produtos. No caso da industria editorial, a radio ou a prensa, é fácil de percibir, pero tamén noutras actividades culturais. No caso das artes escénicas, a televisión, a industria da música ou as actividades cinematográficas tamén se observa con facilidade a relación entre lingua e actividade económica, ata o punto de que os produtos e servizos que ofrecen están basicamente dirixidos a unha comunidade lingüística concreta.

No caso de Asturias, como en moitas outras sociedades nas que conviven varias linguas, existe unha industria de produtos elaborados nas diferentes linguas das que se compón a comunidade lingüística. Obviamente, esta produción obedece a que no seu mercado existe tamén unha demanda desa lingua, que a falta de indicadores económicos, se pode reflectir en indicadores de tipo sociolingüístico (Llera, 2017). Por exemplo, o 37,5% dos residentes no Principado teñen algún libro en asturiano, un 28,5% le prensa nesa lingua e un 44,4% di posuír soportes que conteñen música en asturiano. Ademais, un 41,7% ve con maior ou menor frecuencia algún programa de televisión e outro 7,4% escoita algún programa na radio nesa lingua. Os asturianos maiores de 16 anos que tiveron algún tipo de instrución formal en asturiano son o 14% da poboación.

Aínda que non é posible saber que parte das actividades culturais do Principado de Asturias poderíanselle atribuír ao asturiano ou ao galego-asturiano, si podemos observar algún indicador parcial. Por exemplo, existe unha produción editorial en asturiano que supón unha porcentaxe de entre o 5 e o 11% nos últimos anos[1] de total de libros inscritos no ISBN en Asturias (Táboa 3.1).

**Táboa 3.1. Libros inscritos no ISBN**

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Lingua de publicación: Asturiano | 96 | 65 | 76 | 67 | 46 | 38 | 40 | 70 | 59 |
| Libros inscritos en ISBN en Asturias | 901 | 896 | 654 | 762 | 648 | 693 | 780 | 840 | 867 |
| Porcentaxe | 10,7% | 7,3% | 11,6% | 8,8% | 7,1% | 5,5% | 5,1% | 8,3% | 6,8% |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Este dato, que en si mesmo non é extrapolable a unha dimensión económica, en cambio si reflicte claramente que unha parte da industria produce en lingua asturiana.

A industria cultural no seu conxunto, tal e como se viu no capítulo primeiro para o caso de Galicia, non é un sector marxinal da economía. Para ilustrar a súa magnitude en Asturias pódese observar que o valor medio anual do emprego cultural (do que unha parte importante está directamente vinculado coa lingua, e dentro desta, algunha parte coas linguas minoritarias) sitúase en máis de 10.000 persoas en Asturias, o 2,6% do total de emprego. Desde 2011 creceu en maior medida que o conxunto do emprego aumentando en 3 décimas a súa proporción (Táboa 3.2).

**Táboa 3.2. Emprego cultural en Asturias**

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Valores absolutos | 9,1 | 9,6 | 8,7 | 9,4 | 10,3 | 11,4 | 11,6 | 10,9 | 10,2 |
| En porcentaxe do total de emprego | 2,3 | 2,5 | 2,3 | 2,5 | 2,7 | 2,9 | 2,9 | 2,8 | 2,6 |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

USC

Á súa vez, as empresas culturais de Asturias son o 2,1% das que existen en España. Son 2.539 sociedades coa seguinte distribución (Táboa 3.3):

[1] No entanto, os libros inscritos no ISBN en lingua asturiana non teñen que estar necesariamente producidos en Asturias.

**Táboa 3.3. Empresas culturais en Asturias (2018)**

| | |
|---|---|
| 1. En determinadas actividades da industria e dos servizos | 1.904 |
| 1.1. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais | 79 |
| 1.2. Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais | 118 |
| 1.3. Actividades cinematográficas, de vídeo, radio, televisión e edición musical | 118 |
| 1.4. Actividades de axencias de noticias | 1 |
| 1.5. Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos | 853 |
| 1.6. Actividades de fotografía | 260 |
| 1.7.Actividades de tradución e interpretación | 135 |
| 1.8. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 253 |
| 1.9. Edición de videoxogos | 2 |
| 1.10. Fabr. de soportes, aparellos de imaxe e son, e instr. Musicais | 6 |
| 1.11. Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares | 47 |
| 1.12. Educación cultural | 32 |
| 2. En determinadas actividades do comercio e alugueiro | 635 |
| Total | 2.539 |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

En canto ao gasto en cultura das familias, ascende no seu conxunto a 276 millóns de euros en Asturias, co desglose que se aprecia na Táboa 3.4:

**Táboa 3.4. Gasto en consumo cultural dos fogares (2018)**

| | Total (millóns de euros) | Gasto medio por fogar (euros) | Gasto medio por persoa (euros) |
|---|---|---|---|
| Total | 276,8 | 610,1 | 273,0 |
| Libro e publicacións periódicas | 61,1 | 134,8 | 60,3 |
| Servizos culturais | 26,9 | 59,3 | 26,5 |
| Soportes, equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información | 64,9 | 143,2 | 64,1 |
| Telefonía móbil e servizos relacionados con Internet | 123,8 | 272,9 | 122,1 |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Pero todos estes resultados, aínda que poden servir para aproximarse á dimensión do sector da cultura e da lingua, son parciais e non nos permiten agregar as principais magnitudes económicas para poder facer unha valoración da achega da lingua á economía asturiana, polo que será necesario achegarse ao fenómeno desde unha perspectiva diferente.

### 3.4 VALORACIÓN ECONÓMICA DAS LINGUAS EN ASTURIAS

Para proceder a valorar o impacto que xeran as linguas en Asturias, procederemos a adaptar a metodoloxía dos traballos que mediron o peso da lingua española, o valenciano e o éuscaro nas economías española, valenciana e vasca descritas en 3.2 coas fontes estatísticas dispoñibles para o Principado de Asturias, xa que non se dispón de fontes primarias, tal e como sería desexable. Isto implica que non se terá acceso á proporción que se correspondería con cada unha das linguas que se usan en Asturias, pero si do conxunto. Esta primeira achega permitirá observar a dimensión da actividade económica que se xera ao redor das linguas e posteriormente, valorar o impacto que podería ter sobre a economía ao potenciar o sector a partir dunha intervención económica en virtude dun cambio de status legal do asturiano e do galego-asturiano.

Para os cálculos utilizaremos o Marco Input-Output (MIO) de Asturias. A análise input-output úsase en distintos campos de coñecemento, alcanzando unha especial relevancia no terreo económico. De feito, é unha técnica imprescindible para calquera estudo sectorial integrado da economía. Ademais, nos últimos anos logrou un gran desenvolvemento, tanto desde o punto de vista teórico como aplicado.

Un dos ámbitos nos que maior aplicación está a ter é no ámbito da avaliación de políticas públicas, tanto como estudo de impacto previo como no control de resultados.

### 3.4.1 O modelo input-output de demanda

Input-output é o nome que recibiu o marco analítico desenvolvido por W. Leontief e que presentou en 1936 co título "Quantitative Input-Output Economics Relations in the Economic System of the United States". Na actualidade, a análise input-output é unha ferramenta moi utilizada para o estudo de calquera economía (nacional ou rexional) debido a que proporciona información das relacións existentes entre os distintos sectores e, ademais, sobre a súa demanda agregada. De feito, a táboa input-output (TIO) é un esquema contable que mostra as interdependencias na estrutura produtiva e que permite executar modelos de simulación e predición, entre os que destacan o modelo de demanda de Leontief. A premisa esencial é considerar que unha economía se pode dividir en ramas de actividade homoxéneas con relacións recíprocas estables ao longo do tempo.

Un modelo económico como o que se vai a analizar é unha representación o máis aproximada posible da estrutura da realidade económica e ten como finalidade poder determinar e predicir os valores ou cambios das variables endóxenas. Neste caso, o modelo caracterízase pola existencia de varias variables actuando simultaneamente e de forma interdependiente, á vez que nos indica a estrutura produtiva de cada rama e as súas relacións directas e indirectas co resto.

Os modelos e relacións estruturais que se poden calcular a partir dunha TIO posibilitan a consideración da mesma como unha teoría simplificada da produción e, con iso, a súa utilización e proxección. Pódense destacar dous tipos de simulacións posibles: a estimación dos niveis de produción de cada rama necesarios para satisfacer un obxectivo de demanda final determinado de forma exóxena, isto é, o modelo de demanda; e a alteración dos prezos de cada rama como resultado da variación dalgún elemento do valor engadido (salarios, por exemplo) ou dos prezos dos produtos dalgunha rama, isto é o modelo de prezos ou de oferta.

Neste traballo utilizaremos o primeiro deles, o modelo de demanda de Leontief, baseado na idea de Le Tableau Économique de Quesnay (1758) e na Teoría do Equilibrio Xeral de Walras (1874). Segundo esta teoría, a competencia produciría uns prezos de equilibrio en cada mercado, o que explicaría o equilibrio xeral, por iso os elementos que forman unha TIO tamén están en equilibrio.

Leontief trata de facer operativo tal esquema e para iso restrínxeo e simplifícao. O obxectivo de Leontief era realizar un estudo sobre as interrelacións existentes entre as diferentes partes dunha economía. Para iso, agrega os produtos de tal forma que cada sector económico ofreza un output, e linealiza o sistema. É dicir, tanto as ecuacións de demanda final, como as de oferta de inputs distintos das materias primas son lineais. Desta forma, concíbese unha economía dividida en n sectores, na cal o nivel de produción de cada sector vai depender do nivel de output dos demais (Dorfman, 1954).

Máis concretamente, no modelo de demanda de Leontief os sectores divídense en dous grupos: os produtivos (entre os cales existe unha relación lineal entre o output e os inputs de cada sector) e os de demanda final. Por tanto, na estrutura produtiva da economía pódese diferenciar entre requirimentos endóxenos (consumo intermedio) e exóxenos (demanda final).

É dicir:

$$x_{11} + x_{12} + x_{13} + \cdots + x_{1n} + D_1 = X_1$$
$$x_{21} + x_{22} + x_{23} + \cdots + x_{2n} + D_2 = X_2$$
$$(\ldots)$$

$$x_{n1} + x_{n2} + x_{n3} + \cdots + x_{nn} + D_n = X_n$$

Sendo:

n os sectores nos que se divide a economía
$X_i$ o output do sector i-ésimo
$x_{ij}$ os destinos intermedios que van do sector i-ésimo ao sector j-ésimo
$D_i$ a demanda final do sector i-ésimo

É agora cando se introduce a premisa esencial do modelo: unha economía pode dividirse en ramas de actividade homoxéneas que posúen relacións recíprocas estables ao longo do tempo. Estas relacións poden expresarse a través dos coeficientes técnicos (relacións técnicas nunha economía nun momento dado) que nos da a utilización que a rama j-ésima fai dos produtos da rama i por unidade de produción de j. É dicir:

$$a_{ij} = {}^{x_{ij}}/_{X_j}$$

Do anterior tense que $x_{ij} = a_{ij}X_j$. Substituíndo esta expresión no sistema que representa a estrutura produtiva da economía obtense:

$$\begin{gathered} a_{11}X_1 + a_{12}X_2 + a_{13}X_3 + \cdots + a_{1n}X_n + D_1 = X_1 \\ a_{21}X_1 + a_{22}X_2 + a_{23}X_3 + \cdots + a_{2n}X_n + D_2 = X_2 \\ (\ldots) \\ a_{n1}X_1 + a_{n2}X_2 + a_{n3}X_3 + \cdots + a_{nn}X_n + D_n = X_n \end{gathered}$$

Despexando a demanda final obtense:

$$\begin{gathered} (1 - a_{11})X_1 - a_{12}X_2 - a_{13}X_3 - \cdots - a_{1n}X_n = D_1 \\ -a_{21}X_1 + (1 - a_{22})X_2 - a_{23}X_3 - \cdots - a_{2n}X_n = D_2 \\ (\ldots) \\ -a_{n1}X_1 - a_{n2}X_2 - a_{n3}X_3 - \cdots + (1 - a_{nn})X_n = D_n \end{gathered}$$

En notación matricial é sistema anterior queda como segue:

$$(I - A)X = D$$

Sendo:

*I* a matriz identidade
*A* matriz dos coeficientes técnicos
*X* o vector columna das producións a prezos básicos
*D* o vector columna das demandas finais

Obtense entón, un sistema de *n* ecuacións. Desta forma, coñecendo as demandas finais para un determinado momento do tempo poderíase saber cal sería a produción necesaria en cada rama para satisfacela, podendo empregarse para examinar como cambiaría a produción en resposta a unha variación na demanda final. É dicir:

$$X = (I - A)^{-1}D$$

A matriz $(I - A)^{-1}$ é a denominada inversa de Leontief. Cada un dos seus elementos indica as necesidades tanto directas como indirectas da rama i-ésima para satisfacer o requirimento que lle fai a rama j-ésima. É dicir, canto aumenta a produción da rama i se se incrementa nunha unidade a demanda final da rama j.

Os modelos input-output son actualmente moi utilizados e as aplicacións que se realizaron son innumerables. Pódense destacar as seguintes:

- Medición do efecto sobre a produción ante variacións na demanda final (dun ou varios compoñentes correspondentes a un ou varios sectores).
- Efectos producidos por variacións nos prezos dos inputs primarios ou nos prezos de importación e a súa incidencia en prezos de produción e prezos de demanda final.
- Predición da demanda de consumos intermedios para unha demanda final dada.
- Efectos, sobre valor engadido e importacións, de variacións nos diferentes compoñentes da demanda.
- Descomposición do crecemento sectorial da produción nos seus diferentes compoñentes.
- Cálculo das elasticidades dos prezos de demanda final ante alzas de diferentes inputs.
- Análise da interdependencia sectorial.
- Avaliación de impacto de políticas económicas en termos tanto de produción como de emprego.
- Avaliación dos efectos na estrutura económica.
- Elaboración de matrices de contabilidade social.

### 3.4.2 Efectos multiplicadores

Nos modelos input-output o impacto económico mídese a través dos multiplicadores, que mostran o efecto dunha variación da demanda sobre as distintas ramas de actividade e sobre a economía en xeral. Non existe un único multiplicador que reflicta todos os aspectos dunha economía, senón que dependendo dos obxectivos do estudo que se estea realizando pódense empregar distintos tipos de multiplicadores.

A esencia dos multiplicadores reside na diferenza existente entre o efecto inicial do cambio na demanda final e os efectos totais dese cambio (Miller e Blair, 2009). Os efectos totais pódense definir como suma dos efectos directos e indirectos.

A partir da descomposición da matriz inversa de Leontief como sucesión de potencias, pódense diferenciar os distintos tipos de efectos derivados dun shock na demanda final:

$$(I - A)^{-1} = I + A + A^2 + A^3 + \cdots + A^{\infty}$$
$$(I - A)^{-1}D = ID + AD + (A^2 + A^3 + \cdots + A^{\infty})D$$

A matriz $(I - A)^{-1}$ recolle os efectos totais. Os efectos iniciais correspóndense co primeiro termo da sucesión, IDE, que é equivalente á variación da demanda final. Os efectos directos son aqueles que se obteñen ao principio da progresión dos coeficientes técnicos, AD, e son resultado de considerar a produción directamente necesaria para satisfacer a demanda final. Por último, os efectos indirectos son os obtidos a partir da suma ata o infinito dos valores da progresión que restan $(A^2 + A^3 + \cdots + A^{\infty})D$, e son os efectos que teñen lugar noutras ramas de actividade a través daquelas que se viron directamente afectadas.

Coas simulacións de shocks de demanda, ademais dos efectos sobre a produción sectorial, tamén se pode calcular o impacto sobre o emprego.

A partir da información sobre emprego que conteñen as TIO calcúlanse os multiplicadores directos de emprego. Para calcular o emprego total en cada sector (emprego dividido por produción), dado un vector de demanda, faise o seguinte:

$$E = \hat{l}(I - A)^{-1}y^d$$

onde $E$ é o vector de postos de traballos equivalentes a xornada completa e $\hat{l}$ é a matriz diagonal dos coeficientes directos de emprego.

### 3.4.3 A lingua nas táboas input-output: aspectos previos

Unha limitación evidente para este traballo é que non existe nas TIO de Asturias unha rama da lingua. Para poder facer o cálculo do que supón esa rama é necesario agregar o valor de todas as actividades relacionadas coa lingua. O primeiro problema para realizar isto é que moitas desas actividades atópanse parcialmente incluídas noutras ramas. Para poder illalas deberemos en primeiro lugar coñecer a composición das ramas das TIO de Asturias. As 66 ramas que a compoñen e as actividades incluídas nelas son as seguintes:

**Táboa 3.5. Correspondencias entra ramas das TIO de Asturias e a CNAE-2009**

| R66 | Descrición R66 | CNAE-2009 |
|---|---|---|
| 1 | Agricultura, gandaría e caza | 01 |
| 2 | Silvicultura e explotación forestal | 02 |
| 3 | Pesca e acuicultura | 03 |
| 4 | Extracción de antracita, hulla e lignito | 05 |
| 5 | Outras industrias extractivas | 06, 07, 08, 09 |
| 6 | Industrias cárnicas | 101 |
| 7 | Industrias lácteas | 105 |
| 8 | Outras industrias da alimentación | 102 a 104; 106 a 109 |
| 9 | Industrias de bebidas e tabaco | 11, 12 |
| 10 | Industria téxtil, confección, coiro e calzado | 13, 14, 15 |
| 11 | Industria da madeira e da cortiza | 16 |
| 12 | Industria do papel | 17 |
| 13 | Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 18 |
| 14 | Coquerías e refinamento de petróleo | 19 |
| 15 | Industria química | 20, 21 |
| 16 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 22 |
| 17 | Outros produtos minerais non metálicos | 23 |
| 18 | Metalurxia | 24 |
| 19 | Fabricación de produtos metálicos | 25 |
| 20 | Material eléctrico, electrónico e óptico | 26, 27 |
| 21 | Fabricación de maquinaria e equipo | 28 |
| 22 | Fabricación de vehículos de motor e remolques | 29 |
| 23 | Fabricación doutro material de transporte | 30 |
| 24 | Fabricación de mobles; outras manufactureiras | 31, 32 |
| 25 | Reparación e instalación de maquinaria e equipo | 33 |
| 26 | Enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 35 |
| 27 | Captación, depuración e distribución de auga | 36 |
| 28 | Saneamento e xestión de residuos | 37, 38, 39 |
| 29 | Construción | 41, 42, 43 |
| 30 | Venda e reparación de vehículos de motor | 45 |
| 31 | Comercio por xunto e intermediarios do comercio | 46 |
| 32 | Comercio a retallo | 47 |
| 33 | Transporte terrestre | 49 |
| 34 | Transporte marítimo | 50 |
| 35 | Transporte aéreo | 51 |

| | | |
|---|---|---|
| 36 | Almacenamento e actividades anexas ao transporte | 52 |
| 37 | Actividades postais e de correos | 53 |
| 38 | Hostalaría | 55, 56 |
| 39 | Edición, cinematográficas, radio e televisión | 58, 59, 60 |
| 40 | Telecomunicacións | 61 |
| 41 | Actividades informáticas e servizos de información | 62, 63 |
| 42 | Servizos financeiros | 64 |
| 43 | Seguros e plans de pensións | 65 |
| 44 | Auxiliares aos servizos financeiros e seguros | 66 |
| 45 | Actividades inmobiliarias | 68 |
| 46 | Actividades xurídicas e de contabilidade | 69 |
| 47 | Servizos de arquitectura e enxeñaría | 71 |
| 48 | Publicidade e estudos de mercado | 73 |
| 49 | Outras actividades profesionais | 70, 74, 75 |
| 50 | Investigación e desenvolvemento | 72 |
| 51 | Actividades de alugueiro | 77 |
| 52 | Actividades relacionadas co emprego | 78 |
| 53 | Axencias de viaxe | 79 |
| 54 | Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares | 80, 81, 82 |
| 55 | Administración pública | 84 |
| 56 | Educación de mercado | 85 |
| 57 | Educación de non mercado | 85 |
| 58 | Actividades sanitarias de mercado | 86 |
| 59 | Actividades sanitarias de non mercado | 86 |
| 60 | Asistencia social de mercado | 87, 88 |
| 61 | Asistencia social de non mercado | 87, 88 |
| 62 | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 90, 91, 92, 93 |
| 63 | Actividades asociativas | 94 |
| 64 | Reparación de computadores e outros artigos | 95 |
| 65 | Outros servizos persoais | 96 |
| 66 | Actividades dos fogares | 97, 98 |

Fonte: Marco Input-Output de Asturias 2015

Para determinar os compoñentes da rama de lingua e a súa proporción utilizaranse dous procedementos. Para aquelas actividades das que sexa posible determinar a proporción a partir de fontes secundarias procederase a realizar cálculos homologables aos realizados na análise sobre o peso do éuscaro e valenciano, pero sen atender aos coeficientes aplicados para a lingua coofícial. Para aquelas que non sexa posible illar a partir de fontes secundarias aplícaselle o coeficiente calculado para o español en Girón e Cañada (2009) nos seus resultados máis recentes ás actividades que se correspondan[2], asumindo que son constantes. Outras actividades de pequena magnitude, por non dispor de fontes, déixanse fóra da análise. Deste xeito, e nunha primeira aproximación, dáse conta das actividades da lingua no seu conxunto, sen atender a que lingua en concreto se lle atribúe un valor.

Procederase a continuación a describir como se forma o agregado das actividades relacionadas coa lingua en Asturias a partir desta adaptación da delimitación que se utilizou nos traballos sobre o español, o valenciano e o éuscaro.

Unha parte das actividades da industria da cultura e os medios de comunicación que se relacionan coa lingua pódese atopar agregadas no MIO de Asturias. Nesta operación contable recóllese como unha das ramas de produción a que está conformada polas actividades agrupadas baixo os epígrafes 58, 59 e 60 da CNAE 2009. É dicir, componse das actividades de edición, actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión e recóllense na rama 39 do MIO de Asturias. Dado que é a única rama produtiva que se corresponde integramente con

[2] Aplicando as correspondencias entre clasificacións CNAE-93 e CNAE-2009.

actividades que os traballos que serven de referencia a esta investigación consideran relacionadas coa lingua, procédese a considerala na súa totalidade.

Sen embargo, as actividades do comercio de artigos relacionados coa lingua atópanse agregadas na rama correspondente ao comercio polo miúdo. Serían os casos das librarías, o comercio polo miúdo de xornais e artigos de papelería e de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados (CNAE 4761-63). Na rama correspondente de MIO de Asturias inclúese a totalidade da CNAE 47 (Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas). As estimacións parten dos datos que ofrece a rama ao que se aplican os pesos relativos das actividades relacionadas coa lingua na desagregación de catro díxitos referidos ao conxunto de España obtidas da Estadística Estructural de Empresas: Sector Servicios para o ano 2016.

No caso das actividades de creación, artísticas e espectáculos, así como as actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, tampouco se presentan illadas no MIO de Asturias. A maior parte destas actividades estarían nalgún dos sectores que recollen as contas valencianas e do país vasco nas súas medicións. Novamente, a única fonte secundaria que permite aproximarse a unha proporción das actividades relacionadas coa lingua dentro do agregado que representa a rama é a Estadística Estrutural de Empresas: Sector Servicios. No MIO de Asturias atópanse agregadas na rama 62 "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento" á que se aplican novamente os pesos relativos das actividades en cuestión no conxunto de España.

En canto á comunicación e a publicidade e a tradución e interpretación, usando a mesma aproximación a partir do MIO, calcúlase en primeiro lugar o peso relativo da CNAE 7021 "Relacións públicas e comunicación" e das "Actividades tradución e interpretación" (CNAE 7430) na rama 49 "Outras actividades profesionais" e utilízase o mesmo procedemento para as axencias de publicidade (CNAE 7311) na rama 48 "Publicidade e estudos de mercado".

No caso da educación, que supón un dos sectores principais nas contas do español, do valenciano e do éuscaro, preséntase o problema de determinar que parte da educación é imputable á lingua. No caso dos traballos sobre as linguas cooficiais aplícase un coeficiente tomando dunha ou outra maneira como referencia para o cálculo dos datos económicos e de emprego o peso das materias impartidas nesas linguas. O peso enténdese como a proporción de uso dunha lingua como vehicular no ensino. Deste xeito, a partir de fontes secundarias, calcúlase o espazo que ocupa a lingua na docencia, entendida como número de clases ou fracción do tempo que esa lingua é vehicular no curso académico. No caso do español, a partir dun cálculo da relación de produtos e actividades, calcúlase uns coeficientes tanto para actividades de mercado como de non mercado. No caso que nos ocupa tomaremos como referencia este último porque non se pretende calcular o peso dunha lingua en concreto se non a parte da actividade que se considera relacionada coa lingua en xeral, que, como veremos, éo na súa maior parte. Tamén incluiremos, por simplificar e dado que non é necesario desagregalos das actividades educativas, actividades incluídas nos traballos de referencia sobre o valenciano e éuscaro en subsectores distintos, como son as academias de idiomas presentes nos sectores de actividade CNAE 8552 e 8559: "Educación cultural e outra educación". O mesmo aplica para as escolas oficiais de idiomas que tamén se atopan incluídas nas dúas ramas do MIO de Asturias que agregamos á conta (56 "Educación de mercado" e 57 "Educación de non mercado").

No ámbito das administracións públicas, os traballos antecitados consideran que parte do sector público á marxe da educación tamén ten actividades vinculadas á lingua. Considéranse incluídas aquí aquelas actividades relacionadas directamente coa promoción e difusión da lingua, que se consideran na súa totalidade, e unha parte das actividades que identifican aqueles sectores indirectamente relacionados coa lingua dependente das áreas de cultura,

principalmente. Neste caso tamén tomaremos como referencia o traballo da contabilidade do español e o coeficiente que aplican para estimar a proporción da rama 55 "Administración pública" do MIO de Asturias que outorgamos á nova rama de lingua.

Nos traballos sobre o éuscaro e o valenciano tamén se computan as actividades da economía social, principalmente asociacións e fundacións, que teñen como misión explícita a promoción da lingua. Outra vez, e dado que non é posible obter agregados de ningunha fonte, procédese tamén a calcular a proporción da rama 63 "Actividades asociativas" do MIO de Asturias a partir do coeficiente aplicado á rama 70 "Actividades asociativas de non mercado das institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares" no traballo sobre a lingua española que se ven utilizando de referencia ao longo de todo o capítulo.

Quedan fóra da análise outras actividades incluídas nos traballos que serven de marco como a actividade normativa, ou as tecnoloxías da linguaxe, por carecer de fontes estatísticas que permitan o seu cálculo.

O resultado de todo o anterior é unha táboa onde se mostran as equivalencias entre o código CNAE e as ramas do MIO de Asturias e o coeficiente do VAB que se aplica.

**Táboa 3.6. Coeficientes aplicados ás actividades relacionadas coa lingua e as súas correspondencias coas clasificacións CNAE 2009 e R66**

| Nome | CNAE | R66 | C. VAB |
|---|---|---|---|
| Tradución e interpretación | 7430 | 49 Outras actividades profesionais | 0,0300 |
| Actividades de edición, cinematográficas, de radio e televisión | 58, 59, 60 | 39 Edición, cinematográficas, radio e televisión | 1,0000 |
| Comercio polo miúdo de artigos culturais | 4761-63 | 32 Comercio polo miúdo | 0,0125 |
| Actividades de creación, artísticas e espectáculos e outras actividades culturais | 90, 91 | 62 Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 0,1507 |
| Relacións públicas e comunicación | 7021 | 49 Outras actividades profesionais | 0,0187 |
| Axencias de publicidade | 7311 | 48 Publicidade e estudos de mercado | 0,6191 |
| Educación de mercado | 85 | 56 Educación de mercado | 0,8640 |
| Educación de non mercado | 85 | 57 Educación de non mercado | 0,8960 |
| Administración pública | 84 | 55 Administración pública | 0,0180 |
| Actividades asociativas | 94 | 63 Actividades asociativas | 0,0530 |

Fonte: Elaboración propia

A partir destes coeficientes, elaboramos unha TIO nova, na que agregamos os valores proporcionais destas ramas correspondentes á lingua a unha rama nova, que denominaremos precisamente "rama de lingua". A parte das ramas que non compoñen a lingua, é dicir, os restos descontados a produción atribuíble á lingua, pero que non son parte dela permanecen na táboa final. As principais magnitudes da rama de lingua e a súa composición serían as seguintes:

**Táboa 3.7. Principais magnitudes e composición da rama de lingua de Asturias (miles de euros e postos de traballo)**

| Nome | VAB a prezos básicos | Produción a prezos básicos | Postos de traballo |
|---|---|---|---|
| Comercio polo miúdo de artigos culturais | 13.557 | 21.537 | 520 |
| Actividades de edición, cinematográficas, de radio e televisión | 64.418 | 119.603 | 1.424 |
| Axencias de publicidade | 38.995 | 67.314 | 1.157 |
| Relacións públicas, comunicación e tradución e interpretación | 6.357 | 10.955 | 202 |
| Administración pública | 16.077 | 26.318 | 435 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Educación de mercado | 152.873 | 186.604 | 4.467 |
| Educación de non mercado | 641.464 | 725.129 | 17.701 |
| Actividades de creación, artísticas e espectáculos e outras actividades culturais | 42.631 | 70.864 | 819 |
| Actividades asociativas | 3.439 | 5.394 | 130 |
| Total lingua | 979.811 | 1.233.718 | 26.856 |

Fonte: Elaboración propia

En termos proporcionais, a rama da lingua en Asturias supón o 3,2% da produción interior total a prezos básicos, o 5% do valor engadido bruto e o 7,3% do emprego. A proporción do emprego e do VAB sobre a produción indican que se trata dunha rama da economía con valor engadido alto e intensiva en emprego. A razón non é outra que se trata dunha actividade económica onde os consumos intermedios son relativamente escasos e que ten unha produción moi baseada nos recursos humanos.

A distribución interior da rama mostra, como xa se indicou, o gran peso da educación, tanto en termos de produción como de emprego. A continuación, atópanse as ramas da cultura, especialmente a edición e as actividades cinematográficas de radio e televisión seguidas das actividades de publicidade.

A efectos comparativos, estas proporcións serían similares á rama da enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, que en Asturias supón o 5,5% do VAB, ou a construción, que concentra o 6,2% do emprego.

### 3.5 IMPACTO ECONÓMICO DA OFICIALIDADE DO ASTURIANO E DO GALEGO-ASTURIANO

É presumible que un proceso de oficialidade das linguas de Asturias supoña un incremento da demanda da rama de lingua polas seguintes razóns. Por unha banda, o novo status legal das linguas de Asturias suporá unha serie de dereitos para os cidadáns e unhas obrigacións para a Administración e outros actores da sociedade. Por exemplo, editaranse máis textos, traduciranse outros, disporase de información en distintos soportes nas novas linguas oficiais. Tamén haberá que rotular e sinalar lugares e espazos. Aumentarán as actividades de formación nesas linguas que antes ou despois aumentarán o seu espazo no sistema educativo. As actividades de tradución terán que ofrecer servizos para as novas necesidades. Tamén é presumible que algunhas actividades culturais relacionadas coa lingua teñan unha presenza maior na vida pública. Serán necesarios libros de texto (ou produtos dixitais) adecuados para o ensino das linguas. Nos medios de comunicación, polo menos públicos, aumentarán dun modo ou outro a oferta. As entidades sen ánimo de lucro tamén se adaptarán a esta nova realidade e é previsible que aumente a actividade daquelas dedicadas á promoción e regulación das linguas propias de Asturias. A comunicación, as relacións públicas e a publicidade tamén atenderán unhas necesidades e demandas novas que xorden do novo status legal. Por último, as actividades de comercio e intermediación de todos os novos produtos tamén verán incrementada proporcionalmente a súa actividade.

Así é previsible que aumente a demanda de produtos editoriais, audiovisuais e de comunicación en xeral e os servizos educativos e de profesionais relacionados coa lingua. En definitiva, desenvolverase unha industria da lingua, un sector cultural e unha oferta educativa, así como actividades de regulación e promoción como as que foron xurdindo nas comunidades autónomas de España con linguas con status de cooficialidade.

Todo este aumento da demanda, indubidablemente suporá un aumento do gasto público, pero tamén do resto dos actores sociais. A administración proporcionará novos servizos que suporán, por exemplo, a contratación de profesores de lingua, a subvención de produtos culturais ou a adquisición de fondos bibliográficos. As familias terán que satisfacer algunhas novas necesidades, como a compra dun libro de texto ou a asistencia a algún espectáculo.

Nalgúns casos as empresas tamén necesitarán produtos nas novas linguas e nalgúns casos farán publicidade e traducirán e editarán parte da súa comunicación interna para adoptala ao novo marco normativo.

Todo este aumento da demanda de produtos relacionados coa lingua suporá un aumento da produción. Para poder estimala, realizaremos simulacións a partir dun shock de demanda.

Para estimar un aumento de demanda razoable e que non resulte arbitrario, procederase a observar unha serie de magnitudes de gasto público e privado para posteriormente agregalas.

Unha parte importante do shock de demanda procederá do gasto público. Isto é debido a que gran parte das ramas que compoñen a rama de lingua nútrense do mesmo e tamén porque é precisamente o sector público o que ten capacidade de realizar a intervención económica que suporía un eventual cambio no status legal das linguas. Dous serían as partidas de gasto principais onde se verían os incrementos máis sensibles. Por unha banda, no gasto público en educación, dado que unha das principais ramas de orixe da rama de lingua é precisamente as actividades educativas de non mercado. Doutra banda, o gasto público en cultura, xa que moitos dos produtos e servizos que ofrecen o resto de ramas de orixe da rama de lingua é de tipo cultural.

Para poder establecer comparacións e facilitar os cálculos macroeconómicos que trasladaremos posteriormente ás táboas do MIO de Asturias, ofreceremos as magnitudes como unha proporción do PIB. Utilizaremos indicadores das comunidades autónomas das que dispoñemos de datos sobre o impacto económico das linguas cooficiais. Os resultados son os que seguen:

**Táboa 3.8. Gasto en educación e cultura como porcentaxe do PIB (2017)**

| | Educación | Cultura |
|---|---|---|
| Media CC.AA | 3,56% | 0,09% |
| Asturias (Principado de) | 3,64% | 0,10% |
| País Vasco | 3,93% | 0,16% |
| Comunidade Valenciana | 4,25% | 0,09% |

Fonte: Elaboración propia a partir de Estadística de Gasto Público en Educación; Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura; Contabilidad Regional de España.

Como se pode observar na Táboa 3.8, o Principado de Asturias presenta un gasto público en relación ao PIB rexional superior á media das comunidades autónomas de España tanto nas partidas de educación como de cultura. Porén, na táboa pódese observar que Asturias ten unha diferenza de gasto inferior ás 3 décimas de PIB con respecto do País Vasco e de case 6 décimas con respecto da Comunidade Valenciana. No caso do gasto público en cultura, Asturias supera á Comunidade Valencia nunha centésima e é superada polo País Vasco en 6 centésimas en proporción co PIB rexional de cada comunidade.

Por outra banda, tamén se indicou que o aumento da demanda non suporía unicamente gasto público, se non que tamén incidiría en maior ou menor medida tamén no gasto das familias. Aínda que podería haber outras partidas de gasto (como o gasto en educación de non mercado, por exemplo, para quen necesitase algún tipo de curso específico non ofertado pola administración), consideraremos unicamente a partida de gasto en bens e servizos culturais das familias, do que xa vimos a composición máis arriba (Táboa 3.4). Os resultados son os seguintes (Táboa 3.9):

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 3.9. Gasto en bens e servizos culturais por comunidade autónoma (2018)**

| Gasto medio por persoa (Euros) | |
|---|---|
| Media CC.AA | 274,6 |
| Asturias (Principado de) | 273,0 |

| | |
|---|---|
| Comunidade Valenciana | 312,7 |
| País Vasco | 273,1 |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Como se pode ver, o gasto medio por persoa en cultura dos asturianos está un pouco por baixo da media nacional (-1,6€) e tamén por baixo das comunidades das que dispoñemos de datos do peso da súa lingua cooficial na economía rexional (-0,1€ para o País Vasco e -39,7€ no caso da Comunidade Valenciana). Para calcular o shock de demanda dalgunhas das simulacións utilízase a magnitude do gasto total (como resultado de multiplicar o teórico incremento medio polo total da súa poboación no ano de referencia) e calcúlase o incremento sobre a produción.

Para non establecer ningún tipo de paralelismo coas comunidades autónomas que serven de referencia, non se agregan as cantidades correspondentes a cada unha, senón as máis baixas ou as máis altas segundo o efecto que se queira producir na simulación. Isto faise por dúas razóns. En primeiro lugar, porque os datos se usan simplemente polo feito de ser as comunidades autónomas de España que contabilizaron o valor das súas linguas cooficiais cun marco de referencia que serve para realizar as simulacións. En segundo lugar, a distribución do seu gasto público e privado obedece a variables que non se pretenden estudar nin comparar. En cambio, o resultado das magnitudes que se obteñen, obedecen a uns incrementos posibles e queremos crer que realistas nunhas economías diferentes, pero que á vez comparten moitos elementos coa economía asturiana, como pertencer ao mesmo estado, ter un marco legal semellante e un mercado interior moi relacionado. A efectos comparativos e por utilizar algúns indicadores sintéticos, o PIB por habitante[3] de Asturias é un pouco superior ao da Comunidade Valenciana (22.789€ vs. 22.426€ en 2018), pero inferior ao do País Vasco (33.223€), no caso de renda dispoñible bruta dos fogares per cápita[4] (2017), Asturias con 15.542€ sitúase no medio destas dúas comunidades (13.605€ Comunidade Valenciana e 19.604€ País Vasco). En canto ao gasto público da administración autonómica per cápita[5] en 2018, Asturias con 4.132€ sitúase novamente entre os 4.070€ da Comunidade Valenciana e os 5.297€ do País Vasco.

Dito isto, e a partir dos datos de gasto público en educación e en cultura e o gasto das familias en servizos e bens culturais, realízanse dúas simulacións co MIO de Asturias no que se calculou o valor da rama de lingua. En concreto, calcúlase o impacto directo e indirecto sobre produción, VAB e emprego.

Para a primeira simulación agréganse as cantidades máis baixas da comparación, independentemente da comunidade da que proveñan. Ese escenario será o de menor impacto do aumento da demanda. Neste caso a demanda sobe moderadamente, nas proporcións máis baixas das magnitudes manexadas. Este escenario é o que chamaremos de "impacto moderado". Neste caso, o esforzo das administracións é relativamente pequeno e o gasto das familias a penas aumenta.

Na segunda simulación, agréganse as cantidades máis altas da comparación tamén independentemente da orixe que teñan. Chamarase este escenario de "impacto óptimo". Neste escenario, a administración fai un incremento importante do gasto en educación e do gasto en cultura e as familias aumentan sensiblemente o gasto en cultura.

Na Táboa 3.10 detállanse os incrementos presentados como unha porcentaxe do VAB das magnitudes de gasto público. As magnitudes en euros aplicadas despois no shock de demanda proceden de calcular o incremento sobre o VAB a prezos básicos:

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[3] Contabilidade Rexional de España, Instituto Nacional de Estatística
[4] *Ibid.
[5] Orzamentos das Comunidades Autónomas. Ministerio de Facenda. Datos consolidados

**Táboa 3.10. Incremento sobre o VAB a prezos básicos do gasto público en educación e en cultura usado nas simulacións**

| | Real | Impacto moderado | Impacto intenso |
|---|---|---|---|
| Gasto en educación | 3,64% | 3,93% | 4,25% |
| Gasto en cultura | 0,10% | 0,09% | 0,16% |
| Incremento sobre o VAB a prezos básicos | | 0,28% | 0,67% |

Fonte: elaboración propia

Na Táboa 3.11 detállanse os incrementos en miles de euros do gasto das familias. A magnitude procede de multiplicar o gasto medio por persoa da táboa 3.9 pola poboación de Asturias a 1 de xaneiro de 2018.

**Táboa 3.11. Incremento do gasto das familias (miles de euros) usado nas simulacións**

| | Impacto moderado | Impacto intenso |
|---|---|---|
| Incremento sobre a produción | 102,82 | 40.821,29 |

Fonte: elaboración propia

A partir destes datos, os resultados obtidos nas simulacións son os seguintes:

**Táboa 3.12. Resultados das simulacións**

| | | Escenario | |
|---|---|---|---|
| | Efecto | Moderado | Intenso |
| Produción (miles de euros) | Directo | 55.045,3 | 172.746,2 |
| | Indirecto | 9.532,5 | 29.915,5 |
| | Total | 64.577,8 | 202.661,7 |
| Emprego (postos de traballo a tempo completo) | Directo | 1.198 | 3.760 |
| | Indirecto | 113 | 354 |
| | Total | 1.311 | 4.115 |

Fonte: Elaboración propia

Na primeira simulación, o shock de demanda introducido produce un efecto directo de 55 millóns de euros e un efecto indirecto de 9,5 millóns de euros, o que supón un efecto total de 64,6 millóns de euros. No emprego, o efecto directo é de 1.198 postos de traballo, o indirecto, 113 e o total 1.311.

Na segunda simulación, a que chamamos intensa, o efecto directo é de 172,7 millóns de euros, o indirecto de 29,9 millóns de euros. O emprego que xera é de 3.760 postos de traballo directos e 354 indirectos.

O efecto indirecto no escenario moderado repártese da seguinte maneira (Táboa 3.14):

**Táboa 3.14. Efecto indirecto nas diferentes ramas da TIO**

| R66 | Actividade | Demanda Final | Produción total | Simulación | diferenza |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Agricultura, gandaría e caza | 178.707 | 415.677 | 415.687,7 | 10,7 |
| 2 | Silvicultura e explotación forestal | 32.442 | 54.284 | 54.289,9 | 5,9 |
| 3 | Pesca e acuicultura | 70.213 | 90.630 | 90.632,7 | 2,7 |
| 4 | Extracción de antracita, hulla e lignito | 36.026 | 260.065 | 260.156,9 | 91,9 |
| 5 | Outras industrias extractivas | 107.676 | 158.128 | 158.137,5 | 9,5 |
| 6 | Industrias cárnicas | 130.707 | 163.328 | 163.343,8 | 15,8 |
| 7 | Industrias lácteas | 993.846 | 1.024.972 | 1.024.981,8 | 9,8 |
| 8 | Outras industrias da alimentación | 630.033 | 765.008 | 765.019,5 | 11,5 |
| 9 | Industrias de bebidas e tabaco | 55.757 | 143.001 | 143.008,8 | 7,8 |
| 10 | Industria téxtil, confección, coiro e calzado | 63.070 | 69.319 | 69.326,1 | 7,1 |
| 11 | Industria da madeira e da cortiza | 77.527 | 129.144 | 129.156,9 | 12,9 |
| 12 | Industria do papel | 288.057 | 314.607 | 314.698,1 | 91,1 |
| 13 | Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 14.338 | 66.362 | 66.811,1 | 449,1 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 14 | Coquerías e refino de petróleo | 112.157 | 484.389 | 484.396,0 | 7,0 |
| 15 | Industria química | 476.435 | 569.773 | 569.787,5 | 14,5 |
| 16 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 106.357 | 133.513 | 133.517,4 | 4,4 |
| 17 | Outros produtos minerais non metálicos | 327.935 | 568.826 | 568.877,0 | 51,0 |
| 18 | Metalurxia | 3.074.469 | 3.519.975 | 3.520.013,6 | 38,6 |
| 19 | Fabricación de produtos metálicos | 903.037 | 1.226.782 | 1.226.832,4 | 50,4 |
| 20 | Material eléctrico, electrónico e óptico | 382.861 | 447.370 | 447.413,0 | 43,0 |
| 21 | Fabricación de maquinaria e equipo | 443.856 | 523.273 | 523.328,3 | 55,3 |
| 22 | Fabricación de vehículos de motor e remolques | 89.799 | 93.116 | 93.118,5 | 2,5 |
| 23 | Fabricación doutro material de transporte | 258.297 | 288.177 | 288.177,4 | 0,4 |
| 24 | Fabricación de mobles; outras manufactureiras | 60.822 | 78.043 | 78.063,8 | 20,8 |
| 25 | Reparación e instalación de maquinaria e equipo | 68.463 | 303.641 | 303.762,3 | 121,3 |
| 26 | Enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 986.678 | 1.945.717 | 1.946.527,8 | 810,8 |
| 27 | Captación, depuración e distribución de auga | 38.391 | 126.163 | 126.299,3 | 136,3 |
| 28 | Saneamento e xestión de residuos | 95.532 | 165.976 | 166.047,6 | 71,6 |
| 29 | Construción | 1.518.602 | 2.894.416 | 2.895.442,8 | 1026,8 |
| 30 | Venda e reparación de vehículos de motor | 360.130 | 533.737 | 533.906,1 | 169,1 |
| 31 | Comercio por xunto e intermediarios do comercio | 942.357 | 1.338.364 | 1.338.573,1 | 209,1 |
| 32B | Comercio a retallo | 1.242.346 | 1.706.308 | 1.706.589,9 | 282,1 |
| 33 | Transporte terrestre | 490.020 | 1.007.509 | 1.007.708,9 | 199,9 |
| 34 | Transporte marítimo | 14.752 | 16.683 | 16.683,0 | 0,0 |
| 35 | Transporte aéreo | 0 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| 36 | Almacenamento e actividades anexas ao transporte | 294.334 | 477.606 | 477.717,9 | 111,9 |
| 37 | Actividades postais e de correos | 40.914 | 69.601 | 69.633,6 | 32,6 |
| 38 | Hostalaría | 2.369.914 | 2.478.235 | 2.478.443,1 | 208,1 |
| 40 | Telecomunicacións | 274.755 | 454.140 | 454.358,0 | 218,0 |
| 41 | Actividades informáticas e servizos de información | 167.841 | 275.955 | 276.168,3 | 213,3 |
| 42 | Servizos financeiros | 167.410 | 707.486 | 708.202,7 | 716,7 |
| 43 | Seguros e plans de pensións | 181.866 | 336.674 | 336.795,0 | 121,0 |
| 44 | Auxiliares aos servizos financeiros e seguros | 129.946 | 247.849 | 247.926,2 | 77,2 |
| 45 | Actividades inmobiliarias | 2.487.512 | 3.117.523 | 3.118.372,4 | 849,4 |
| 46 | Actividades xurídicas e de contabilidade | 111.682 | 426.826 | 427.297,2 | 471,2 |
| 47 | Servizos de arquitectura e enxeñaría | 190.003 | 305.735 | 305.848,4 | 113,4 |
| 48B | Publicidade e estudos de mercado | 77 | 41.415 | 41.553,1 | 138,2 |
| 49B | Outras actividades profesionais | 54.225 | 213.971 | 214.327,5 | 356,1 |
| 50 | Investigación e desenvolvemento | 331.021 | 339.234 | 339.234,0 | 0,0 |
| 51 | Actividades de alugueiro | 27.391 | 222.431 | 222.710,9 | 279,9 |
| 52 | Actividades relacionadas co emprego | 0 | 93.016 | 93.100,4 | 84,4 |
| 53 | Axencias de viaxe | 34.321 | 46.158 | 46.177,2 | 19,2 |
| 54 | Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares | 66.997 | 597.647 | 598.625,1 | 978,1 |
| 55B | Administración pública | 1.395.475 | 1.435.782 | 1.435.813,5 | 31,3 |
| 56B | Educación de mercado | 27.728 | 29.373 | 29.378,2 | 5,3 |
| 57B | Educación de non mercado | 84.167 | 84.167 | 84.166,8 | 0,0 |
| 58 | Actividades sanitarias de mercado | 288.498 | 460.978 | 461.021,5 | 43,5 |
| 59 | Actividades sanitarias de non mercado | 1.356.950 | 1.356.950 | 1.356.950,0 | 0,0 |
| 60 | Asistencia social de mercado | 200.184 | 294.142 | 294.171,0 | 29,0 |
| 61 | Asistencia social de non mercado | 237.476 | 237.476 | 237.476,0 | 0,0 |
| 62B | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 356.983 | 399.291 | 399.540,4 | 249,4 |
| 63B | Actividades asociativas | 74.770 | 96.384 | 96.459,2 | 75,4 |
| 64 | Reparación de computadores e outros artigos | 32.445 | 67.152 | 67.211,1 | 59,1 |
| 65 | Outros servizos persoais | 278.909 | 296.167 | 296.176,8 | 9,8 |
| 66 | Actividades dos fogares | 129.618 | 129.618 | 129.618,0 | 0,0 |

Fonte: Elaboración propia

En termos absolutos, as ramas que ven incrementada a súa produción en maior medida son, por esta orde, a Construción, a Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares, as Actividades inmobiliarias, a Enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, os Servizos financeiros e as Actividades xurídicas e de contabilidade.

En termos relativos, é dicir, a medida do efecto indirecto en proporción da súa produción total é maior en Artes gráficas e reprodución de soportes gravados, no que resta da rama de Publicidade e estudos de mercado e nas doutras actividades profesionais que non son parte da lingua, novamente a Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares e as Actividades de alugueiro.

O efecto indirecto sobre o emprego no escenario moderado repártese da seguinte maneira (Táboa 3.15):

**Táboa 3.15. Efecto indirecto sobre o emprego nas diferentes ramas da TIO**

| R66 | Actividade | Emprego | Simulación | Diferenza |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Agricultura, gandaría e caza | 11.878 | 11.878 | 0,3 |
| 2 | Silvicultura e explotación forestal | 971 | 971 | 0,1 |
| 3 | Pesca e acuicultura | 1.646 | 1.646 | 0,0 |
| 4 | Extracción de antracita, hulla e lignito | 2.427 | 2.428 | 0,9 |
| 5 | Outras industrias extractivas | 840 | 840 | 0,1 |
| 6 | Industrias cárnicas | 921 | 921 | 0,1 |
| 7 | Industrias lácteas | 1.984 | 1.984 | 0,0 |
| 8 | Outras industrias da alimentación | 4.157 | 4.157 | 0,1 |
| 9 | Industrias de bebidas e tabaco | 792 | 792 | 0,0 |
| 10 | Industria téxtil, confección, coiro e calzado | 873 | 873 | 0,1 |
| 11 | Industria da madeira e da cortiza | 1.026 | 1.026 | 0,1 |
| 12 | Industria do papel | 706 | 706 | 0,2 |
| 13 | Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 915 | 921 | 6,2 |
| 14 | Coquerías e refino de petróleo | 553 | 553 | 0,0 |
| 15 | Industria química | 1.905 | 1.905 | 0,0 |
| 16 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 889 | 889 | 0,0 |
| 17 | Outros produtos minerais non metálicos | 2.623 | 2.623 | 0,2 |
| 18 | Metalurxia | 9.325 | 9.325 | 0,1 |
| 19 | Fabricación de produtos metálicos | 9.148 | 9.148 | 0,4 |
| 20 | Material eléctrico, electrónico e óptico | 1.753 | 1.753 | 0,2 |
| 21 | Fabricación de maquinaria e equipo | 3.081 | 3.081 | 0,3 |
| 22 | Fabricación de vehículos de motor e remolques | 530 | 530 | 0,0 |
| 23 | Fabricación doutro material de transporte | 958 | 958 | 0,0 |
| 24 | Fabricación de mobles; outras manufactureiras | 1.104 | 1.104 | 0,3 |
| 25 | Reparación e instalación de maquinaria e equipo | 2.333 | 2.334 | 0,9 |
| 26 | Enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 1.666 | 1.667 | 0,7 |
| 27 | Captación, depuración e distribución de auga | 787 | 788 | 0,9 |
| 28 | Saneamento e xestión de residuos | 1.077 | 1.077 | 0,5 |
| 29 | Construción | 22.579 | 22.587 | 8,0 |
| 30 | Venda e reparación de vehículos de motor | 6.533 | 6.535 | 2,1 |
| 31 | Comercio por xunto e intermediarios do comercio | 14.349 | 14.351 | 2,2 |
| 32B | Comercio a retallo | 41.233 | 41.239 | 6,8 |
| 33 | Transporte terrestre | 11.658 | 11.660 | 2,3 |
| 34 | Transporte marítimo | 0 | 0 | 0,0 |
| 35 | Transporte aéreo | 0 | 0 | 0,0 |
| 36 | Almacenamento e actividades anexas ao transporte | 2.829 | 2.830 | 0,7 |
| 37 | Actividades postais e de correos | 1.692 | 1.693 | 0,8 |
| 38 | Hostalaría | 31.005 | 31.008 | 2,6 |
| 40 | Telecomunicacións | 1.010 | 1.010 | 0,5 |
| 41 | Actividades informáticas e servizos de información | 4.540 | 4.544 | 3,5 |
| 42 | Servizos financeiros | 4.180 | 4.184 | 4,2 |
| 43 | Seguros e plans de pensións | 830 | 830 | 0,3 |
| 44 | Auxiliares aos servizos financeiros e seguros | 1.828 | 1.829 | 0,6 |
| 45 | Actividades inmobiliarias | 1.578 | 1.578 | 0,4 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 46 | Actividades xurídicas e de contabilidade | 5.081 | 5.087 | 5,6 |
| 47 | Servizos de arquitectura e enxeñaría | 3.300 | 3.301 | 1,2 |
| 48B | Publicidade e estudos de mercado | 712 | 714 | 2,4 |
| 49B | Outras actividades profesionais | 3.953 | 3.959 | 6,6 |
| 50 | Investigación e desenvolvemento | 1.824 | 1.824 | 0,0 |
| 51 | Actividades de alugueiro | 1.596 | 1.598 | 2,0 |
| 52 | Actividades relacionadas co emprego | 3.099 | 3.102 | 2,8 |
| 53 | Axencias de viaxe | 647 | 647 | 0,3 |
| 54 | Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares | 21.991 | 22.027 | 36,0 |
| 55B | Administración pública | 23.729 | 23.730 | 0,5 |
| 56B | Educación de mercado | 703 | 703 | 0,1 |
| 57B | Educación de non mercado | 2.055 | 2.055 | 0,0 |
| 58 | Actividades sanitarias de mercado | 6.052 | 6.053 | 0,6 |
| 59 | Actividades sanitarias de non mercado | 15.631 | 15.631 | 0,0 |
| 60 | Asistencia social de mercado | 6.070 | 6.071 | 0,6 |
| 61 | Asistencia social de non mercado | 3.498 | 3.498 | 0,0 |
| 62B | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 4.612 | 4.615 | 2,9 |
| 63B | Actividades asociativas | 2.327 | 2.329 | 1,8 |
| 64 | Reparación de computadores e outros artigos | 1.665 | 1.666 | 1,5 |
| 65 | Outros servizos persoais | 7.354 | 7.354 | 0,2 |
| 66 | Actividades dos fogares | 9.592 | 9.592 | 0,0 |

Fonte: Elaboración propia

En termos absolutos, as actividades que xeran máis emprego a partir do aumento da demanda na rama de lingua son, por esta orde, as actividades de Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares, Construción, o resto que non pertence á lingua do Comercio polo miúdo e Outras actividades profesionais, as Artes gráficas e reprodución de soportes gravados e as Actividades xurídicas e de contabilidade.

De modo similar a como ocorre co efecto sobre a produción, proporcionalmente tamén se distribúe de maneira diferente o emprego, resultando máis beneficiadas as actividades de Artes gráficas e reprodución de soportes gravados, Publicidade e estudos de mercado, Outras actividades profesionais, Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares, as Actividades de alugueiro e por último as Actividades xurídicas e de contabilidade.

### 3.6 CONCLUSIÓNS

A economía da lingua estuda como as variables económicas inflúen na lingua e, o que é de máis interese para este traballo, como as variables lingüísticas inflúen na economía. Unha das áreas de aplicación é a medición do impacto económico das políticas lingüísticas, a avaliación dos seus custos e beneficios, así como axudar na toma de decisións.

As linguas teñen un mercado e unha industria, porque hai unha serie de actividades económicas nas que o idioma é parte esencial do produto principal. Son exemplos disto a industria do libro e en xeral as empresas culturais nas que o idioma é vehículo, medio ou resultado esencial da produción. Igualmente ocorre cos medios de comunicación, as actividades de tradución e interpretación, as actividades educativas onde a lingua é parte da formación, etc..

En España mediuse o peso deste tipo de actividades na economía e suman un 10% do PIB. Outras linguas do Estado tamén mediron o seu peso nas economías das CC. AA onde son cooficiais. Así, o éuscaro achega o 4,2% do PIB rexional e o 6,3% do emprego do País Vasco e o valenciano o 2,1% do PIB e o 2,9% da ocupación da Comunidade Valenciana.

En Asturias tamén existe unha dimensión económica das linguas minoritarias que se falan no Principado que, aínda que é difícil de cuantificar, pódese estimar a partir de datos sociolingüísticos. Así, sabemos que unha parte importante da poboación consome produtos culturais ou recibiu educación formal nesas linguas.

Coas fontes estatísticas dispoñibles non é posible a obtención de datos sobre o peso de cada unha das linguas do Principado na economía, pero é posible calcular a dimensión do conxunto, é dicir, de todas as linguas á vez. Esta aproximación permitirá calcular posteriormente en que grao se potenciaría o sector da lingua cun cambio no status legal do asturiano e do galego-asturiano.

Os cálculos fixéronse adaptando a metodoloxía dos estudos que mediron o peso do español, do éuscaro e do valenciano nas súas respectivas economías a partir do Marco Input-Output de Asturias, que elabora periodicamente a Sociedade Asturiana de Estudos Económicos e Industriais. Os resultados indican que as actividades económicas relacionadas coa lingua en Asturias supoñen o 5% do valor engadido bruto e o 7,3% do emprego. Trátase dunha rama da economía con valor engadido alto e intensiva en emprego. Na distribución interior obsérvase un peso importante da educación, tanto en termos de produción como en emprego. A continuación, atópanse as actividades da cultura, especialmente a edición e as actividades cinematográficas de radio e televisión seguidas das actividades de publicidade. En termos comparativos, o peso económico é similar á produción de enerxía ou á construción.

Para calcular o impacto dunha eventual cooficialidade do asturiano e do galego-asturiano naquela comunidade realízanse dúas simulacións a partir de indicadores comparados doutras CC.AA (sen atribuílos a unha en concreto). Nos dous casos, asúmese que unha parte importante do shock de demanda procede do gasto público, sobre todo do gasto público en educación e en cultura.

Na primeira simulación, que chamamos "moderada", o esforzo da administración é comparado con outras CC.AA con lingua cooficial relativamente pequeno e o das familias, escaso. O efecto directo é de 55 millóns de euros e o indirecto de 9,5 millóns de euros. No emprego, o efecto directo é de 1.198 postos de traballo e o indirecto, 113.

Na segunda, denominada "intensa", a administración fai un incremento importante do gasto en educación e cultura e as familias aumentan sensiblemente o consumo. Neste caso, o efecto directo é de 172,7 millóns de euros, o indirecto de 29,9 millóns de euros e o emprego que xera é de 3.760 postos de traballo directos e 354 indirectos.

En xeral, as actividades máis beneficiadas do impacto indirecto son a Construción, a Seguridade, servizos a edificios e outros servizos auxiliares e as Actividades inmobiliarias. En termos relativos, o impacto é maior en Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# 4. INFLUENCIA DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NOS SALARIOS EN GALICIA

## 4.1 INTRODUCIÓN

Os estudos sobre a influencia da competencia lingüística nos salarios ten especial importancia na economía da lingua (Gazzola, Grin e Wickström, 2016). Trátase dunha área de gran relevancia polo gran número de contribucións académicas xeradas. Céntrase no estudo do efecto de variables lingüísticas como a lingua materna, "L1", e habilidades dunha persoa noutros idiomas ("L2", "L3", etc.). As achegas desta área de estudo non se centran estritamente na determinación dos salarios, senón tamén cuestións como o uso da lingua e as implicacións indirectas no mercado de traballo dalgunhas medidas de política lingüística.

Segundo Grin (2003) a adhesión a unha comunidade lingüística pode ser unha vantaxe ou unha desvantaxe no mercado laboral. Esta é a situación en que a L1 dunha persoa resulta determinante da renda laboral, e onde a desvantaxe (ou privilexio) reflíctese, en salarios máis baixos (ou superiores). Se os niveis educativos ou outras variables determinantes dos ingresos correlacionan con variables lingüísticas, os falantes desa lingua tenderán a gañar máis ou menos que os falantes doutra lingua. A cuestión é se a lingua en si, permanecendo o resto de variables constantes, produce diferencias salariais. Este mesmo autor resume os principais modelos teóricos que tratan de dar conta do fenómeno. Existe un primeiro enfoque relacionado coa discriminación. Neste tipo de enfoque, os falantes da lingua dominante exercen unha discriminación sobre outro grupo que se reflicte nos salarios. Outro enfoque baséase na existencia de diferentes redes de acceso ao mercado laboral onde os falantes dunha lingua tenden a contratar aos falantes da mesma lingua. Por último, no caso da competencia en segunda linguas suponse que os empregados bilingües son máis produtivos, supoñendo o resto de variables constantes, que os monolingües, basicamente porque poderán facer máis tarefas.

A partir destes enfoques, o mesmo autor propón unha tipoloxía de estudos sobre a relación da lingua cos salarios. O primeiro tipo dá conta da medición da discriminación por razón de lingua e describe diferenzas nos ingresos entre persoas pertencentes a diferentes comunidades lingüísticas. O segundo tipo de estudos sopesa o valor da competencia en linguas estranxeiras "dominantes", e vén ser o estudo da experiencia dos emigrantes nas comunidades de acollida. O terceiro tipo mide o valor da competencia en linguas estranxeiras "non dominantes", entendendo que son "non dominantes" na comunidade lingüística na que se insire o falante. Neste caso distínguense dous fenómenos. Un primeiro que describe a membros dunha comunidade lingüística multilingüe que aprenden outra lingua oficial ou nacional, e un segundo caso que describe a individuos dun determinado lugar que aprenden unha lingua estranxeira. Estes dous últimos tipos de fenómenos son os que centran o interese desta investigación. Finalmente, existen investigacións sobre as taxas de retorno das linguas de inmigrantes no seu novo país de residencia que tratan de medir a rendibilidade das linguas da inmigración en destino.

Grenier e Vaillancourt (1983) ofrecen unha das primeiras contribucións para identificar as linguas estranxeiras como parte do capital humano dos individuos segundo a teoría estándar do capital humano (Becker, 1964; Mincer, 1974).

Williams (2006) estudou as diferencias salariais polo uso dunha segunda lingua no traballo en 14 países de Europa occidental. As súas estimacións sitúan o rendemento entre o 5 e o 20 por cento dos salarios, segundo o país e de entre un 5 e un 10 o por cento en preto da metade dos países estudados. A lingua máis valorada é o inglés. O uso doutras linguas, como francés, italiano e alemán valórase en termos salariais nalgúns países. Só no Reino Unido, no hai recompensa polo uso dunha segunda lingua. O mesmo autor (Williams, 2007) conclúe que a competencia en linguas estranxeiras é unha característica importante do capital humano que se premia no mercado de traballo.

Para Klein (2007) as competencias lingüísticas teñen un impacto positivo na situación do individuo no mercado de traballo, porque as persoas con altas competencias lingüísticas son máis produtivas que as persoas con competencias lingüísticas pobres. Se, desde o punto de vista económico, as persoas invisten na súa competencia lingüística, é porque teñen algún aliciente como podería ser un acceso máis doado ao mercado de traballo, mellores salarios ou mellores carreiras profesionais. A partir de variables tradicionais de medida do capital humano como os anos de educación e a experiencia laboral potencial, as competencias plurilingües observadas e os anos de educación, (como indicador de competencias non observadas), teñen un impacto positivo nos salarios dos luxemburgueses. Tamén teñen un impacto positivo na probabilidade de estar activo no mercado laboral. Cando analiza as diferentes linguas que compoñen a súa variable de plurilingüísmo, observa un impacto positivo sobre os salarios do inglés e, en menor medida, do francés, pero non hai un impacto estatisticamente significativo das outras dúas competencias lingüísticas que estuda (alemán e luxemburgués).

Sobre a dimensión do impacto da competencia lingüística nos salarios en EE.UU Saiz e Zoido (2005) comparan a decisión individual de investir nunha segunda lingua con outras variables da teoría do capital humano. Usando diferentes estratexias analíticas, sen que ningunha sexa ideal, todas apuntan na mesma dirección: falar unha lingua estranxeira vese recompensada no mercado de traballo. Os ingresos das persoas con estudos universitarios que falan unha lingua estranxeira son superiores aos ingresos dos que non o fan. Sen embargo, as estimacións sobre o impacto do bilingüismo sobre o soldo é relativamente pequeno (2%-3%), sobre todo comparado coas estimacións sobre os rendementos dun ano máis de escolarización xeral que se atopa no rango que vai do 8% ao 14% de incremento naquel país.

Nas economías en desenvolvemento como a India, a diferenza de ingresos entre persoas que falan inglés e persoas que non o falan é moito maior (Azam, Chin e Prakash, 2013). Os salarios son de media un 34% máis elevados para os homes que falan inglés fluído e un 13% superior para os homes que falan un pouco de inglés en relación aos homes sen competencia nesa lingua. Para as mulleres as diferenzas son menores.

Casale e Posel (2011) estudan a relación entre linguas e salarios no contexto de Sudáfrica. Os falantes de linguas africanas cunha boa competencia en Inglés teñen unha prima salarial do 50% respecto dos que non teñen competencia. Entre o grupo dos que tiñan educación post secundaria, as diferenzas chegan ata un 90% a favor dos competentes en inglés. En contraste con isto, a competencia en linguas africanas non ten unha incidencia tan positiva nos ingresos por traballo. Estes autores demostran, en cambio, que existe unha gran correlación entre unha competencia elevada en linguas africanas e inglés. Este tipo de achados poden ter unha gran influencia na política lingüística dun país, por unha banda, outorgando evidencia empírica ao prexuízo que coloca ao inglés como lingua de éxito persoal, ao tempo que indica a necesidade de fortalecer as competencias nas L1 dos suxeitos para que poidan ter unha elevada competencia na L2. Na mesma liña (Cornwell, 2008) demostra que un suxeito sudafricano de etnia subsahariana sen educación, pero que fala inglés na casa ten maior probabilidade de atopar un

traballo e ter máis ingresos que un suxeito coas mesmas características sen competencia en inglés.

En España, Ginsburgh e Prieto Rodriguez (2007) demostran que o mercado de traballo remunera positivamente e significativamente o uso de linguas estranxeiras no traballo, tanto para homes como mulleres.

O feito de que os primeiros estudos onde se trata de dar conta da relación das linguas e o mercado laboral se centrasen en Canadá, deu lugar a unha extensa literatura sobre a situación naquel país Boulet (1980), Carliner (1981), Grenier e Vaillancourt (1983), Bloom e Grenier (1992)[6]. En xeral descríbese as diferenzas salariais entre os falantes de francés e inglés naquel país e nalgúns casos o papel dos bilingües. Os incrementos nos salarios para os bilingües en francés e inglés son elevados no Quebec, pero menores do resto do Canadá, cunha variación importante por sexo e residencia.

Para o caso de Suíza tamén existe unha certa abundancia de estudos. Grin (1997) analiza a relación entre lingua e salarios por sexo. Para os homes que falan alemán e francés non hai diferenzas significativas de ingresos, mentres que os falantes de italiano si semellan ter uns ingresos inferiores. Grin e Sfreddo (1998), obteñen resultados similares para os homes e confirman a ausencia de diferenzas no caso das mulleres. Cattaneo e Winkelmann (2007), con fontes de datos diferentes chegan a conclusións semellantes no relativo á ausencia de diferenzas entre os falantes de francés e alemán de Suíza, mesmo cando se introduce a variable da mobilidade entre áreas lingüísticas naquel país. Cando se estuda o impacto das tres linguas oficias xunto co inglés tamén se atopa varianza por sexo e área lingüística de residencia e un incremento salarial en xeral para os que dominan esta lingua internacional. Para os residentes na zona xermanófona, o coñecemento do inglés ten unha prima salarial por encima do francés, pero na Suíza francófona é mellor, dende o punto de vista das retribucións, ter un dominio do alemán antes que do inglés (Grin, 1999, 2001).

Rendon (2007) mide o impacto da competencia en catalán na busca de traballo en Cataluña. Como sabemos, a política lingüística catalá promoveu a aprendizaxe e o uso do catalán en Cataluña e conseguiu reverter a tendencia de substitución polo castelán. Usando datos do censo de 1991 e 1996, este autor demostra que a probabilidade de ser empregado aumenta entre 3 e 5 puntos porcentuais se as persoas saben ler e falar catalán e entre 2 e 6 puntos porcentuais entre aqueles que saben escribir en catalán.

Na mesma comunidade autónoma, cando se introduce na análise as diferenzas entre sector público e privado (Di Paolo, 2011), os resultados suxiren que non hai un efecto sobre os ingresos por coñecemento do catalán entre os traballadores do sector público, pero si unha maior probabilidade de acceder a este sector. Pola contra, parece que o dominio do catalán aumenta os ingresos dos traballadores do sector privado. Cando se analiza a situación dos inmigrantes en Cataluña de primeira e segunda xeración, tamén se atopa unha prima nos salarios por ter unha boa competencia en catalán (suxeitos que saben falar e escribir) de ata o 7,5% (Di Paolo e Raymond, 2012)

En Gales observouse que os empresarios demandan e retribúen os coñecementos de galés (Henley e Jones 2005). Non obstante, estas habilidades, aínda que remuneradas, non se usan necesariamente no lugar de traballo. Ademais, segundo os autores, esa maior demanda pode ser resultado da intervención do estado para promover o bilingüismo.

En Irlanda, os resultados obtidos a partir da análise das operacións censais daquel país sinalan que os falantes de irlandés teñen unha situación máis privilexiada no mercado laboral que aqueles que non o falan (Borooah, Dineen, e Lynch, 2009). O traballador falante de irlandés

6 Para unha bibliografía máis extensa cf. (Gazzola, Grin e Wickström, 2016).

ten maior probabilidade de situarse nos chanzos altos da escala social e unha probabilidade menor de atoparse en paro.

En Israel, Lecker (1997) da conta das diferencias salariais entre as minorías árabes con e sen competencia en lingua hebrea que chegan ata o 11% en favor dos que teñen esa competencia.

Nun contexto multilingüe, pero cunha lingua dominante clara, como pode ser Bolivia, as competencia lingüísticas son importantes (Chiswick, Patrinos e Hurst, 2007). Os monolingües en español gañan arredor dun 25% máis que os que falan tanto español como unha lingua indíxena, mentres que as mulleres que falan só unha lingua indíxena gañan arredor dun 25% menos que os falantes bilingües. De acordo con este estudo, é posible que se penalice aos falantes bilingües no mercado de traballo por mor dun menor dominio do español.

Nun contexto como o de Paraguai, con dúas linguas oficiais, español e guaraní, e cunha incidencia do bilingüismo importante, os estudos sobre salarios e competencia lingüística (Patrinos, Velez, e Psacharopoulos, 1994) indican que os falantes monolingües de guaraní están en desvantaxe.

Aldashev e Danzer (2014) sinalan que en Casaquistán os individuos que falan dous idiomas (ruso e lingua casaca) teñen peores salarios que os falantes de ruso monolingües.

Como podemos ver, os resultados sobre o retorno da competencia ou uso de linguas en situacións bilingües non amosa unha dirección unívoca. Por exemplo, Shapiro e Stelcner (1982) atopan unha prima salarial pequena para o bilingüismo en Canadá. Posteriormente, os mesmo autores (Shapiro e Stelcner, 1997) atopan unha mellora salarial para a competencia en inglés en francófonos pero non ao revés. No mesmo país, Pendakur e Pendakur (1998) sinalan melloras retributivas para os bilingües se as dúas linguas son linguas oficiais (inglés e francés) dado que a competencia noutra lingua calquera máis ben significa salarios inferiores. Aparentemente, en Gales (op. cit) o bilingüismo supón unha mellora salarial, pero en Bolivia, non, máis ben ao contrario (op. cit). En situacións plurilingües tampouco semella existir un patrón obvio. En Suíza (op. cit) vimos como ser falante de italiano non supón beneficio económico, pero ter o alemán ou o francés como segunda lingua, si. En Luxemburgo (op. cit) a competencia en inglés e francés supón unha prima salarial, pero non a competencia en alemán ou luxemburgués.

As estratexias empíricas para a bordar a cuestión das relación da competencia lingüística e os salarios son diversas. Carliner (1981) ao estudar as diferenzas salariais no Canadá entre os principais grupos lingüísticos (definidos a partir da lingua materna no individuo e unha pregunta na que se inquire se son quen de manter unha conversa en inglés ou francés) decidiu que o patrón de diferenciais salariais debería variar segundo as características lingüísticas do mercado de traballo local, pero como os salarios e a educación estaban moi correlacionados fixo unha análise de regresión para identificar canto das diferenzas salariais se debían a diferenzas educativas, ou a outro tipo de diferenzas e canto correspondía á competencia lingüística. Para separar o efecto da lingua nos salarios en distintas partes de Canadá a partir dos efectos doutras variables, as regresións realizáronse para Montreal, Quebec, Toronto, Canadá inglés e todo Canadá, co salario por hora como variable dependente. As variables independentes incluían os anos de escolarización, a experiencia (idade menos educación menos seis), experiencia ao cadrado e variables ficticias (dummies) para categorías lingüísticas e cinco categorías de inmigración.

Klein (2007) no seu estudo sobre a situación en Luxemburgo parte dunha adaptación da función de ingresos de Mincer (1974) que explica a relación estatística entre o salarios, os anos de escolarización, a experiencia laboral e un termo de erro estatístico que representa todas as variables omitidas que explican o nivel da variable dependente. Trata de demostrar como as competencias lingüísticas teñen unha incidencia positiva na percepción salarial dos individuos.

As variables de competencia son de tipo autoavaliado. Como a poboación ocupada presenta xeralmente características estatisticamente diferentes ás de toda a poboación dun país, debe determinar que variables explican o feito de acceder ao mercado laboral que fai a partir dun modelo baseado en Wooldridge (1995, 2002), tamén porque os datos dos que dispón son de panel. A experiencia laboral potencial calcúlaa como a diferenza entre a idade actual e a idade ao comezo da carreira laboral, e os anos de educación son un indicador de competencias non observadas.

Para o estudo das diferenzas salariais para Alemán, Francés e Italiano en Suíza Grin e Sfreddo (1998) utilizan unha regresión de cadrados mínimos, en liña co groso dos traballos similares. A metodoloxía minceriana serve aquí tamén tomando igualmente a función de ingresos como variable dependente e como variables independentes o nivel de estudos, a experiencia laboral e o seu cadrado ás que engade unha serie de variables binarias nas que se inclúe a lingua. Un modelo similar é que utilizan Henley e Jones (2005) para o caso galés, pero introducindo unha gran cantidade de variables como a área xeográfica de nacemento, o sexo, a estado civil, algunhas características laborais do pai, etc.. Tamén utilizan a análise de regresión de cadrado mínimos Azam, Chin e Prakash (2013) no seu traballo sobre o inglés na India.

Saiz e Zoido (2005) no seu estudo en EE.UU utilizan unha estratexia empírica con diferentes análises. En primeiro lugar, inclúen un conxunto moi completo de variables de control nas regresións de cadrados mínimos entre as que se atopan datos de cualificacións académicas, nivel educativo dos pais, indicadores da calidade da universidade na que estudou o suxeito, entre outras. En segundo lugar, para tratar o problema de que haxa características individuais non observadas que nesgan os resultados, comparan a evolución dos salarios de persoas que aprenderon unha lingua en dous momentos diferentes coa evolución dos salarios doutros grupos. En terceiro lugar, dada a posibilidade de que a linealidade na regresión de cadrados mínimos introduza nesgos na análise, empregan métodos non paramétricos. En último lugar, utilizan un método de variables instrumentais. Os resultados que obteñen da análise de cadrados mínimos indican un incremento salarial polo coñecemento dunha segunda lingua. Na análise con datos de panel, poden introducir un coeficiente interpretado como habilidades individuais constantes e heteroxéneas e inobservadas, algo do que non poden dar conta coa análise anterior. Se estas correlacionan coa competencia en segundas linguas, poderíase estimar que ese incremento tamén se podería deber a esas habilidades e non so á lingua. Os resultados, sen embargo, coinciden basicamente coa análise de cadrados mínimos. En canto á análise de pareamento por puntaxe de propensión, parte de cuestionarse se os incrementos salariais por falar unha segunda lingua dependen de características individuais, ou se as persoas que falan unha segunda lingua son moi diferentes das que non a falan, xa que as estimacións poden estar nesgadas por mor da linealidade da regresión de cadrados mínimos. Esta análise intenta estimar o efecto dunha intervención a partir dunhas covariables. Aplícase a análise a dous grupos, o de falantes dunha segunda lingua, e os que non a falan. Os resultados son similares aos obtidos a partir da análise de cadrados mínimos, dependendo da covariables introducidas. Por último, no método de variables instrumentais utilizan requisitos académicos de gradación e admisión do sistema educativo americano. Os resultados indican unha prima moito maior que as demais análises basicamente porque o modelo sobreestima o efecto da lingua nos salarios, ao mesmo tempo que corrobora a existencia do fenómeno, en opinión dos autores do estudo.

Williams (2006), no seu traballo sobre os salarios e uso de segundas linguas no traballo en Europa tamén usa unha adaptación da función de Mincer para o que escolle unha especificación lineal do modelo e estima os parámetros usando tanto datos transversais coma de panel aos que aplica análises de mínimos cadrados e modelos de efectos fixos. Para este último estima efectos fixos tanto individuais como de tempo. Entre as variables que introduce nas regresións atópanse

ademais do nivel de estudos e a experiencia laboral (para este caso usa a idade como variable proxy), o sector económico do empregado, estado civil, fillos, horas traballadas, sexo, tamaño da empresa, un indicador de saúde e nacionalidade, entre outras. Un achado interesante é que atopa diferenzas salariais moito menores utilizando o modelo de efectos fixo o cal podería indicar que hai diferenzas de produtividade inobservadas no modelo de mínimos cadrados.

Ginsburgh e Prieto Rodriguez (2007) utilizan unha variable lingüística distinta das competencias autoavaliadas. Os datos que analizan proveñen do Panel de Fogares da Unión Europea de 2001 onde se pregunta que linguas estranxeiras utilizan os suxeitos no seu posto de traballo. A resposta positiva é interpretada polos autores como indicador de competencia lingüística e demanda empresarial ao mesmo tempo. Estes autores recoñecen que en moitos casos as avaliacións do prima salarial por linguas baséanse en estimacións de ecuacións salariais por mínimos cadrados ordinarios ou, no caso de considerar explicitamente o problema da endoxeneidade, utilizan algún estimador de variable instrumentais, pero eles optan por unha regresión cuantílica con variables instrumentais.

No estudo sobre o catalán Di Paolo (2011) lembra que a asociación estatística entre salarios e competencia lingüística pode estar nesgada por unha heteroxeneidade individual non observada, como por exemplo a autoavaliación da competencia dos suxeitos, que require a implementación de técnicas econométricas máis sofisticadas que unha estimación de mínimos cadrados ordinarios, o que inclúe variables instrumentais e outros procedementos. Como nesta investigación tamén se esperaban diferencias entre o sector público e o privado usouse un modelo probit bivariado para explicar por un lado a propensión a ser competente en catalán ou non, e por outra banda a decisión de traballar nun ou outro sector.

### 4.2 METODOLOXÍA

Como xa se apuntou, estes traballos en moitos casos parten do función de ingresos de Mincer (1974) que estima por mínimos cadrados ordinarios (MCO) un modelo semilogarítmico, usando como variable dependente o logaritmo dos ingresos e como variables independentes os anos de educación, a experiencia laboral e o cadrado desta:

$$\ln w = \beta_0 + \beta_1 E + \beta_2 Exp + \beta_3 Exp^2 + \varepsilon$$

Onde:

$w$ son os ingresos do individuo
$E$ é o número de anos de educación formal completada
$Exp$ son os anos de experiencia laboral
$\varepsilon$ é a perturbación aleatoria

Os datos utilizados para a súa estimación proveñen tradicionalmente de datos transversais.

Cabe comentar que a ecuación anterior está construída baixo os supostos do modelo neoclásico do funcionamento do mercado laboral: as empresas coñecen a produtividade marxinal de cada traballador e o proceso competitivo fai que os salarios dependan de dito nivel de produtividade.

A función de ingresos de Mincer postula o paralelismo dos perfís do logaritmo do ingreso con respecto aos distintos niveis de educación (Sapelli, 2003), polo que o valor do coeficiente dos anos de educación formal se interpreta como a taxa de rendemento media dun ano adicional de estudo. Por outra banda, tendo en conta a teoría dos perfís de idade-ingresos (conforme aumenta a experiencia, os ingresos individuais aumentan, pero cada ano de experiencia ten un efecto sobre os ingresos menor que o anterior), agardase que ao ser a función cóncava con relación á experiencia, a estimación de $\beta_2$ sexa positiva e a de $\beta_3$ sexa negativa.

Sen embargo, distintas aportacións científicas demostraron que en a medición do rendemento da educación estimado por mínimos cadrados ordinarios (MCO) da ecuación de ingresos minceriana ten varios nesgos. Griliches (1977), identificou os seguintes:

- Existencia de determinadas variables omitidas na ecuación de Mincer como a habilidade do individuo. Se o termo da perturbación inclúe entre outros elementos a habilidade do individuo, e se verifica que as persoas con maior habilidade son as que deciden elixir o maior nivel educativo, isto provocaría estimacións inconsistentes, pois a perturbación aleatoria e o nivel educativo estarían correlacionados e, como resultado, estaríase sobreestimando o rendemento da educación.
- Medición incorrecta da cantidade de educación. A ecuación de Mincer implica que existe unha única taxa de rendemento da educación, sen embargo, tanto a teoría como a evidencia empírica mostran o contrario. De feito, suxiren representar a escolaridade da forma máis desagregada e flexible posible, co obxectivo de recoller dunha forma máis adecuada os retornos do proceso de investimento en educación (Sapelli, 2009). Non recoller correctamente o nivel educativo estaría provocando unha infraestimación no verdadeiro rendemento.
- Tratamento da educación como unha variable esóxena. Diversos estudos demostraron que a variable educación pode non ser esóxena estando afectada por diferentes variables como poden ser os custes directos da educación, os custes de oportunidade, os ingresos futuros, as imperfeccións do mercado de capitais, etc. Non considerar a endoxeneidade da educación producirá que as estimacións realizadas por MCO proporcionen estimadores nesgados e inconsistentes do rendemento de la educación. Si se demostra que a variable educación é endóxena, o método de estimación máis apropiado sería mínimos cadrados en dúas etapas (MC2E).

### 4.3 APLICACIÓN DA ECUACIÓN DE MINCER AO COÑECEMENTO DAS LINGUAS EN GALICIA

Para testar a incidencia das competencias lingüística nos salarios dos galegos usáronse os datos dunha mostra empregada para determinar a presenza do idioma portugués en Galicia. A mostra está composta por individuos residentes en Galicia, maiores de idade, para os cales se dispón tanto da información sobre coñecemento de linguas como de ingresos mensuais. A mostra provén dun traballo do Consello da Cultura Galega que medía competencias en linguas en Galicia, nomeadamente o portugués, pero tamén doutras linguas estranxeiras, así como das linguas cooficiais (Casares Berg, 2019). Ademais, dado que se traballa cos microdatos e que os resultados non mostran diferenzas, non se usa o factor de elevación /ponderación gañando graos de liberdade. Así, o total de individuos da mostra ascende a 1000, pero so ofrecen información dos seus ingresos 449. Para a análise empregouse a mostra total (449 individuos) e a submostra daqueles que contestaron a pregunta sobre os seus ingresos que se atopan ocupados (231 individuos).

Neste estudo, a ecuación minceriana será ampliada coas variables que se presentan na táboa dando especial énfase ao efecto dos idiomas sobre o salario. Para cada un dos idiomas considerados xeráronse variables dummy que identifican as competencias que posúe cada individuo (básicas, medias-baixas, medias-altas e elevadas). Esta variable procede da autoavaliación dos individuos nas catro destrezas básicas (comprensión, fala, lectura e escrita) que se recodificou para obter unicamente unha variable de catro categorías. Así mesmo, tamén se dispón da información de si se coñece máis dunha lingua estranxeira.

Respecto á variable de experiencia, en ocasións emprégase a idade como proxy da mesma, a pesar de que os individuos da mesma idade con diferentes anos de escolarización difiran no

número de anos de experiencia. Para superar a falta de información directa sobre anos de experiencia laboral, Mincer propuxo restar a idade de conclusión da escolaridade á idade, enfatizando que é a experiencia, en lugar da idade, un dos factores determinantes dos salarios. Para capturar o efecto decrecente da experiencia sobre a renda, engádese un termo cadrático. Debido a que non hai información sobre a idade na que os individuos remataron os seus estudos pero si se coñece o nivel máximo acadado, emprégase o concepto de experiencia potencial no mercado laboral, en lugar da definición tradicional da experiencia. Nesta situación a experiencia defínese como a idade menos os anos aos que se remata o ciclo educativo máximo[7] do que se dispón.

**Táboa 4.1. Nome das variables utilizadas e descrición**

| Variable | Definición |
|---|---|
| ln_w | Logarítmo neperiano do ingreso mensual |
| exp | Experiencia laboral potencial |
| $exp^2$ | Experiencia laboral potencial ao cadrado |
| idade | Idade no momento de realización da enquisa |
| home | 1 se é un home, 0 noutro caso |
| rural | 1 se reside nun entorno rural, 0 noutro caso |
| urbano | 1 se reside nun entorno urbano, 0 noutro caso |
| edu_ciclo1 | 1 se o máximo nivel de estudos é a educación de primeiro ciclo (EXB 2ª etapa / Grad. Escolar), 0 noutro caso |
| edu_ciclo2 | 1 se o máximo nivel de estudos é a educación de segundo ciclo (BUP/COU/FP 1-2/Bach.Sup.), 0 noutro caso |
| edu_uni | 1 se o máximo nivel de estudos é a educación universitaria, 0 noutro caso |
| pluri1 | 1 se se domina un idioma estranxeiro, 0 noutro caso |
| pluri2 | 1 se se domina máis dun idioma estranxeiro, 0 noutro caso |
| in_mb | 1 se se posúen competencias medio-baixas en inglés, 0 noutro caso |
| in_ma | 1 se se posúen competencias medio-altas en inglés, 0 noutro caso |
| in_el | 1 se se posúen competencias elevadas en inglés, 0 noutro caso |
| fr_mb | 1 se se posúen competencias medio-baixas en francés, 0 noutro caso |
| fr_ma | 1 se se posúen competencias medio-altas en francés, 0 noutro caso |
| fr_el | 1 se se posúen competencias elevadas en francés, 0 noutro caso |
| po_mb | 1 se se posúen competencias medio-baixas en portugués, 0 noutro caso |
| po_ma | 1 se se posúen competencias medio-altas en portugués, 0 noutro caso |
| po_el | 1 se se posúen competencias elevadas en portugués, 0 noutro caso |
| al_mb | 1 se se posúen competencias medio-baixas en alemán, 0 noutro caso |
| al_ma | 1 se se posúen competencias medio-altas en alemán, 0 noutro caso |
| al_el | 1 se se posúen competencias elevadas en alemán, 0 noutro caso |
| it_mb | 1 se se posúen competencias medio-baixas en italiano, 0 noutro caso |
| it_ma | 1 se se posúen competencias medio-altas en italiano, 0 noutro caso |
| it_el | 1 se se posúen competencias elevadas en italiano, 0 noutro caso |
| ga_mb | 1 se se posúen competencias medio-baixas en galego, 0 noutro caso |
| ga_ma | 1 se se posúen competencias medio-altas en galego, 0 noutro caso |
| ga_el | 1 se se posúen competencias elevadas en galego, 0 noutro caso |

Fonte: elaboración propia

## 4.4. RESULTADOS

Dado o numero de observacións e a enorme redución dos graos de liberdade e, sobre todo, debido a que se xeran problemas de multicolinealidade, as variables idiomáticas non se poden incluír todas xuntas na estimación (aínda que sería desexable para recoller o impacto sobre o salario de todas elas e que unha delas non estea recollendo o efecto doutra e, por tanto, sobreestimando o efecto real).

Na estimación inclúense erros robustos ante problemas de heterocedasticidade.

7 Concretamente, emprégase o que aparece nas etiquetas da enquisa (10, 14 e 18). Para o ensino universitario considerase 23 (ciclo longo de 5 anos).

En canto aos resultados para a mostra total, comézase realizando a estimación utilizando unicamente as variables sobre o coñecemento ou non de varios idiomas estranxeiros para logo repetir os cálculos coas variables dos idiomas concretos (galego, galego + inglés, e de ser significativa algunha combinación máis).

Tal e como se aprecia na Táboa 4.2, tanto o efecto da experiencia como do seu cadrado son estatisticamente significativos e teñen o signo correcto. En concreto, por cada ano adicional de experiencia o salario increméntase un 1,28% en promedio. O sexo tamén ten un efecto significativo, sendo o salario dos homes superior nun 11,13% en media. Os niveis educativos universitario e secundario de segundo ciclo tamén teñen impactos significativos e de magnitude moi relevante, 41,9% e 65,82% superior ao daqueles que teñen como máximo estudos primarios. Respecto das variables idiomáticas, só unha ten un impacto significativo (pluri2), é dicir, aqueles individuos que dominan dous ou máis idiomas estranxeiros desfrutan dun soldo un 12,37% maior a aqueles que non dominan ningunha lingua distinta do español.

**Táboa 4.2. Ecuación de Mincer para a mostra total: plurilingüismo**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0128*** | 0,0039 |
| exp_2 | -0,0002** | 0,0001 |
| rural | 0,0357 | 0,0482 |
| urbano | 0,0069 | 0,0460 |
| home | 0,1113** | 0,0382 |
| edu_ciclo1 | 0,1089 | 0,1018 |
| edu_ciclo2 | 0,4190*** | 0,1125 |
| edu_uni | 0,6582*** | 0,1147 |
| pluri1 | 0,0527 | 0,0364 |
| pluri2 | 0,1237* | 0,0587 |
| _cons | 6,4477*** | 0,1156 |
| Nº observacións: 449<br>$R^2$ 0,3212<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

A continuación compróbase se o coñecemento do galego impacta no salario dos galegos. Como pode observarse na Táboa 4.3, as variables con efectos significativos sobre o salario son as mesmas que na análise anterior e a magnitude dos seus efectos tamén é similar.

**Táboa 4.3. Ecuación de Mincer para a mostra total: lingua galega**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0108** | 0,0039 |
| exp_2 | -0,0001* | 0,0001 |
| rural | 0,0416 | 0,0487 |
| urbano | 0,0156 | 0,0462 |
| home | 0,1132** | 0,0383 |
| edu_ciclo1 | 0,1249 | 0,1050 |
| edu_ciclo2 | 0,4325*** | 0,1162 |
| edu_uni | 0,6883*** | 0,1172 |
| ga_mb | 0,1121 | 0,1963 |
| ga_ma | 0,0584 | 0,1914 |
| ga_el | 0,0921 | 0,1897 |
| _cons | 6,4186*** | 0,2327 |
| Nº observacións: 449<br>$R^2$ 0,3148<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tal e como se pode apreciar na táboa anterior, ningunha das variables que miden o coñecemento do galego ten un impacto significativo sobre salario dos individuos.

A continuación realízase a mesma análises coas variables de competencia en inglés (Táboa 4.4).

**Táboa 4.4. Ecuación de Mincer para a mostra total: lingua inglesa**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0152*** | 0,0042 |
| exp_2 | -0,0002*** | 0,0001 |
| rural | 0,0374 | 0,0478 |
| urbano | 0,0086 | 0,0456 |
| home | 0,1076** | 0,0377 |
| edu_ciclo1 | 0,1188 | 0,1031 |
| edu_ciclo2 | 0,4210*** | 0,1139 |
| edu_uni | 0,6529*** | 0,1162 |
| in_mb | 0,0194 | 0,0544 |
| in_ma | 0,1107 | 0,0588 |
| in_el | 0,2227* | 0,0975 |
| _cons | 6,3873* | 0,1238 |
| Nº observacións: 449<br>$R^2$ 0,3264<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

Tal e como se pode apreciar na táboa anterior, as variables con efectos significativos sinaladas con anterioridade tamén os teñen neste caso e unha vez máis con magnitudes similares. Ademais, a competencia en inglés si ten un efecto estatisticamente significativo sobre os salarios. En concreto, para un nivel de significación do 5%, ter competencias elevadas en lingua inglesa ten un impacto significativo sobre o ingreso, sendo un 22% superior en media ao daqueles individuos que non teñen competencias en dita lingua.

Nos resultados da Táboa 4.2 tíñase que aqueles individuos que dominan dous ou máis idiomas estranxeiros teñen un impacto positivo sobre os seus ingresos. Logo cabe comprobar se isto se pode observar para conxuntos de idiomas concretos. Tal e como se aprecia na Táboa 4.5, o galego xunto con inglés non arroxa dito resultado, senón que se obtén o mesmo que xa se tiña analizando individualmente cada un dos idiomas, é dicir, o galego non impacta significativamente, pero o inglés si.

**Táboa 4.5. Ecuación de Mincer para a mostra total: lingua galega e inglesa**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0154*** | 0,0042 |
| exp_2 | -0,0002** | 0,0001 |
| rural | 0,0394 | 0,0481 |
| urbano | 0,0116 | 0,0459 |
| home | 0,1066** | 0,0378 |
| edu_ciclo1 | 0,1264 | 0,1057 |
| edu_ciclo2 | 0,4297*** | 0,1168 |
| edu_uni | 0,6578*** | 0,1188 |
| in_mb | 0,0162 | 0,0543 |
| in_ma | 0,1081 | 0,0591 |
| in_el | 0,2211* | 0,0988 |
| ga_mb | 0,1313 | 0,1959 |
| ga_ma | 0,0904 | 0,1916 |
| ga_el | 0,1194 | 0,1901 |
| _cons | 6,2649*** | 0,2394 |
| Nº observacións: 449 $R^2$ 0,3277<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De forma individual e conxunta co galego, para o francés, o portugués e o italiano non se detectan efectos significativos. No caso do alemán (Táboa 4.6) si se obtén que ter competencias medio-altas en alemán implica uns ingresos un 36,13% superiores que para aqueles individuos que non teñen competencias ou só teñen competencias básicas. Unha vez máis, xunto co galego, non hai cambios respecto aos resultados individuais.

**Táboa 4.6. Ecuación de Mincer para a mostra total: lingua alemá**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0101*** | 0,0039 |
| exp_2 | -0,0001** | 0,0001 |
| rural | 0,0324 | 0,0488 |
| urbano | 0,0109 | 0,0460 |
| home | 0,1128** | 0,0382 |
| edu_ciclo1 | 0,1366 | 0,1035 |
| edu_ciclo2 | 0,4443*** | 0,1143 |
| edu_uni | 0,6972*** | 0,1148 |
| al_mb | -0,0017 | 0,1312 |
| al_ma[8] | 0,3613** | 0,1354 |
| _cons | 6,5049*** | 0,1136 |
| Nº observacións: 449<br>$R^2$ 0,3185<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

En canto aos resultados para a mostra de ocupados[9] as estimacións mostran efectos significativos sobre o salario da experiencia e o sexo superiores aos reportados na mostra total (Táboa 4.7). A educación aínda que tamén ten un impacto significativo para os niveis máis altos, este é inferior que o visto na mostra total. Pola contra, para un nivel de significación do 5%, neste caso as variables de número de idiomas nos que se teñen competencias non teñen impactos significativas (ao 10% si o tería a de dous ou máis).

**Táboa 4.7. Ecuación de Mincer para a mostra de ocupados: plurilingüismo**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0203* | 0,0088 |
| exp_2 | -0,0002 | 0,0002 |
| rural | 0,0345 | 0,0624 |
| urbano | -0,0332 | 0,0593 |
| home | 0,1384** | 0,0514 |
| edu_ciclo2 | 0,2287** | 0,0857 |
| edu_uni | 0,4856*** | 0,0871 |
| pluri1 | 0,0529 | 0,0500 |
| pluri2 | 0,1325 | 0,0730 |
| _cons | 6,4978*** | 0,1340 |
| Nº observacións: 231<br>$R^2$ 0,2111<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

Seguindo o mesmo procedemento que na mostra total, agora móstranse os resultados tendo en conta as variables de competencias en cada unha das linguas e as combinacións que poidan ser de interese.

[8] Nesta regresión non se inclúe a variable de competencias elevadas en alemán xa que ningún dos individuos da mostra reporta tal coñecemento deste idioma.

[9] Omítese neste cálculo a variable sobre estudos secundarios de primeiro ciclo xa que xeraba problemas de multicolinealidade.

Respecto ao galego, ademais dos impactos das variables mencionadas no resultado anterior, agora si se ten un efecto significativo (Táboa 4.8). En concreto, ter competencias medio-baixas en galego leva a ter un salario un 29,77% maior que nos casos non que non se teñen este tipo de competencias. É dicir, o mercado laboral parece non retribuír positivamente a competencia medio alta nin elevada en galego, unicamente unha competencia próxima á elemental.

**Táboa 4.8. Ecuación de Mincer para a mostra de ocupados: lingua galega**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0168* | 0,0086 |
| exp_2 | -0,0002 | 0,0002 |
| rural | 0,0497 | 0,0626 |
| urbano | -0,0267 | 0,0593 |
| home | 0,1364* | 0,0524 |
| edu_ciclo2 | 0,2124* | 0,0829 |
| edu_uni | 0,5037*** | 0,0836 |
| ga_mb | 0,2977* | 0,1390 |
| ga_ma | -0,0238 | 0,0802 |
| ga_el | -0,0344 | 0,0675 |
| _cons | 6,6166*** | 0,1494 |
| Nº observacións: 231<br>$R^2$ 0,2071<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

Respecto ao inglés (Táboa 4.9), unha vez máis, ter competencias elevadas si ten un impacto significativo no salario (23,9%) e este é lixeiramente superior ao obtido na estimación cos datos da mostra total.

**Táboa 4.9. Ecuación de Mincer para a mostra de ocupados: linga inglesa**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0222** | 0,0081 |
| exp_2 | -0,0003 | 0,0002 |
| rural | 0,0355 | 0,0622 |
| urbano | -0,0293 | 0,0574 |
| home | 0,1335** | 0,0504 |
| edu_ciclo2 | 0,2102* | 0,0826 |
| edu_uni | 0,4653*** | 0,0858 |
| in_mb | -0,0402 | 0,0724 |
| in_ma | 0,0836 | 0,0720 |
| in_el | 0,2390** | 0,0890 |
| _cons | 6,4852 | 0,1346 |
| Nº observacións: 231<br>$R^2$ 0,2403<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

Xuntando ambos idiomas na mesma regresión (Táboa 4.10) os resultados son similares aos obtidos por separado, cun efecto marxinal do 23% para competencias elevadas en inglés e un 45% para competencias medio-baixas en galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 4.10. Ecuación de Mincer para a mostra de ocupados: lingua galega e lingua inglesa**

| Variable | Coeficiente | Erro estándar robusto |
|---|---|---|
| exp | 0,0226** | 0,0082 |
| exp_2 | -0,0003 | 0,0002 |
| rural | 0,0430 | 0,0627 |

| | | |
|---|---|---|
| urbano | -0,0319 | 0,0578 |
| home | 0,1327* | 0,0513 |
| edu_ciclo2 | 0,2033* | 0,0828 |
| edu_uni | 0,4690*** | 0,0862 |
| in_mb | -0,0531 | 0,0737 |
| in_ma | 0,0853 | 0,0739 |
| in_el | 0,2302* | 0,0941 |
| ga_mb | 0,4542* | 0,2065 |
| ga_ma | 0,1421 | 0,0988 |
| ga_el | 0,1207 | 0,0869 |
| _cons | 6,3584*** | 0,1687 |
| Nº observacións: 231<br>$R^2$ 0,2403<br>NOTA: * p-valor < 0,05, ** p-valor < 0,01, *** p-valor < 0,001 | | |

Fonte: elaboración propia

Para o francés, italiano, portugués e alemán non se atopan impactos estatisticamente significativos a pesar de que na mostra total para o caso do alemán si se obtiñan resultados significativos.

## 4.5 DISCUSIÓN

Como limitación xeral das análises que aquí se realizan e se poden realizar, a variable idiomática está definida en termos da habilidade lingüística declarada polo individuo, independentemente de que sexa relevante ou non no seu posto de traballo ou se precisan usalas no mesmo. Sen embargo, pode pasar que un individuo teñan coñecementos de idiomas pero que non teña que usar dito idioma no seu ámbito laboral, o que representa un problema de sobrecualificación lingüística dos traballadores que pode levar a subestimar a prima salarial para os traballadores nacionais que si usan linguas estranxeiras ou cooficiais no posto de traballo.

A mostra utilizada é relativamente pequena, especialmente a submostra de ocupados, polo que poden esperarse diferenzas en mostras maiores ou especificamente deseñadas para o estudo das diferenzas salariais entre individuos.

## 4.6 CONCLUSIÓNS

A revisión da literatura sobre a influencia das competencias lingüísticas nos salarios dos traballadores indica que o coñecemento dunha lingua estranxeira, normalmente o inglés, incide positivamente nas retribucións por traballo.

As primas salariais pola competencia en inglés en Galicia gardan relación con achados noutros países europeos, e tenden a situarse nos rangos altos, por encima do 20% tanto na mostra da poboación xeral como na mostra de ocupados. A competencia no resto de linguas estranxeiras non supón maiores ingresos, a excepción do alemán, que parece ter un efecto sensible. Tamén é interesante o efecto de que os individuos plurilingües (que dominan varias linguas estranxeiras), tamén teñen uns ingresos maiores (+12,4%).

En canto á competencia en galego, esta non implica melloras nos ingresos na poboación xeral, pero si se detecta un efecto positivo para o mostra das persoas ocupadas. Os resultados amosan que a competencia en galego incide positivamente no salario das persoas que se atopan traballando no momento de realizar a enquisa, pero so se observa un efecto positivo entre aqueles que teñen competencias medianas. É dicir, ter unha competencia media en galego inflúe positivamente no salario fronte aos que teñen competencias baixas, pero en cambio non inflúe ter unha competencia elevada. A diferenza doutras comunidades lingüísticas como Cataluña, Gales ou Irlanda, Galicia non semella retribuír positivamente a competencia lingüística en

galego coa mesma intensidade. As razóns poden ter que ver tanto con cuestións actitudinais do conxunto da comunidade lingüística (menor status social da lingua que noutras comunidades lingüísticas), como co feito que de que o mercado laboral so retribúa unha competencia mínima en galego para moitos postos de traballo (por exemplo nas administracións públicas) e mesmo que non se retribúa maneira noutros postos, pese a ao efecto positivo xeral.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CONCLUSIÓNS GLOBAIS DA TESE

Neste apartado recompilaremos os achados principais poñéndoos en relación cos obxectivos da investigación e contrastarémolos coas hipóteses da investigación formuladas na introdución.

O obxectivo principal e transversal da tese era describir fenómenos sociais a partir da análise de variables económicas relacionadas coa lingua e coa cultura en clave rexional e aplicar unha metodoloxía propia das ciencias económicas a fenómenos culturais e lingüísticos galegos. Os catro ensaios que conforman este traballo académico dan conta de fenómenos relacionados coa lingua e coa cultura dende unha perspectiva económica. Tamén é certo que se ben o terceiro non se centra na economía de Galicia cómpre destacar que constitúe unha base para futuras investigacións sobre o valor da lingua galega e nesa clave hai que entender a súa pertinencia.

O obxectivo do primeiro capítulo era delimitar a efectos económicos o ámbito cultural de Galicia e tratar de explicar a súa evolución nos últimos 20 anos. Como se comprobou, o ámbito cultural galego pode delimitarse dunha maneira homologable a outras economías similares a través das metodoloxías consensuadas e das clasificacións estandarizadas de actividades, produtos, ocupacións etc.. De feito, o propio sistema de contas galego produciu unha conta satélite da cultura elaborada polo Instituto Galego de Estatística. Tamén se destacou a actividade do Consello da Cultura Galega na análise económica do ámbito cultural. A descrición da evolución é posible con maior ou menor detalle en función da dispoñibilidade e comparabilidade de fontes estatísticas, pero en xeral, si foi posible explicar a evolución do sistema produtivo e comparalo co conxunto da economía.

A hipótese principal deste capítulo era que as actividades económicas da cultura en Galicia se atopaban nunha fase de retroceso dende a crise de 2008 e que, a diferenza da evolución do conxunto do ciclo económico, non conseguiran volver a taxas de crecemento suficientes para recuperar os niveis previos. Os resultados indican que, efectivamente, as actividades culturais se atopan nunha fase de retroceso con respecto de 2008 e que non se recuperaron nos últimos datos dispoñibles utilizados, que son de 2017, 2018 ou 2019, segundo as fontes. Os agregados que nos permiten observar a súa evolución na contabilidade rexional, nomeadamente as denominadas ramas características da cultura, pese a que amosan unha evolución no período de -14%, enmascaran unha situación que con seguridade é máis negativa por recoller compoñentes doutras actividades que sufriron unha recuperación moi importante a partir de 2013. De feito, os indicadores parciais como os ingresos de explotación das empresas culturais (-24,7%), o gasto das familias en produtos e servizos culturais (-41,5%) e o gasto público en cultura (-55,2%) amosan contraccións moi importantes e superiores. En contraste, o conxunto da economía medrou lixeiramente no mesmo período analizado e os indicadores globais de gasto privado e público decreceron moito menos.

Outra hipótese formulada dicía que as actividades que compoñen a cultura non se comportan dunha maneira monolítica e que coexisten actividades que se atopan nunha situación de crise estrutural con outras que se comportan de maneira máis parella ao ciclo económico e mesmo con actividades que crecen dunha maneira máis importante que o conxunto da cultura e co conxunto da economía, gañando peso dentro do ámbito cultural. A realidade é que as distintas actividades da cultura se comportaron dunha maneira moi diferente. As actividades relacionadas coa edición e en menor medida coa impresión se atopan nunha situación de declive

dende 2008 sen que a melloría que amosa o ciclo económico inflúa con claridade na súa recuperación. As actividades de comercio, particularmente as de produtos editoriais, tamén se ven afectadas, pero menos. Todo isto permitiunos afirmar que o peso no conxunto do ámbito cultural da edición e das actividades relacionadas con ela, que era moi importante en 2008, explica en parte a perda de peso relativo da cultura no conxunto da economía galega. En contraste, hai actividades, como as relacionadas co audiovisual, que se comportan dunha maneira cíclica á vez que hai outras que se comportan dunha forma moi positiva dende 2013, como as relacionadas cos espectáculos e a creación.

Tamén se dicía que as diferenzas de comportamento entre estas actividades terían que ver cun descenso da demanda pública e privada dalgúns produtos concretos, e efectivamente, demostrouse que os descensos no gasto público eran moi importantes e que o gasto dos fogares en produtos relacionadas coas actividades editoriais tiñan cada vez menos peso. En xeral, as actividades máis prexudicadas eran as máis sensibles aos descensos do gasto de familias e do sector público.

Por último, tamén se hipotetizaba que as consecuencias desta crise ademais dun descenso na capacidade para xerar ingresos nas empresas (o cal si quedou demostrado), implicarían unha destrución de emprego. Esta última aseveración debe rexeitarse, dado que o emprego cultural experimenta unha evolución máis influída polo ciclo económico, con niveis de recuperación mais intensos que outros indicadores superando os niveis de 2009 a partir de 2016, o que indicaría que en conxunto, o emprego amosa unha evolución positiva. As razóns para explicar este fenómeno poden deducirse indirectamente por unha posible tendencia á contención da destrución de emprego motivada polo escaso tamaño das empresas culturais, tamén porque, pese a tendencia á destrución de emprego de actividades como a edición, tamén se crean postos de traballo en actividades máis intensivas en emprego, como as creativas e os espectáculos, e por último porque é posible que as ocupacións culturais empregadas en actividades non relacionadas directamente coa cultura tendan a medrar no período.

No segundo capítulo o obxectivo era analizar como se relacionaba a poboación galega coa oferta cultural en Galicia e que variables inciden nun maior ou menor consumo de cultura. Presentáronse datos referidos doutras publicacións para describir o comportamento da poboación dende principios do século XXI ata a crise provocada pola COVID-19. Tamén se realizou unha descrición das principais fontes existentes e da evolución dos principais indicadores.

Unha hipótese deste ensaio era que a educación e a renda terían unha influencia similar á doutras realidades comparables coa galega, o cal quedou demostrado. A educación incide en xeral dunha maneira lineal: a maior educación maior consumo de produtos culturais. A renda con algo menos de claridade, mesmo non afectando ao consumo dalgúns produtos. Os resultados son consistentes co atopado na literatura científica.

Outra hipótese era que a idade determinaría maior interese por unhas practicas culturais ou outras, o cal era previsible. As preferencias dos mozos están relacionadas con ámbitos de alta socialización, como o cine e os concertos de música. A elevada frecuencia de asistencia a museos e bibliotecas entre os nenos podería estar relacionado co ensino, algo que tamén podería afectar indirectamente (xunto a factores no entorno social e familiar) á mellora dos índices de lectura. Tamén se detectou unha preferencia polos xornais e o consumo de radio entre a xente de mediana idade ou un maior uso de televisión entre as persoas maiores. Un achado destacable foi detectar preferencias de adultos e nenos na asistencia a artes escénicas, o que podería supoñer unha incidencia positiva de hábitos de consumo familiar.

Tamén se hipotetizou con que o hábitat debería funcionar como un indicador cunha gran repercusión no custo de oportunidade, ao ser presumiblemente menor a oferta de servizos

culturais en áreas menos poboadas. A realidade é que non é posible aceptar con claridade o enunciado, dado que o tamaño poboacional afecta á asistencia a servizos que teñen menor oferta fora das áreas urbanas pero tamén a produtos igualmente accesibles independentemente do lugar de residencia. Isto podería implicar que a menor participación cultural foras dos núcleos urbanos non estaría so relacionada coa menor oferta, senón tamén con outras variables que correlacionarían co hábitat.

En canto á evolución dos hábitos, a tese era que os cambios non deberan mudar substancialmente e que deberían de obedecer tanto a cambios de gustos ou modas, como a evolucións de indicadores sociais, como a mellora dos niveis educativos, a renda e o incremento da oferta. Este suposto so pode ser aceptado en parte. É certo que se detectou unha tendencia esperable na perda de interese en museos, bibliotecas e cine en sala ou no descenso do consumo de televisión entre a xente nova. Tamén que existe un incremento do interese polos espectáculos en directo como os concertos de música. Todo isto obedecería a un cambio de tendencia influído pola evolución rápida da tecnoloxía e os hábitos sociais. En cambio, este fenómeno non parece gardar relación clara coa renda, xa que moitas actividades afectadas negativamente son gratuítas e nalgunhas das que aumenta a asistencia ou o interese, a renda ten un efecto discreto. Por outra banda o descenso na percepción da falta de oferta nas áreas menos urbanizadas non supón un aumento do consumo e da participación, senón máis ben un incremento da falta de interese, o cal permite concluír que o incremento da demanda non depende unicamente da oferta, senón de variables de máis lenta evolución, como con toda seguridade a educación.

O terceiro capítulo, tiña por obxectivo medir o efecto económico dunha política lingüística determinada nunha economía concreta. Tratábase de ver se unha eventual aprobación dun status legal de cooficialidade para o asturiano e o e galego-asturiano en Asturias podería ter algún efecto na súa economía. Coas fontes estatísticas dispoñibles comprobouse que foi posible calcular a dimensión económica de todas as linguas de Asturias e que a partir dese dato, comparando coa produción das mesmas actividades económicas noutras comunidades autónomas de España con lingua cooficial, calcular o impacto que tería un aumento da demanda na economía do principado.

A hipótese principal era que o aumento da demanda sería cuantificable a través da metodoloxía input-output o que permite observar os efectos directos e indirectos no conxunto da economía rexional, tanto en termos de VEB como de emprego. Constatouse indirectamente a existencia dunha demanda de produtos nas linguas que se estudan e presupúxose un incremento da demanda pola necesidade de adaptar a oferta, maiormente a educativa e de produtos culturais, ao novo ordenamento xurídico. De feito, observouse como nas comunidades coas que se podía comparar, o gasto en educación e cultura era en conxunto proporcionalmente superior. A hipótese secundaria era que a intensidade do shock de demanda era difícil de predicir, polo que habería que facer simulacións a partir de estimacións de cal podería supor ese incremento da demanda. A realidade é que as simulacións baseadas no marco input-output de Asturias e nos datos de gasto comparados doutras comunidades, permitiron predicir un aumento da demanda en dous escenarios, un máis intenso e outro moderado, cun rango bastante grande. No caso do escenario moderado o efecto directo é de 55 millóns de euros e o indirecto de 9,5 millóns de euros. No escenario intenso, o efecto directo é de 172,7 millóns de euros e o indirecto de 29,9 millóns de euros. Tamén se calculou o efecto do emprego que resultou relevante dado que as actividades que se estimulan máis son intensivas en man de obra. A maior parte do shock de demanda proviña do sector público, nomeadamente do gasto en educación.

O obxectivo do último capítulo era determinar como retribúe o mercado de traballo galego a competencia en linguas estranxeiras e tamén a competencia en galego e replicar outros traballos que mediron o mesmo fenómeno noutras comunidades lingüísticas. Sinalouse unha

limitación no tamaño da mostra utilizada, sobre todo no relativo á submostra de persoas ocupadas, a pesar do cal si foi posible medir o efecto da competencia lingüística na renda dos galegos utilizando a ecuación de Mincer.

A primeira hipótese do ensaio dicía que o coñecemento de linguas estranxeiras, nomeadamente inglés, tería unha influencia positiva nos salarios dos galegos permanecendo constantes o resto de variables que serven para medir o capital humano. Como era de esperar, ao igual que indicaba a literatura revisada que sucedía en diferentes países e rexións, o coñecemento do inglés en Galicia incide positivamente nas retribucións por traballo incluso en maior medida que noutras economías similares, por encima do 20%. Os individuos que dominan varias linguas estranxeiras tamén teñen uns ingresos maiores.

A segunda hipótese dicía que tamén debería de atoparse no mercado laboral de Galicia unha a prima salarial por competencias lingüísticas en galego dunha intensidade similar á detectada noutras comunidades lingüísticas onde coexisten dúas linguas en status legal de cooficialidade. A realidade é que os resultados so amosan unha pequena mellora no salario das persoas que teñen competencias medianas, en contraste cos que teñen competencias baixas, pero tamén en contraste cos que teñen unha competencia elevada. Por isto cómpre rexeitar esta última hipótese e concluír que, á vista dos resultados, o mercado laboral galego non retribúe a competencia lingüística en galego coa mesma intensidade que outras comunidades lingüísticas que dispoñen de datos retribúen o coñecemento das súas respectivas linguas minoritarias.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# BIBLIOGRAFÍA


Akoglu, H. (2018). User's guide to correlation coefficients. Turkish journal of emergency medicine, 18(3), 91-93.

Aldashev, A., & Danzer, A. M. (2014). Economic Returns to Speaking the Right Language(s)? Evidence from Kazakhstan's Shift in State Language and Language of Instruction. IZA Discussion Paper No. 8624.

Ateca-Amestoy, V. (2010). Cultural participation patterns: Evidence from the Spanish time use survey. ESA Research Network Sociology of Culture Midterm Conference: Culture and the Making of Worlds.

Azam, M., A. Chin, & N. Prakash (2013). The returns to English-language skills in India. Economic Development and Cultural Change 61, 335–367.

Becker, G.S. (1964) Human Capital. Columbia University Press.

Becker, G.S. (1993) Human Capital (3rd edn). Chicago: University of Chicago Press.

Bloom, D. E. & G. Grenier (1992). Earnings of the French minority in Canada and the Spanish minority in the United States. Immigration, language and ethnicity: Canada and the United States. The AEI Press, 373–409.

Borgonovi, F. (2004). Performing arts attendance: an economic approach. Applied Economics, 36(17), 1871-1885.

Borooah, V. K., Dineen, D. A., & Lynch, N. (2009). Language and occupational status: Linguistic elitism in the Irish labour market. The Economic and Social Review, Vol. 40, No. 4, 435–460.

Boulet, J.A. (1980). Language and earnings in Montreal. Economic Council of Canada.

Brunello, G., Weber, G., & Weiss, C. (2012). Books are forever: Early life conditions, education and lifetime income. IZA Discussion Paper No. 6386.

Cameron, A. C.; Trivedi, P. K. (2009): Microeconometrics using Stata. Stata Press.

Carliner, G. (1981). Wage differences by language group and the market for language skills in Canada. The Journal of Human Resources 16, 384–399.

Casale, D., & Posel, D. (2011). English language proficiency and earnings in a developing country: The case of South Africa. The Journal of Socio-Economics, 40(4), 385-393.

Casares Berg, H. (2008a). Apuntamentos para unha epistemoloxía da cultura galega. Grial, 46 (178), 30-39.

Casares Berg, H. (2009b). Cara a un modelo produtivo de política cultural: Cultura e economía creativa no marco da Estratexia de Lisboa. Grial, 47 (181), 146-155.

Casares Berg, H. (coord.) (2008b). Ocio e hábitos culturais dos galegos. Consello da Cultura Galega.

Casares Berg, H. (coord.) (2008c). Anuario de estatísticas culturais 2006. Consello da Cultura Galega.

Casares Berg, H. (coord.) (2008d). Anuario de estatísticas culturais 2007. Consello da Cultura Galega.

Casares Berg, H. (coord.) (2009). O Turismo cultural en Galicia. Consello da Cultura Galega.

Casares Berg, H. (coord.) (2010). O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica. Consello da Cultura Galega.

Casares Berg, H. (coord.) (2019). O valor do portugués en Galicia: competencia plurilingüe, utilidade e actitudes. Consello da Cultura Galega.
Casares Berg, H. (coord.) (2020). Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega. Consello da Cultura Galega.
Cattaneo, A., Hanslin, S., & Winkelmann, R. (2007). The apple falls increasingly far: parent-child correlation in schooling and the growth of post-secondary education in Switzerland. Swiss Journal of Economics and Statistics, 143(2), 133-152.
Chiswick, B. R., Patrinos, H. A., & Hurst, M. E. (2000). Indigenous language skills and the labor market in a developing economy: Bolivia. Economic development and cultural change, 48(2), 349-367.
Consello da Cultura Galega. (2018). Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI. Consello da Cultura Galega.
Cornwell, K., & Inder, B. (2008). Language and labour markets in South Africa. Journal of African Economies, 17(3), 490-525.
Di Paolo, A. (2011). Knowledge of catalan, public/private sector choice and earnings: Evidence from a double sample selection model. Hacienda Pública Española / Revista de Economía Pública 197, 9–35.
Di Paolo, A., & Raymond, J. L. (2012). Language knowledge and earnings in Catalonia. Journal of Applied Economics, 15(1), 89-118.
Dorfman, R. (1954): The Nature and Significance of Input-Output. Review of Economics and Statistics, 36 (2), 121-133.
EUROSTAT. (2007). Cultural statistics in Europe Pocketbook. Comisión Europea
EUROSTAT. (2009). Cultural statistics in Europe Pocketbook. Comisión Europea
EUROSTAT. (2012). ESSnet-CULTURE European Statistical System Network on Culture. Final Report. Comisión Europea.
Falk, M., & Katz-Gerro, T. (2016). Cultural participation in Europe: Can we identify common determinants?. Journal of Cultural Economics, 40(2), 127-162.
Fernández Blanco, V. M., & Prieto Rodríguez, J. (2009). Análisis de los hábitos de lectura como una decisión económica. Estudios de economía aplicada.
Gambaro, M. (2017). An economic analysis of cultural consumption. Working Paper 14. Università degli Studi di Milano.
García Delgado, Alonso, J.A., & Jiménez J.C. (2012). El valor económico del español. Fundación Telefónica.
Gazzola, M., Grin, F., & Wickström, B. A. (2016). A concise bibliography of language economics. The economics of language policy, 53-92.
Generalitat Valenciana (2019). Impacto y valor económico del valenciano. Conselleria d'Educació, Investigació, Cultura i Esport.
Ginsburgh, V. A. & J. Prieto-Rodríguez (2007). La prima salarial de las lenguas extranjeras en el mercado de trabajo español. Cuadernos Economicos del ICE, 129–146.
Girón, F.J. & Cañada, A. (2009). Las cuentas del español. Ariel. Colección Fundación Telefónica.
Grenier, G., & Vaillancourt, F. (1983). An economic perspective on learning a second language. Journal of Multilingual & Multicultural Development, 4(6), 471–483.
Griliches, Z. (1977). Estimating the returns to schooling: Some econometric problems. Econometrica: Journal of the Econometric Society, 45, 1–22.
Grin, F. & F. Vaillancourt (1999). The cost-effectiveness evaluation of minority language policies: Case studies on Wales , Ireland and the Basque Country. Monograph 2. Flensburg: European Centre for Minority Issues.

Grin, F. (1997). Langue et différentiels de statut socio-économique en Suisse. Berne: Office fédéral de la statistique.
Grin, F. (1999). Compétences et récompenses: la valeur des langues en Suisse (Vol. 33). Editions universitaires.
Grin, F. (2001). English as economic value: Facts and fallacies. World Englishes 20, 65–78.
Grin, F. (2003). Language Planning and Economics. Current Issues in Language Planning, 4:1, 1-66
Grin, F., & Sfreddo, C. (1998). Language-based earnings differentials on the Swiss labour market: is Italian a liability? International Journal of Manpower, 19(7), 520–532.
Hauke, J., & Kossowski, T. (2011). Comparison of values of Pearson's and Spearman's correlation coefficient on the same sets of data. Queastiones Geographicae, 30, 87–93.
Henley, A., & Jones, R. E. (2005). Earnings and linguistic proficiency in a bilingual economy. The Manchester School, 73(3), 300-320.
Instituto Galego de Estatística. (2016). Análise do sector cultural. Instituto Galego de Estatística.
Klein, C. (2007). The valuation of plurilingual competences in an open European labour market. International Journal of Multilingualism 4, 262–281.
Lecker, T. (1997). Language usage and earnings among minorities: The case of the Arabs in Israel. The Journal of Socio-Economics, 26(5), 525–532.
Llera Ramo, F. J. (2017). III Estudio Sociolinguistico de Asturias. Academia da Llingua Asturiana.
Miller, R. D. & Blair, P. D. (2009): Input-Output Analysis. Foundations and Extensions. Cambridge University Press.
Mincer, J. (1958). Investment in human capital and personal income distribution. Journal of political economy, 66(4), 281–302.
Mincer, J. (1974). Schooling, Experience, and Earnings. Human Behavior & Social Institutions No. 2.
Ministerio de Cultura y Deporte. (2005). Anuario de Estadísticas Culturales. Ministerio de Cultura y Deporte.
Muñiz, C., Rodríguez, P., & Suárez, M. J. (2017). Participation in cultural activities: specification issues. Journal of Cultural Economics, 41(1), 71–93.
Observatorio da Cultura Galega (2011). Informe sobre a regulación e a organización e funcionamento das fundacións culturais de interese galego. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2013a). Os arquivos e a protección do patrimonio documental. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2013b). O cine en Galicia. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2013c). O libro en cifras. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2013d). A música en vivo. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2013e). Panorama estatístico do cine. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2013f). Perspectiva estatística dos museos e coleccións museográficas. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2014a) A cultura e as entidades sen ánimo de lucro. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2014b). As empresas culturais en Galicia. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2014c) As bibliotecas galegas. Consello da Cultura Galega.

Observatorio da Cultura Galega. (2014d).Evolución do gasto cultural dos fogares galegos. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2014e). Gasto público en cultura. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2015a). O cine en Galicia 2014. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2015b). O emprego cultural en Galicia 2015. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2015c). O libro e a edición en Galicia. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2015d) A música clásica e popular en Galicia. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2015e). Panorama estatístico das artes escénicas galegas. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2015f). O turismo cultural en Galicia. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2016a). O sistema produtivo da cultura. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2016b). Ocio e hábitos culturais (I). Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2016c). Evolución do gasto cultural dos fogares galegos. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2016d). Ocio e hábitos culturais (II). Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2016e). O emprego cultural en Galicia 2016. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2016f). Estatística de bibliotecas. Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2016g). A música en Galicia 2016. Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2017a). A música en Galicia 2017. Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2017b). O cine en Galicia 2016. Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2019a). O emprego cultural en Galicia (Novembro 2019). Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2019b). A situación das traballadoras dos sectores audiovisuales e das artes escénicas de Galicia. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2020a). O cine en Galicia (2019). Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2020b). O sector do libro galego perante a crise da COVID-19. Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2020c). O sector da música popular en Galicia perante a crise da COVID-19. Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2020d). Conxuntura laboral do mes de marzo de 2020 nas principais ramas de actividade cultural. Consello da Cultura Galega.
Observatorio da Cultura Galega. (2020e). Conxuntura estatística de ámbito cultural. Xuño de 2020. Consello da Cultura Galega

Observatorio da Cultura Galega. (2020f). Barómetro da Cultura Galega I (Xullo 2020). Consello da Cultura Galega
Observatorio da Cultura Galega. (2020g). Conxuntura estatística de ámbito cultural. Outubro de 2020. Consello da Cultura Galega
Patrinos, H. A., E. Velez, & Psacharopoulos (1994). Language, education, and earnings in Asunción, Paraguay. The Journal of Developing Areas 29, 57–68.
Pendakur, K., & Pendakur, R. (1998). The colour of money: earnings differentials among ethnic groups in Canada. Canadian Journal of Economics, 518-548.
Rebekić, A., Lončarić, Z., Petrović, S., & Marić, S. (2015). Pearson's or Spearman's correlation coefficient-which one to use?. Poljoprivreda, 21(2), 47-54.
Rendon, S. (2007). The Catalan premium: language and employment in Catalonia. Journal of Population Economics, 20(3), 669-686.
Rodríguez, J. P., Villadóniga, M. J. P., & Fernández, S. S. (2018). El consumo cultural: ¿cuestión de gusto o de precio? Fundación La Caixa.
Saiz, A. & E. Zoido (2005). Listening to what the world says: Bilingualism and earnings in the United States. The Review of Economics and Statistics 87, 523–538.
Sapelli, C. (2003). Ecuaciones de Mincer y las tasas de retorno a la educación en Chile: 1990-1998. Documento de Trabajo 254. Instituto de Economía, Pontificia Universidad Católica de Chile.
Sapelli, C. (2009). Los retornos a la educación en Chile: Estimaciones por corte transversal y por cohortes. Documento de trabajo 349. Instituto de Economía, Pontificia Universidad Católica de Chile.
Shapiro, D. M., & Stelcner, M. (1982). Earnings differentials among linguistic groups in Quebec. Industrial Relations: A Journal of Economy and Society, 21(3), 365-375.
Siadeco, S.I. (2015). Valor e impacto económico do euskera. Siadeco.
UNESCO. (2001). Informe mundial sobre la cultura 2000-2001: diversidad cultural, conflicto y pluralismo. UNESCO
UNESCO. (2009). Marco de estadísticas culturales. UNESCO
UNESCO. (2010). Declaración Universal de la UNESCO sobre la diversidad cultural. UNESCO
Villadóniga, M. J. P., & Fernández, S. S. (2019). Education, income and cultural participation across Europe. Cuadernos económicos de ICE, (98), 89-103.
Wen, W. J., & Cheng, T. C. (2013). Performing arts attendance in Taiwan: who and how often?. Journal of Cultural Economics, 37(2), 309-325.
Williams, D. R. (2006). The economic returns to multiple language usage in Western Europe. IRISS Working Paper.
Williams, D. R. (2007). Effects of Multiple Language Usage in Western Europe. Population & Emploi 25.
Williams, R. (2006). Generalized ordered logit/partial proportional odds models for ordinal dependent variables. The Stata Journal, 6 (1), 58 – 82.
Wooldridge, J.M. (1995) Selection corrections for panel data models under conditional mean independence assumptions. Journal of Econometrics 68, 115-132.
Wooldridge, J.M. (2002) Econometric Analysis of Cross Section and Panel Data. MIT Press.
Xiao, C., Ye, J., Esteves, R. M., & Rong, C. (2016). Using Spearman's correlation coefficients for exploratory data analysis on big dataset. Concurrency and Computation: Practice and Experience, 28 (14), 3866-3878.